



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

IGUALDADE

A CAMPAÑA #PrimAcoso:

***Os relatos das primeiras experiencias de violencia nas vidas das
mulleres***

Autoras:

María Lameiras Fernández

Yolanda Rodríguez Castro

María Victoria Carrera Fernández

INDICE

Presentación	5
I. APROXIMACIÓN CONCEPTUAL: AS MÚLTIPLES VIOLENCIAS QUE SOFREN AS NENAS E MULLERES NAS SOCIEDADES PATRIARCAIS	9
1.1 O sistema patriarcal: os estereotipos de xénero e as actitudes sexistas	9
1.1.1. Estereotipos de xénero: a muller obxectivizada	10
1.1.2. As actitudes sexistas: a discriminación das mulleres na orde patriarcal	17
1.2. As múltiples violencias contra nenas e mulleres	19
1.2.1 As múltiples violencias contra as nenas	21
1.2.2. As múltiples violencias contra mulleres.....	29
II. METODOLOXÍA.....	40
III. ANÁLISE DOS RESULTADOS	50
3.1. AS MÚLTIPLES VIOLENCIAS CONTRA MENORES.....	51
3.1.1 Abusos e agresións sexuais contra menores.....	51
3.1.2 <i>Bullying</i>	86
3.1.3. Violencia nas relacións de parellas adolescentes	94
3.2. AS MÚLTIPLES VIOLENCIAS CARA ÁS MULLERES	96
3.2.1. Acoso sexual	96
3.2.2. Acoso por razón de sexo	108
3.2.3. Agresión sexual.....	111
3.2.4. Violencia nas relacións de parella.....	112
3.3. ACOLLIDA ANTE A CAMPAÑA DO #PRIMACOSO	113
3.3.1. Acollida da campaña por parte das mulleres.....	113
3.3.2. Acollida da campaña por parte dos homes.....	124
IV. CONCLUSIÓNS	136
4.1. As múltiples violencias cara ás nenas.....	136

4.2. As múltiples violencias cara ás mulleres	142
4.3. Acollida da campaña <i>#PrimAcoso</i>	145
4.4. Cuestións para a reflexión.....	146
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	149

Presentación

A violencia machista nas sociedades patriarcais impacta a vida das mulleres de xeito transversal e lonxitudinal, polo que máis que falar de experiencias de violencia como feitos illados é máis acaecido falar dun continuo de múltiples violencias, e de forma específica na dimensión sexual (Kelly, 1988; Hayes e Dragiewica, 2018), que están a sufrir as mulleres ao longo das súas vidas, e que se expresan a través de diferentes facianas e intensidades.

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional Contra a Violencia Machista, o Concello de Pontevedra impulsa no ano 2016 a campaña #PrimAcoso, coa finalidade de facer visible a base desta pirámide de violencia que están sufrindo as mulleres. Utilizando por primeira vez como fonte para a recollida de testemuñas as redes sociais Twitter e Facebook, as mulleres foron convidadas a través do *hashtag* #PrimAcoso a denunciar publicamente a primeira experiencia de acoso ou violencia sexual vividas. Durante case tres semanas, no mes de novembro do ano 2016, preto de 3000 publicacións en Twitter e outras 1000 mensaxes en Facebook recolleron os relatos en primeira persoa das violencias que forman a base da pirámide das múltiples violencias ás que se ven sometidas as mulleres. Coa finalidade de “tentar abrir esa fenda escura na que moitas veces están agochadas as violencias contra as mulleres e sobre todo as violencias sexuais”, xustifícase para a Concelleira Carme Fouces o decidido impulso que se lle deu a este proxecto dende a Concellería de Igualdade do Concello de Pontevedra.

O documento que aquí se presenta recolle a análise de todas as experiencias de violencia compartidas en Twitter e Facebook polas mulleres, así como a valoración desta campaña por parte dos homes que tamén participaron compartindo *tweets* e mensaxes de Facebook durante o tempo no que a campaña estivo activa. O traballo desenvolvido a partir de toda a información recollida organízase en tres grandes bloques. Iníciase coa aproximación teórica, que refire como nas sociedades patriarcais as mulleres son definidas dende a feminidade/dependencia e os roles maternais/ámbito privado, mentres que os homes se vinculan coa masculinidade/asertividade e os roles produtivos/ámbito público. Esta asimetría de características e roles propicia un desequilibrio de poder nas relacións entre homes e mulleres que estaría na base da violencia nas relacións de parella e así en todas as facianas nas que esta se expresa. De xeito que só tras o exame das estruturas patriarcais poderemos incrementar a nosa

comprensión da violencia exercida contra as mulleres, e situar as experiencias de violencias sufridas polas mulleres nun continuo que se estende ao longo das súas vidas e que as mulleres experimentan xa dende moi cativas. Artéllase, así, para elas unha realidade na que a violencia estrutural das institucións que gobernan as sociedades patriarcais e a violencia simbólica que “naturaliza” a orde patriarcal sexista representan o caldo de cultivo no que toman forma as múltiples violencias que sofren as mulleres: dende os abusos sexuais ás nenas á violencia sexual en forma de acoso, abusos e agresións sexuais ás mulleres e a violencia nas relacións de parella exercida polas parellas ou ex-parellas. Esta violencia machista, que funde as súas raíces na segregación e discriminación das mulleres nas sociedades patriarcais relegadas á posición de “segundo sexo”, artículase a través dos estereotipos de xénero que, de forma interesada e conveniente para o patriarcado, describen as características normativas para mulleres e homes, a partir dos que se prescriben os roles ou condutas que colocan as mulleres nun espazo inferior e inxusto. Un modelo que se inicia nas diferenzas coas que son socializadas na familia e na escola e que se perpetúa coa impactante mensaxe a través dos medios de comunicación e as novas tecnoloxías como Internet e as redes sociais, en que os valores persoais das mulleres son minimizados ao mesmo tempo que os valores estéticos son maximizados; o que permite que estas sexan cada vez máis sexualizadas para convertelas en “obxectos” ao servizo do pracer masculino. En torno a este eixo fundamental é necesario incardinar a análise das múltiples violencias que sofren as mulleres ao longo da súa vida, de xeito que o uso/abuso dos seus corpos representa, por tanto, o nó gordiano de toda a violencia de xénero.

A análise da información recollida, aplicando unha metodoloxía cualitativa que permite organizar en diferentes categorías e niveis os relatos das primeiras experiencias de acoso compartidas polas mulleres que participan na campaña, representa o segundo bloque deste documento, o máis extenso. Aquí as experiencias de violencia relatadas son organizadas seguindo un continuo temporal que se inicia coas primeiras experiencias de abusos e agresións sexuais vividas cando eran nenas e as experiencias de *bullying* e violencia nas primeiras citas, para pasar ás experiencias de acoso sexual e por razón de sexo, e os abusos e agresións vividos na etapa adulta; así como as experiencias de violencia nas relacións de parella sufridas dentro do espazo das relacións románticas. A análise complétase coas valoracións de homes e mulleres da propia campaña.

Finalmente incorpóranse as conclusións e reflexións derivadas dos resultados do estudo que nutren de contido as propostas —coas que se pecha este documento—, que deben impulsar as políticas públicas destinadas á erradicación de todas as formas e facianas nas que se expresa a violencia contra as mulleres, de xeito específico a violencia sexual. Unha tarefa coa que as institucións públicas están obrigadas a comprometerse.

I. APROXIMACIÓN CONCEPTUAL: AS MÚLTIPLES VIOLENCIAS QUE SOFREN AS NENAS E MULLERES NAS SOCIEDADES PATRIARCAIS

1.1 O sistema patriarcal: os estereotipos de xénero e as actitudes sexistas

A ideoloxía patriarcal é a encargada de perpetuar a “orde” social, recorrendo a dúas compoñentes básicas: unha estrutura social, que é o sistema de organización social que crea e mantén unha situación na que os homes teñen máis poder e privilexios que as mulleres; e unha ideoloxía ou conxunto de crenzas acompañantes, que lexitima e mantén esta situación (Ferrer e Bosch, 2006). A estrutura social posibilitada polo patriarcado impón o encadramento de todas as persoas nun modelo de dous sexos/dous xéneros/heterosexuais, o modelo da parella-familia heterosexual, que deixa fóra unha ampla diversidade de identidades que subverten e transgreden este modelo hexemónico. Pola súa parte, a ideoloxía patriarcal fai referencia ao control estrutural dos homes sobre as institucións políticas, legais, económicas e relixiosas e sobre as mulleres. De acordo con Jhonson (1995), as consecuencias das tradicións patriarcais de considerar o control dos homes sobre as mulleres “lexítimo” dá lugar ao que chama “terrorismo patriarcal”, que implica o uso sistemático da violencia e da subordinación económica, e outros mecanismos de control.

Ata o século XIX as mulleres nas sociedades patriarcais eran consideradas a versión “inversa” e “involucionada” dos homes, e tales diferenzas xustificaban a existencia de diferenzas de personalidade e aptitudes, e así se xustificaban as diferenzas de trato e consideración. Os descubrimentos que ao longo do século XIX mostraban as similitudes e equivalencias anatómicas entre homes e mulleres propiciaron a mudanza de criterio, xa que non se podía seguir defendendo que as mulleres era unha versión “involucionada” dos homes e, polo tanto, que as diferenzas de trato podían seguir sendo xustificadas polas diferenzas biolóxicas “visibles”. Pero as evidencias que a ciencia estaba achegando contra a consideración da bioloxía das mulleres como seres inferiores non mudou a súa discriminación como sería o debido, unha vez que se desvanece o argumento no que se tiña asentado (Lameiras, Carrera e Rodríguez, 2013). Así, para seguir mantendo o *status quo* das sociedades patriarcais que relegaba as mulleres a un lugar secundario fronte aos homes, mudouse o lugar onde situar as “evidencias” que o sustentaban. Dos elementos “macroscópicos” o péndulo desprazouse aos elementos “microscópicos” como *locus* no que situar as diferenzas biolóxicas entre mulleres e

homes, e seguir mantendo as diferenzas de status (Laqueur, 1994). Recorreuse á fisioloxía celular para “xustificar” que as mulleres eran por “natureza” máis pasivas, conservadoras e preguiceiras que os homes, que por mor da “natureza” eran máis activos, enerxéticos e entusiastas. E iso era así porque os homes estaban “constituídos” por células catabólicas —células que consomen enerxía— mentres que as células das mulleres eran anabólicas —células que almacenan e conservan enerxía— (Laqueur, 1994). E aínda que este argumento non foi demostrado, e menos aínda a relación entre os tipos de células e as características psicosociais atribuídas a cada xénero, o feito é que foi invocado para xustificar os respectivos trazos descritivos/características e prescritivos/roles que a cultura tiña *previamente* asignados para homes e mulleres. Este proceder, que non pasaría nin o máis laxo filtro científico, foi imposto por unha sociedade interesada en perpetuar a orde patriarcal que se mantivo con base na subordinación e discriminación das mulleres.

1.1.1. Estereotipos de xénero: a muller obxectivizada

O sistema patriarcal é, por tanto, un sistema social asentado na suposición de que os homes e mulleres son as únicas opcións posibles e, en consecuencia, excluíntes que veñen definidas segundo Nuñez (2003) por cinco categorías que teñen que ser asumidas na súa totalidade: carácter cerrado, excluínte, non elixible, permanente e inmanente. De modo que a cultura patriarcal usa as diferenzas biolóxicas (físicas) para construír dúas únicas caixas contrapostas (home/muller) como base para facer distincións sociais que supoñen a asignación de valores, calidades, normas e condutas en función dos “corpos”, dándolle con iso “identidade” á realidade do xénero.

Podemos definir o *estereotipo* como un conxunto de crenzas e estruturas que conteñen o coñecemento e as ideas sobre os distintos grupos sociais. Os estereotipos de xénero representan un conxunto de crenzas compartidas dentro dunha cultura sobre os atributos ou características asumidas para mulleres e homes, que se manteñen con maior forza e confianza incluso que os estereotipos étnicos (Jackman, 1994).

Os estereotipos de xénero organízanse a través dunha dobre dimensión: os estereotipos *descritivos* e os *prescritivos* (Lameiras, Carrera e Rodriguez, 2013). Os estereotipos de xénero “descritivos” determinan como “deben ser” os homes e as mulleres con relación ás características intelectuais e de personalidade, así como con relación á aparencia física (estereotipos descritivos corporais); mentres que os

estereotipos de xénero “prescritivos”, despregados dende os anteriores, establecen as condutas ou roles que “deben levar a cabo” homes e mulleres (condutas).




Figura 1. Tipoloxía dos estereotipos de xénero: descritivos e prescritivos.

a) Estereotipos descritivos

En función dos estereotipos “descritivos” especifícanse *as características intelectuais* e *os trazos de personalidade*, así como a *aparencia física* dos homes e mulleres. Con relación a aspectos intelectuais aos homes “correspóndelles” a ciencia, a razón e a lóxica, e son descritos a través da independencia, a asertividade e a dominación; e ás mulleres atribúeselles a estética, a sensibilidade e a intuición, e son descritas dende a dependencia, a sensibilidade e o afecto. En definitiva, a través destes trazos enfrontase a maior asertividade, actividade, competitividade e agresividade que se ten considerado prototípica dos homes, fronte á maior emocionalidade, tenrura, pasividade, ansiedade e sociabilidade, coas que se ten caracterizado tradicionalmente as mulleres. Os aspectos intelectuais e os trazos de personalidade en función do sexo biolóxico contribúen a configurar identidades femininas e masculinas, de xeito que fronte ao “eu” autónomo e independente do home apoiado nas bases da lóxica e da

razón, a muller identifícase con un “eu en relación” que se centra na sensibilidade e a intuición. A muller socializada baixo o imperativo categórico será nai e a súa preocupación serán as relacións, o que Gilligan define como “ética do coidado” (1985).

Esta dicotomía que describe os homes dende a *instrumentalidade*-autonomía e as mulleres dende a *expresividade*-dependencia, tense materializado nos conceptos opostos de masculino-*agentic* fronte ao feminino-*communal* (Eagly, 1995). Deste xeito, os estereotipos descritivos relativos ás características intelectuais e de personalidade poden sintetizarse nos trazos instrumentalidade/expresividade, e están fortemente interconectados cos estereotipos corporais.

Dende os estereotipos corporais os homes descríbense como atléticos, dinámicos, fortes e vigorosos; e as mulleres descríbense como delgadas, estáticas, débiles e fráxiles (Calado e Lameiras, 2014). De xeito que se reforza o “corpo obxecto” das mulleres que son descritas como fráxiles e pasivas, normativamente descontentas co seu corpo, fronte ao “corpo suxeito” dos homes que se expresa na acción e dominación dos outros. Así, para as mulleres o corpo ideal en alza está representado por “corpos tubulares”, esveltos e extremadamente delgados, potenciándose a perda de peso. Para os homes o corpo ideal é un corpo musculoso, que se cultiva a través do exercicio físico. De modo que, fronte á imaxe “débil” e “fráxil” da delgadeza feminina, se está a afianzar a imaxe “forte” e “vigorosa” do corpo masculino.

Nenas e mulleres viven literalmente rodeadas e asediadas por mensaxes que salientan o valor dos seus corpos e/ou partes dos seus corpos, nun contexto saturado de oportunidades para a obxectivación (Fredrickson e Roberts, 1997). Estas mensaxes son ubicuas e inevitables, porque "todas as mulleres viven a obxectivación sexual, coma os peixes viven na auga" (MacKinnon (1989, p. 149) e "todas as mulleres están recibindo mensaxes de obxectivación sexual en virtude de ter un corpo de muller" (Watson, Marszalek, Dispenza e Davids, 2015, p. 93). Deste xeito, as mulleres viven literalmente "asediadas" por mensaxes (visuais e verbais) que prioricen o valor do seu corpo ou das súas partes. Nesta "sexualización" das mulleres, transformando o seu corpo en "obxecto", estas son transformadas nos seus principais avaliadores, o que implica que as mulleres se poñen na perspectiva do observador ou dunha terceira persoa. A través destas experiencias de auto-obxectivación as mulleres convértense nas principais controladoras dos seus propios corpos, fonte de recorrente insatisfacción. A xeneralización da insatisfacción corporal das mulleres permítenos acuñar o termo "descontento normativo" (Orbach, 1978), porque para elas a insatisfacción co seu corpo

é máis a regra que a excepción, o que segue confirmándose máis de tres décadas despois (Fallon et al., 2014). Mulleres que mostran niveis de vixilancia do seu corpo e maiores niveis de ansiedade sobre o seu aspecto, co establecemento dunha perigosa asociación entre o corpo e a autoestima e coas consecuencias prexudiciais e perigosas para a súa saúde e o seu benestar (Calogero, 2013).

O movemento feminista da segunda onda na década dos anos 60 do pasado século visibiliza e denuncia este papel atribuído ás mulleres como meros obxectos sexuais. Betty Friedan (1963), no seu libro *La mística de la feminidad*, Kate Millett (1969) no seu libro *Política sexual*, e Germaine Greer (1971) no seu libro *La mujer eunuco*, destacan e denuncian a imaxe da muller como obxecto sexual ao servizo do pracer dos homes, relegada a un mero eunuco sexual. Deste xeito, mantense a imaxe das mulleres como obxectos sexuais, que quedan así desconectadas da súa corporalidade global e, por tanto, do que pensan, senten ou desexan, abocadas a un recorrente malestar.

A hipersexualización da imaxe da muller está capitalizando o discurso mediático e a identidade da muller “moderna” (Mager e Helgeson, 2011). A obxectivización non só non se frea senón que se está a expandir a través dunha realidade hipersexualizada que, sen deixar atrás a imaxe de fragilidade e de dependencia da conceptualización máis tradicional das mulleres, incorpora unha imaxe de feminidade “moderna” saturada pola súa dimensión sexual (Lameiras, Carrera e Rodriguez, 2015). Para explicar esta hipersexualización é necesario recorrer, por unha banda, ao contexto que crea o capitalismo neoliberal dominado polo consumismo, que fai do culto ao corpo o primeiro mandamento da hipermodernidade; na que tamén os homes quedan atrapados, aínda que en menor medida que as mulleres. E, por outra banda, o contexto social que ten permitido a pornificación ou sexualización da cultura (Attwood, 2009), que vincula as imaxes sexualizadas coa idea de mulleres empoderadas e exitosas dotadas dun enorme “capital erótico” que deben aproveitar para o seu beneficio (Hakin, 2011). E esta imaxe de muller hipersexualizada *versus* empoderada ten sido elevada polo posfeminismo americano ou feminismo da “elección”, que considera que as mulleres están a vivir hoxe en día liberadas das desigualdades asociadas ao xénero nun mundo cheo de oportunidades e posibilidades previamente negadas (Thompson e Donaghue, 2014, p. 25). Pero esta imaxe que están a proxectar da feminidade en realidade correspóndese coa imaxe demandada polo capitalismo neoliberal para as mulleres “modernas”. Así colócase moi convenientemente sobre as mulleres a responsabilidade da eleccións que

fan, liberando a sociedade e as súas institucións da súa responsabilidade na discriminación das mulleres. Esta estratexia inactiva toda crítica das mulleres contra o sistema, no que se alían ao capitalismo neoliberal e ao patriarcado e que, así, perpetúa a discriminación sen resistencia.




Figura 2. O dobre estándar corporal en función do xénero

b) Estereotipos prescritivos

Conxuntamente aos estereotipos de xénero descritivos, relativos tanto aos trazos intelectuais de personalidade como aos corpos, que impoñen as características que deben posuír homes e mulleres, hai que destacar outro tipo de estereotipos, que teñen a súa orixe nos anteriores: os estereotipos prescritivos.

A revolución industrial no século XIX impón unha realidade social, paralela á realidade económica que emerxe, na que se contrapón o mundo público, identificado coa produción, co mundo privado, identificado coa reprodución. Esta estruturación da

realidade organizase a través dunha distribución asimétrica dos espazos e labores para as mulleres (reproducción/mundo privado) e para os homes (producción/mundo público). O que aboca as mulleres a absoluta dependencia dos homes, a través da dependencia económica. A partir deste momento a familia extensa, vital para o mantemento das sociedades preindustriais, deixa paso ao que coñecemos como familia “nuclear”, na que só hai espazo para os esposos e os seus descendentes directos. Este novo “espazo” ábrese cara aos procesos de individuación do home, que pode construírse a expensas da relegación das mulleres, e a individualidade queda invisibilizada detrás da dos seus maridos, pais, irmáns ou fillos.

Así, os estereotipos “prescritivos” condicionan o tipo de actividades e distribución das ocupacións para cada xénero e implica recoñecer que a existencia de roles ou papeis diferenciados é a consecuencia “natural” de asumir a existencia de características (aspectos intelectuais, trazos de personalidade e aparencia física) diferentes. Deste xeito, considérase que os homes posúen os trazos “necesarios” para ostentar o poder e gobernar as institucións socio-económicas e políticas, xustificando así o poder estrutural masculino, e relegando a muller ao ámbito familiar e doméstico. Esta división nas sociedades patriarcais do espazo público e privado como ámbitos separados para ambos os xéneros, dá lugar á usurpación dos homes do espazo público ou político (produtivo), relegando as mulleres ao espazo privado ou doméstico (reprodutivo).

Pero os cambios sociais acontecidos nas sociedades occidentais nas ultimas décadas fan insostible o mantemento dunha asimetría tan rixida (home-poder-mundo público *versus* muller-submisión-mundo privado). Así, o acceso á educación e a incorporación da muller ao espazo do traballo remunerado fóra do fogar ten imposto a necesidade de considerar este un espazo compartido aínda que non plenamente igualitario.

As mulleres representan o 58 % dos estudantes nas universidades, o 59.5 % dos estudantes de grao no curso 2016-2017, e ademais son elas nun 56.5 % as que acaparan os mellores expedientes académicos (Instituto da muller, 2018). Aínda que esta masiva presenza das mulleres nos niveis educativos máis altos e os seus bos resultados académicos non se corresponden coas súas condicións laborais, sendo elas as que representan a menor taxa de actividade 53.24 % fronte a 64.73 % dos homes en 2017 (Instituto da Muller, 2018). As mulleres acumulan, ademais, a maior taxa de paro —o 19.03 % fronte ao 15.66 % dos homes en 2017 (Instituto da muller, 2018)— e nelas a

relación entre menor nivel de estudos e taxa de paro é máis marcada, resultando que só no nivel de educación superior as taxas están equiparadas entre homes e mulleres. Por último, a brecha salarial —diferenza porcentual entre os salarios brutos de homes e mulleres— alcanza o 15 % en España cunha media de 16 % en Europa, o que supón que por cada euro que cobra un home a muller cobra 85 céntimos polo mesmo traballo (Eurostat, 2018). Para alertar e contribuír á erradicación destas asimetrías dende a Comisión Europea declarouse o 22 de febreiro como Día Internacional da Igualdade Salarial entre Homes e Mulleres, salientando, ademais, que as mulleres terían que traballar ata o 22 de febreiro para percibir o mesmo salario que un home durante un ano natural.

Por outro lado, a “resistencia” á igualdade real entre homes e mulleres constátase tamén no ámbito privado, xa que a entrada da muller no espazo público non se ten correspondido co tránsito dos homes ao espazo doméstico. Así, a transición cara a unha realidade máis equilibrada entre xéneros tense dado coa entrada das mulleres no mundo público a forza de reter as súas “obrigas” no mundo privado. E aínda que hai unha pequena evolución, seguen sendo as mulleres, mesmo cando traballan fóra de casa, as que asumen as tarefas domésticas en maior medida que as súas parellas que dispoñen de máis tempo de ocio (OCDE, 2018). Así parece que a maneira de compensar o esforzo e dedicación que require a incorporación da muller ao ámbito laboral prodúcese non compartindo as súas cargas intrafamiliares coas súas parellas senón diminuíndoas. En primeiro lugar, demorando o nacemento dos fillos/fillas e, en segundo lugar, reducindo o número destes. Neste sentido en España a media de idade das mulleres no nacemento do primeiro fillo está en 32 anos, 32.60 en Galiza, incrementándose significativamente nas últimas décadas. Ademais, España, xunto con Italia, acapara os índices de natalidade máis baixos do mundo, cunha media de 1,34 (Instituto da Muller, 2018), e é precisamente España un dos países nos que a diminución desta porcentaxe foi máis drástica, xa que, xunto con Irlanda, aglutinaba o maior índice de natalidade hai catro décadas (Cantalapiedra e Panizo, 2002).

1.1.2. As actitudes sexistas: a discriminación das mulleres na orde patriarcal

Se entendemos o sexismo exclusivamente coma unha actitude negativa cara ás mulleres (sexismo *overt*) é difícil manter a súa existencia nas sociedades máis desenvolvidas. As manifestacións sexistas nas sociedades occidentais estanse recanalizando cara a novas formas máis encubertas e sutís de expresión, que se seguen caracterizando por un tratamento desigual e prexudicial cara ás mulleres (sexismo *covert*) e con iso máis perniciosas para os obxectivos de igualdade.

A comprensión da nova cara do sexismo, identificado como sexismo moderno (Swim et al., 1995) ou neosexismo (Tougas et al., 1995), aínda que está en contra da discriminación aberta contra as mulleres, considera que estas xa teñen alcanzado a igualdade e que non se necesita ningunha medida política de protección, impedindo con isto a igualdade real. Na conceptualización deste sexismo “moderno” prímase a dimensión social (público-laboral) e con isto a consideración de homes e mulleres como grupos homoxéneos en conflito. O que implica considerar que a superación do sexismo virá dada pola superación da asimetría social entre homes e mulleres, é dicir, a igualdade obxectivada e real no ámbito público, que supón superar as barreiras que frean o avance das mulleres.

Con todo, as relacións entre as mulleres e os homes atópanse necesariamente connotadas tamén por relacións de *dependencia*. Precisamente a complexa trama de relacións de dependencia e independencia fai das relacións entre mulleres e homes unha realidade diferente e singular, con elementos non compatibles cos presentes no resto das relaciones intergrupais (Tajfel, 1981). Por tanto, para maximizar a comprensión do sexismo moderno ten que recoñecerse esta singularidade relacional. Isto supón asumir que as actitudes cara aos xéneros serán o resultado destas forzas diverxentes de independencia e autonomía no contexto social (público-laboral) coas forzas converxentes de dependencia e heteronomía no ámbito relacional (afectivo-sexual). Este recoñecemento ten propiciado o desenvolvemento da máis recente teoría sobre o sexismo moderno: a teoría do sexismo ambivalente.

A teoría do *sexismo ambivalente* de Glick e Fiske (1996) é a primeira que recoñece a necesidade de situar na comprensión do novo sexismo a *dimensión relacional*. Sexismo que se operativiza coa presenza dos elementos con cargas afectivas antagónicas: positivas e negativas (Glick e Fiske, 1996; 2000; 2001). Dando lugar a

dous tipos de sexismo vinculados: *sexismo hostil* e *sexismo benevolente*. O *sexismo hostil* (SH) é unha ideoloxía que caracteriza as mulleres como un grupo subordinado e inferior, e lexítima o control social que exercen os homes. Pola súa parte, o *sexismo benevolente* (SB) baséase nunha ideoloxía tradicional que idealiza as mulleres como esposas, nais e obxectos románticos (Glick et al., 1997). É sexista tamén en canto que presupón a inferioridade das mulleres, xa que este sexismo reconece e reforza o patriarcado, pois considera que as mulleres necesitan un home para que as coide e protexa. Á súa vez utiliza un ton subxectivamente positivo con determinadas mulleres, as que asumen roles tradicionais, como criaturas puras e marabillosas e para que un home estea completo necesita o seu amor.

Esta complexa armazón de forzas de independencia-dependencia e autonomía-heteronomía entre homes e mulleres, configura o actual panorama de discriminación sexista, que continúa perpetuando a xerarquización entre xéneros, elevando a superioridade masculina e a subordinación do feminino; e colocando no espazo privado das relacións a última e definitiva batalla pola igualdade.

En definitiva, a construción social do xénero e as actitudes sexistas que se derivan constitúe o pilar fundamental para explicar as complexas relacións interpersoais de dominación-submisión entre homes e mulleres, e consecuentemente os fenómenos de violencia contra elas. A través deste sólido discurso de xénero, a “natural” diferenza non vén senón a significar unha deliberada —interesada— e “construída” desigualdade, unha xerarquización que ten relegado, primeiro a través de maneiras explícitas e hostís (sexismo hostil), e posteriormente a través dunha maxistral sutileza (sexismo benevolente), a metade da especie humana a unha posición de subordinación o subalternidade, que aínda non foi superada.




Figura 3. Teoría do sexismo ambivalente: sexismo hostil e sexismo benevolente (Glick e Fiske, 1996).

1.2. As múltiples violencias contra nenas e mulleres

O arraigamento social e cultural da violencia contra as nenas e mulleres, nas sociedades patriarcais que propician un contexto misóxino que promove a visión hostil e humillante das mulleres, presenta o paradoxo da vontade xurídica e ética das sociedades occidentais de erradicar a violencia contra as mulleres ao mesmo tempo que se manteñen e perpetúan os estereotipos de xénero e as actitudes sexistas e violentas contra as mulleres.

A Constitución española de 1978 ampara o dereito á igualdade, así, no artigo 15, ratifica o dereito de todos os cidadáns á vida e á integridade física e moral sen que en ningún caso se poida someter a torturas nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Pero será a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a violencia de Xénero, a que regule de forma específica as actuacións para intervir e combater a violencia de xénero. A Lei de Igualdade de 2007 catapulta os principios de Igualdade entre homes e mulleres e érguese como garante da liberdade e oportunidades para as mulleres. No ámbito galego, a Lei 2/2004, do 16 de xullo, para a igualdade da muller e do home, e a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade

de mulleres e homes de Galicia, apuntalan sobre o papel os principios de Igualdade de dereitos e oportunidades na nosa comunidade.

Esta vontade xurídica contra a violencia que sofren as nenas e mulleres materialízase na regulación do ordenamento xurídico no Título VIII do Código Penal aprobado por Lei Orgánica 11/1999, de 30 de abril, co nome “delitos contra a liberdade e indemnidade sexual”. Esta Lei encárgase de protexer dous bens xurídicos ben delimitados: 1) liberdade sexual e 2) “indemnidade sexual”. No primeiro recoñécese o dereito das persoas a decidir en que condicións ou circunstancias e con que persoas realizar actos de natureza sexual. Mentres que co segundo se pretende a protección dos menores de idade ou discapacitados intelectuais no caso de que poidan participar de modo activo ou pasivo en actividades de natureza sexual. O Código Penal recolle cinco grandes grupos de condutas punibles na órbita dos delitos sexuais: 1.- agresións sexuais, 2.- abusos sexuais, 3.- acoso sexual, 4.- exhibicionismo e 5.- prostitución e corrupción de menores. Coa reforma de 2003 modifícanse amplamente os artigos 182 e 183, equiparando a introdución de membros corporais á introdución de obxectos na vaxina, ano ou boca. Na modificación de 2010 incorpórase a maior punibilidade, posto que se engade o delito de ciberacoso.. Na última reforma de 2015 elévase a idade de consentimento para as relacións sexuais ata os 16 anos, en sintonía co que acontece en Europa.

Os delitos recollidos no Título VIII do Código Penal con relación aos abusos e agresións sexuais están pendentes dunha nova modificación dos tipos penais impulsada polo Pacto de Estado asinado por todos os grupos parlamentarios contra a violencia de xénero en xullo de 2017, que a sentenza do denominado “caso de la *manada*” está activando. Ademais a ratificación de España do Convenio de Estambul (Consello de Europa, 2011) o 6 de xuño de 2014, no que a violencia contra as mulleres inclúe todos os actos de violencia física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar os citados actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto na vida pública como privada, está a forzar a reforma da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a violencia de Xénero, na que a violencia de xénero se identifica exclusivamente coa violencia cometida pola parella ou a ex-parella, para que poidan ser incluídos todos os casos de violencia contra as mulleres máis alá da violencia doméstica tal e como ampara o Convenio de Estambul.

1.2.1 As múltiples violencias contra as nenas

1.2.1.1. Abusos e agresións sexuais

A reforma do Código Penal de 2010 incorpora no artigo 183 do título XIII a definición do tipo penal de abusos e agresións sexuais a menores de 16 anos, tal e como temos referido. De xeito que:

O que realizará actos de carácter sexual cun menor de dezaseis anos será castigado como responsable de abuso sexual a un menor...cando os feitos foran cometidos empregando a violencia e a intimidación, o responsable será castigado por o delito de agresión sexual a un menor.

A pesar da extensión, alcance e gravidade do problema dos abusos e agresións contra un menor, non será ata os últimos anos do século XIX cando se propicie a primeira visibilización por Sigmund Freud, quen aborda por primeira vez a existencia de abusos sexuais, especialmente entre as nenas, na meirande parte dos casos cometidos polos seus propios pais. As evidencias destes feitos recólleas Freud das súas pacientes, dando forma á *teoría da sedución* en 1896, que chegou ser considerada como as “Fontes do Nilo” da neuropsicopatoloxía, e sopesabaa causa da *Histeria* —patoloxía coa que eran diagnosticadas a meirande parte das súas pacientes—.

A alarma social e rexeitamento que provocaron os postulados de Freud, ao cuestionar a figura do pai, desembocou na retractación, que apenas dous anos despois fixo en favor da *hipótese da fabulación*. Freud acabaría admitindo que as experiencias de abusos sexuais durante a infancia —relatadas polos seus pacientes— eran o resultado da fabulación e por tanto non ocorreran en “realidade”. En función desta hipótese Freud argumenta, amparado no “complexo de Edipo” nos nenos e no “complexo de Electra” nas nenas, que durante os seus primeiros anos de infancia todos/as eles/elas experimentarán desexos sexuais especialmente orientados cara ao proxenitor do sexo oposto. Desexos que, de non ser consumados, propiciarían falsos recordos de experiencias sexuais non consumadas. Permitindo, así, afianzar falsas crenzas que teñen contribuído á invisibilización destes feitos (Díaz e Ruiz, 2005). En primeiro lugar, que os menores están interesados/as en manter actividades sexuais con adultos, o que provocou que foran responsabilizados nalgunha medida das propias experiencias de abusos e/ou agresións sexuais vividas; e, en segundo lugar, a falsa crenza de que os

menores non din a verdade cando revelan as experiencias de violencia sexual sufridas, o que favorece á desconfianza e incredulidade sobre as súas revelacións.

Dende estes feitos, a realidade dos abusos e agresións sexuais contra menores sumiuse nunha invisibilización á que tamén contribuíron, a mediados do século XX, as conclusións do difundido traballo de Kinsey, Pomeroy, Martín e Gebhart (1953). Nel, a pesar de constatar que o 24 % das mulleres norteamericanas entrevistadas relataron experiencias de abusos sexuais durante a súa infancia, infravalórase a importancia dada a estes datos, argumentando que era difícil comprender, salvo polas condicións culturais, que unha menor poida ter sufrido algún dano polas experiencias de contacto sexual durante a súa infancia.

A declaración do 20 de novembro de 1959 dos Dereitos dos nenos e nenas impulsada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, promove un novo escenario para a protección e coidado dos e das menores que culmina coa Convención sobre os Dereitos dos Nenos e Nenas do 20 de novembro de 1989. Principios que se desenvolven en sintonía coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos do 10 de decembro de 1948.

Xunto a todos estes cambios, as transformacións políticas e sociais que propiciaron a segunda onda feminista e a revolución sexual do 68, achegan as condicións necesarias para a facer visibles os abusos sexuais a menores como un problema ao que hai que dar unha resposta contundente. A partir deste momento, a ciencia concéntrase en cuantificar o seu alcance (incidencia/prevalencia) e nas necesidades de atención e tratamento das vítimas recentes e superviventes adultas, centrándose tamén na abordaxe da personalidade do agresor e no seu tratamento.

Durante a década dos 80, e ao longo da década dos 90, actívase a preocupación pola prevención e prolifera a posta en funcionamento de programas específicos no ámbito escolar, especialmente en Estados Unidos. Os datos recollidos evidencian a magnitude do problema a nivel internacional, sendo o estudo de Finkelhor (1994), no que se leva a cabo por primeira vez a revisión internacional do problema, o que marcará un punto de inflexión no recoñecemento da extensión e gravidade dos abusos/agresións sexuais cometidas contra menores. As denuncias masivas de vítimas adultas coa entrada no novo milenio teñen escandalizado á sociedade pola súa extensión e pola inhibición e impunidade con que foron cometidos os abusos; sendo amparadas e silenciadas polos responsables das institucións nas que estes abusos se cometían —na súa maioría institucións educativas e/ou relixiosas— deixando os menores nunha absoluta indefensión.

Na maioría dos casos, nos abusos e agresións cometidas contra menores, o agresor é unha persoa coñecida e de confianza para a familia, o que explica a posibilidade de reiteración. Agresores/as que aproveitan a relación de confianza coa vítima ou a súa familia para consumir o abuso, usando o engano ou a sedución, patexándoa como parte dun xogo ou recorrendo ao afecto no caso dos menores máis vulnerables emocionalmente, de xeito que empregar a forza ou a violencia física resulta innecesario e, por tanto, é menos frecuente (Cortés-Cantón, 2013).

A maior visibilidade está ligada a un maior reporte e notificación de casos, para o que se fai necesario dispoñer de definicións consensuadas e de rexistros sistemáticos dende o sistema educativo, de saúde e o sistema xudicial para identificar a incidencia – número de casos novos ocorridos durante un período de tempo– e de avaliacións periódicas con mostras representativas para identificar a prevalencia que fai referencia ao número de persoas adultas que manifestan ser obxecto de abusos sexuais nalgún momento ou durante un período determinado da súas vidas. O rexistro de prevalencia representa o número de casos acumulados, unha estratexia máis fiable para establecer a verdadeira extensión e alcance dos abusos/agresións contra menores. Aínda que hai que ter en conta que recorrer á memoria das persoas presenta varias limitacións, como son a falta de identificación de casos ocorridos a tan temperá idade, que a persoa non teña recordos, que a persoa non se recoñeza como vítima e que teña utilizado a negación como estratexia de afrontamento (Rohde et al., 2008).

Os datos a nivel internacional amosan unha alta prevalencia. O estudo en EEUU de Finkelhor, Shattuck, Turner e Hamby (2014) mostra como a vitimización sexual afecta ao longo da súa vida a un 26.6 % das mozas e a un 5.1 % dos mozos dos 2.293 entrevistados de entre 15 e 17 anos. Con relación á prevalencia, no último ano alcanza o 5 % (5.9 % das mozas entrevistadas e 4.1 % dos mozos) do total de 4.000 menores de entre 0 e 17 anos entrevistados telefonicamente, a estes/as directamente ou aos seus coidadores/as (Finkelhor, Turner, Shattuck e Hamby, 2015). Os datos resultan similares en Canadá cun 8 % de vitimización sexual ao longo da vida e un 5 % no último ano; segundo os datos recollidos dos 2.801 entrevistados/as de entre 2 e 17 anos ou dos seus proxenitores ou coidadores/as (Cyr et al., 2013). Os datos en Europa mostran un panorama aínda máis grave, cun 12.5 % dos mozos e un 20.8 % das mozas, dos 2.275 menores de entre 11 e 17 anos entrevistados tiñan sido vítimas dalgunha forma de vitimización sexual por un adulto ou igual ao longo da súa vida (Radford, Corral,

Bradley e Fisher, 2013). Respecto ao último ano, a porcentaxe ascende a un 9.4 %, que afecta a un 6.8 % dos mozos e a un 12.2 % das mozas entrevistados/as.

En España o traballo de Pereda, Guilera e Abad (2014) cunha mostra comunitaria de 1.107 mozos e mozas de entre 12 e 17 anos enquisados en sete centros escolares cataláns revela que a porcentaxe de vitimización sexual ao longo da súa vida alcanza un 14.7 % (13.9 % das mozas e o 4,1 % dos mozos); cunha porcentaxe no último ano do 5.3 % dos mozos e mozas (un 8.9 % das mozas e un 2,2 % dos mozos). No traballo de Soler, Paretilla, Kirchner e Forns (2012) sobre o efecto da polivitimización na autoestima e na sintomatoloxía postraumática identifican, cunha mostra de 722 adolescentes cataláns de entre 14 e 18 anos, unha prevalencia de vitimización sexual do 22.4 % nas mozas e un 10.7 % nos mozos.

Os estudos meta-analíticos, nos que se inclúe a revisión dun amplo abano de estudos, permiten identificar de forma máis fiable a extensión do problema. No estudo de Stoltenborg, Van Ijzendoorn, Euser e Bakermans-Kranenburg (2011), no que se revisaron 217 publicacións editadas entre 1982 e 2008, incluíndo 331 mostras independentes cun total de 9.911.748 participantes, reportan unha taxa do 11.8 %; sendo as nenas as vítimas máis numerosas (18 % nenas e 7.6 % nenos). A revisión feita por Losada (2012) dos estudos publicados entre 1946 e 2011 relativos a distintos países (como España, Chile, Ecuador, Corea, EEUU ou Canadá) identifican a prevalencia no 18,95 % das mulleres e 9,7 % dos homes. En conclusión, tal e como se desprende dos estudos máis recentes e fiables, practicamente unha de cada cinco mulleres ten sido vítima de abusos/agresións sexuais durante a infancia e ou de cada dez homes. Isto mostra a extensión dun problema aínda non suficientemente visible.

1.2.1.2. Bullying: a violencia nos ambientes educativos e de ocio

O *bullying*, que fai referencia ao acoso escolar e a todas as formas de maltrato que se producen entre escolares, insírese no sistema de crenzas patriarcais, incluíndo no só o sexismo senón tamén a homofobia, así coma o racismo. De xeito que as rapazas, e todos aqueles que non se adscriben aos roles e estereotipos tradicionalmente asociados ao binarismo da masculinidade/feminidade, poden converterse en vítimas da violencia dos/as seus compañeiros/as. Motivo polo cal o *bullying* ten sido denominado unha práctica de xénero e control heteronormativo (Carrera, 2010).

O maltrato entre iguais é tan antigo coma a propia escola tradicional (Díaz-Aguado, 2006). Pero non será ata a década dos anos setenta do século XX cando, propiciado polo traballo do psicólogo Dan Olweus, se utilice por primeira vez o termo na acepción que coñecemos hoxe en día. De xeito que non estamos nunha escola máis violenta senón nunha maior preocupación pola violencia na escola. O maltrato entre iguais ten sido definido tradicionalmente como un subtipo de comportamento violento, no que se incorporan diferentes comportamentos dirixidos tanto contra a dimensión física coma psicosocial da vítima.

A nivel internacional o *bullying* afecta polo menos a 246 millóns de nenos/as e adolescentes (United Nations, 2016). O recente traballo de Ladd, Ettekal, e Kochenderfer-Ladd (2017) en Norteamérica, un estudo lonxitudinal con 383 nenos/as e adolescentes dende a educación infantil ata a secundaria, identificou que un 24 % do alumnado sufriu *bullying*. A nivel europeo as taxas de prevalencia sitúanse nun rango de entre o 6 e o 16 %. No estudo pioneiro de Olweus en Noruega identificouse un 16 % de alumnado implicado (Olweus, 1999), que descende ao 0.4 % no estudo irlandés a nivel nacional (Byrne, 1999), con un índice en España do 6.2 % na investigación conducida polo Observatorio Estatal da Convivencia Escolar (2010), xa citado. Nestes traballos existe unha maior proporción de alumnado que se recoñece como vítima fronte á porcentaxe de alumnado identificado como agresor/a, con porcentaxes que oscilan entre o 9 % de vítimas autoidentificadas no estudo de Olweus e o 3.8 % de vítimas autoidentificadas no estudo levado a cabo polo Observatorio Estatal da Convivencia Escolar español; porcentaxes que se reducen ao 7 % no estudo noruegués e a un 2.4 % no estudo español con relación aos que se identifican como agresores. Polo que respecta á comunidade galega, no estudo de Carrera (2010) identifícase un maior número de vítimas, así como agresores. En canto á prevalencia global, identifícase un 16.1 % de mozas implicadas sistematicamente como vítimas fronte ao 16.5 % dos seus compañeiros. Atendendo ás respostas de quen se identifica como vítima, as condutas máis frecuentes de victimización son as relativas ao maltrato verbal, mentres que os comportamentos de maltrato menos identificados son os relativos ás categorías de ameazas e de acoso sexual. Un 20.6 % recoñece a súa implicación como agresores/as e un 52.7 % (un 56.1 % de mozas e un 49.5 % de mozos) recoñecen ter sido testemuña nalgún momento dunha conduta de *bullying*.

Dende as primeiras investigacións sobre a temática destacouose o protagonismo dos rapaces, tanto vítimas como agresores, ignorando as rapazas e dando a falsa imaxe de que estas non estaban a vivir experiencias de opresión nas aulas, propiciando unha realidade denominada “cegueira de xénero” (Carrera, 2010).

A visión tradicional sobre o *bullying*, centrada nas características *individuais* (emocionais, cognitivas e comportamentais) tanto das vítimas coma dos agresores/as, contraponse á visión máis integradora ou interpersonal, que incorpora o carácter *relacional* do fenómeno, así como os factores contextuais e socioculturais nos que os grupos se insiren (Almeida e Carrera, 2014). Así, a simplificación da visión tradicional/individualizada do *bullying* é superada pola visión *aproximación relacional*, que pon de relevo que as situacións de abuso nacen das complexas dinámicas interrelacionais que se producen no grupo e non dos problemas individuais do alumnado. De xeito tal que aqueles/as que agriden están aprendendo a usar o poder para controlar e danar os seus iguais, usando de forma singular o poder xenerizado, mentres que o alumnado que é vitaminado permanece atrapado en relacións abusivas das que é difícil escapar (Almeida e Carrera, 2014).

A recente atención prestada ao xénero como un dos factores a ter en conta na análise do *bullying* tense despregado dende unha *perspectiva construtivista*, que concibe o xénero como unha construción cultural diferencial e xerárquica para rapaces e para rapazas. Destácase, así, a socialización diferencial a través dos estereotipos de xénero que vincula a agresividade, o poder e a dominancia para os homes, e a pasividade, a debilidade e a submisión para as mulleres; o que lexitima a aceptación da dominancia social do varón, de xeito que esta identidade é verificada co uso da violencia sobre as mulleres e tamén sobre os outros que non se someten aos estereotipos da masculinidade tradicional (Carrera, 2010). Destacan, nesta liña, os traballos pioneiros de Young e Sweeting (2004) e de Gini e Pozzoli (2006), nos que se vincula a participación como vítima ou agresor/a cos estereotipos de xénero asociados á instrumentalidade/expresividade, mostrando como a instrumentalidade se relaciona coa agresión e a expresividade, especialmente nos rapaces, coa vitimización. No estudo de Carrera et al. (2013b) evidenciase como o alumnado máis sexista é tamén o máis homófobo e o máis implicado na agresión.

Xunto á perspectiva construtivista cabe destacar tamén a *perspectiva de xénero postestruturalista* (Butler, 1990 e 1993), na que se pon de manifesto o carácter construído e “performativo” do xénero. Esta performatividade implica que o xénero representa un proceso que se fai das repeticións dos roles e trazos asociados tradicionalmente a cada xénero, sendo excluídas as persoas que os transgreden. De xeito que o *bullying* pode ser así interpretado como unha forma máis de “facer” o xénero, consistente en repetir a norma de xénero coas prácticas de violencia que terían como finalidade a de excluír as que non se someten a elas. Estase así comprobando como os rapaces agresores “practican” a construción da masculinidade tradicional a través da agresión directa —tanto física como verbal— mentres que as rapazas recorrerían á violencia relacional, xa que con esta práctica “afianzan” a súa identidade feminina tradicional.

1.2.1.3. Dating violence: a violencia nas primeiras relacións románticas

A violencia dentro das relacións románticas na adolescencia e na xuventude, que representan as primeiras experiencias deste tipo de violencia, estase a converter nun dos problemas sociais máis graves. Debido á variabilidade na forma de exercer este tipo de violencia existe un grande abano no xeito no que é definida. Dende as primeiras definicións, que se centraban nas ameazas e uso da violencia física (Sugarman e Hotaling, 1989), na actualidade incorpóranse, xunto á violencia física, o abuso sexual e o maltrato psicolóxico. Dende esta conceptualización máis ampla definíse *dating violence* como a “ameaza ou o uso do abuso físico, sexual ou verbal por un dos membros da parella sobre o outro” (Anderson e Danis, 2007, p. 88). Desta conceptualización máis abarcadora de *dating violence* considérase insuficiente avaliar unicamente as agresións físicas e/ou sexuais, polo que se terán que avaliar tamén outras formas de violencia como son as agresións verbais e as ameazas, que con frecuencia se dan de forma simultánea ou preceden ás agresións físicas ou sexuais (Capaldi e Crosbi, 1997).

A gravidade desta problemática intensifícase á luz dos datos que configuran que a violencia que se exerce nas primeiras relacións de parella entre adolescentes, especificamente denominada como *teen dating violence*, comezan cada vez a unha idade máis temperá. Os estudos a nivel internacional sitúan os primeiros episodios violentos

entre o furco de 14 – 17 anos (Shorey, Cohen, Lu, Fite, Stuart e Temple, 2017), e esta violencia nas relacións de parella abarca tanto aquelas que se producen en parellas que levan xuntas máis tempo coma en parellas que están comezando a súa relación de noivado.

Os estudos que se centran na violencia física nas primeiras relacións afectivas entre adolescentes mostran que en torno ao 10-15 % dos estudantes de secundaria recoñece ser vítima de agresións físicas por parte das súas parellas (Howard et al., 2007, 2008). Violencia física que se manifesta principalmente como formas leves de agresión, asociadas a empurrar, beliscar ou bater na cara (Dye e Eckhardt, 2000; Katz et al., 2002). Con todo, cada vez son máis os estudos que reportan maiores niveis de vitimización relacionados coa violencia física (Devorab et al., 2008).

En segundo lugar os estudos que analizan a violencia sexual —xunto á física, o tipo de violencia máis estudada— identifican entre un 3-9 % de mozas que recoñecen ter sufrido algún tipo de violencia sexual por parte das súas parellas (Arriaga e Foshee, 2004; Howard e col., 2007). Neste tipo de violencia son as mozas as máis afectadas, dobrando a taxa de prevalencia dos mozos, 10.3 % e 4.8 % respectivamente (Howard et al., 2007). Os estudos mostran a vinculación entre violencia física e sexual de xeito que a xente nova involucrada en episodios de violencia física tamén utilizaba a coerción sexual coas súas parellas, sufrindo as mozas unha maior vitimización (Sears et al., 2007). Unha recente revisión, a través dunha metaanálise de 101 estudos centrados na identificación das taxas de prevalencia de violencia no noivado, revelou que as taxas de violencia física oscilaban entre 1-61 % e as de violencia sexual entre menos do 1 ata o 54 % (Wincentak, Connolly, e Card, 2017).

En último lugar, a violencia psicolóxica, na que se inclúen a intimidación, a dominación e as condutas de control sobre a parella, as actitudes hostís e as agresións verbais, representa o tipo de violencia incluída na conceptualización máis ampla e utilizada de *dating violence*. Os estudos confirman os altos niveis nas formas de abuso psicolóxico/emocional que oscilan entre o 62-76 % (Arriaga e Foshee, 2004; Holt e Espelage, 2005); sendo o abuso verbal en forma de insultos e vexacións unha das formas máis utilizadas de violencia psicolóxica/emocional, máis probable canto máis tempo dure a relación (Timothy, Auinger, & Klein, 2006). Na revisión internacional de estudos norteamericanos e europeos as taxas de violencia psicolóxica abarcan un rango de 17-88 % (Leen et al., 2013). Este tipo de violencia está tamén asociada co uso das

novas tecnoloxías, de forma que un de cada catro adolescentes experimentou acoso, insultos o humillacións a través do teléfono ou mensaxes de texto enviados pola súa parella (Picard, 2007).

En España aínda é escaso o número de estudos sobre *dating violence*, sendo un dos pioneiros o de González e Santana (2001) que confirman que o 7.5 % dos mozos e o 7.1 % das mozas recoñecen ter pegado ou empurrado a súa parella nunha ou en máis ocasións, e un 23.9 % dos mozos e un 28.8 % das mozas recoñece ter utilizado nalgunha ocasión a violencia verbal. No traballo de Muñoz-Rivas, Rodríguez, Graña, O’Leary e González (2007), entre o 60-70 % dos estudantes enquisados manifestan ter agredido verbalmente a súa parella en algún momento, mentres que o 14 % recoñece ter exercido violencia física. As formas máis severas de violencia física afectaban o 2.9 % dos mozos e o 1.3 % das mozas.

Por outra parte, entre os estudos centrados na violencia sexual nas parellas adolescentes destacan o de Fernández-Fuertes e Fuertes-Martín (2005), que conclúen que 47.9 % dos adolescentes admite ter sido agresor sexual das súas parellas, mentres que o 51.7 % recoñece ter sufrido violencia sexual. Nesta mesma liña sitúanse os resultados de Ortega, Ortega e Sánchez (2008), que expoñen que o 66.6 % dos adolescentes recoñece ter sido agredido sexualmente pola súa parella, mentres que o 35 % afirma telo feito ocasionalmente e un 13 % moi frecuentemente. No estudo máis recente de Viejo et al. (2016), cunha mostra de adolescentes españois e británicos, o 12.2 % da mostra española recoñece ter usado a violencia física e o 24.5 % ter cometido agresións severas dentro das súas relacións de noivado. Finalmente, no estudo de Abilleira e Rodicio-García (2017), con unha mostra de mozos e mozas de Galicia, conclúese que son as mozas as que sofren en maior medida a violencia nas relacións de parella, e neste caso tamén é a violencia verbal a máis estendida entre os adolescentes, independentemente do xénero, seguida da violencia sexual.

1.2.2. As múltiples violencias contra mulleres

1.2.2.1. Acoso sexual e acoso por razón de sexo

A definición de acoso sexual na última reforma do Código Penal de 2015 inclúese no artigo 184 nos seguintes termos:

O que solicitara favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro, no ámbito dunha relación laboral, docente ou de prestación de servizos, continuada ou habitual, e con tal comportamento lle provocara á vítima unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes incorpora unha referencia explícita ao acoso por razón de sexo no artigo 7.2, en que se define o acoso por razón de sexo como:

Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, con propósito ou efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.

Polo tanto, o acoso sexual é un concepto fortemente marcado pola súa manifestación sexual, mentres que o acoso por razón de sexo inclúe as discriminacións que reciben as mulleres ou as minorías sexuais que non conforman a norma de xénero, sen que se dean comportamentos sexuais (Bosch et al., 2012). De xeito que os comportamentos de acoso por razón de sexo son, entre outros, condutas discriminatorias ou ofensivas que se dirixen a unha persoa para ridiculizar as súas capacidades, competencias ou habilidades, desprezar o seu traballo, ou degradala utilizando chistes sexistas ou homófobos. Esta lei, no artigo 7.3, especifica o que se considera discriminatorio tanto por acoso sexual coma por razón de sexo. Así mesmo, nos artigos 46, 48 e 62 establécense medidas específicas para previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no mundo laboral, introducindo tamén unha serie de medidas específicas e protocolos de actuación para a súa prevención, que se deben incorporar dentro dos plans de igualdade.

No ámbito galego, a Lei 2/2004, do 16 de xullo, para a igualdade da muller e do home, no seu capítulo IV, establece as medidas de prevención e sanción do acoso sexual, e no capítulo V proclama a erradicación do acoso moral por razón de sexo. Posteriormente, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade de mulleres e homes de Galicia, no artigo 3, establece a discriminación directa e indirecta, que son de plena aplicación no ámbito universitario, con relación ao acoso e ao acoso sexual. Máis recentemente, a Xunta de Galicia vén de publicar no ano 2016 un protocolo educativo

para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero no sistema educativo.

Dentro do fenómeno do acoso sexual pódense identificar en primeiro lugar o acoso sexual na rúa (*street sexual harassment*), entre persoas descoñecidas en lugares públicos (Benalcázar, 2012), que pode incluír diversas formas que van dende o xestual ata o verbal, e implica claramente unha relación de dominación sexista dun home sobre unha muller (sexismo hostil). Este comportamento, que representa unha clara intromisión no espazo e na vida das mulleres, comeza a ser identificado como un tipo de acoso sexual e, en consecuencia, a ser considerada unha acción delitiva. Entre as experiencias lexislativas que condenan o uso dos piropos na rúa están as experiencias de diversos países latinoamericanos como Perú, Ecuador ou, máis recentemente, Chile. Dentro das experiencias lexislativas que condenan o uso dos piropos na rúa, no contexto territorial máis próximo, atópase Portugal, onde despois de case dous anos debatendo, ratifícase en 2015 unha reforma do Código Penal que penaliza co cárcere esta práctica.

En España non dispoñemos de leis que tipifiquen e sancionen estas condutas, excepto aquelas que poidan ser consideradas como unha agresión á dignidade ou á honra. Porén, temos un sorprendente antecedente no código penal de 1928, promulgado durante a ditadura de Primo de Rivera, que foi anulado ao instaurarse a república. Promulgado co obxectivo de conseguir o desarraigamento de prácticas viciosas producidas por todo tipo de xestos, frases groseiras ou chocalleiras, sancionábanse con este decreto os piropos nas rúas, aínda cando fosen emitidos con propósito de galantería, con penas de arresto entre 5 e 20 días, e multas entre 40 e 500 pesetas.

Pero aínda que hoxe en día o acoso sexual nas rúas comeza a ser considerado delitivo, o seu axuizamento e sanción presentan grandes limitacións, xa que este ten lugar entre persoas descoñecidas nun período de tempo fugaz (Carvajal, 2014). Isto limita a eficacia da norma xurídica para contribuír á erradicación deste tipo de acoso, aínda que si contribúe a facer visible a súa inadecuación e o sexismo implícito.

Por outro lado as prácticas de “gabanza” dentro das relacións máis íntimas, especificamente dentro das relacións románticas, teñen sido normativizadas e aceptadas como formas lexítimas de comunicar o interese sexual que xeran as mulleres nas súas parellas. En consecuencia, a práctica da gabanza e as valoracións que fan as mulleres deste tipo de prácticas, así como o impacto no seu benestar, aínda están moi pouco estudadas e menos recoñecidas (Lameiras et al., 2018). A idealización do amor romántico representa unha poderosa crenza fortemente aceptada nas culturas occidentais

(Lee, Fiske e Glick, 2010), sendo as mensaxes de cousificación/obxectivación consideradas ao mesmo nivel ca os benevolentes, é dicir, menos “graves” (Riemar et al., 2014). Ademais, o máis revelador do estudo de Riemar et al. (2014) foi que os comentarios sexistas emitidos pola parella eran percibidos como menos sexistas que os emitidos por un xefe ou descoñecido. De tal xeito que os piropos dentro das relacións románticas emitidos polas parellas parecen estar equiparados a un tipo de galantería machista e, por tanto, inscritos dentro das formas de sexismo máis benevolente, en que o ton afectivo positivo enmascara a súa esencia sexista, facendo máis difícil identificalo e en consecuencia combatelo.

Pola súa parte, dentro do acoso sexual laboral (*sexual harassment*), moito máis recoñecido e sobre o que dispoñemos dunha maior traxectoria lexislativa, inscríbense todas as condutas con implicacións sexuais non solicitadas nin desexadas pola persoa á que van dirixidas, que resultan na degradación e humillación de tal persoa (sexismo hostil). Estas formas de acoso pódense presentar de forma vertical (de superiores xerárquicos a subordinados/as) e de forma horizontal (entre traballadores do mesmo rango) (Acevedo, Biaggil e Borges, 2009).

En Europa, dende a publicación do informe Rubenstein sobre o acoso no ámbito laboral en 1988, a Comisión da Comunidade Europea publicou dous informes en 1996 e en 1998 nos que se analiza o impacto das conclusións do informe Rubenstein e a revisión de 74 enquisas/estudos cualitativos realizados nos estados membros dende 1987 ata 1997 respectivamente, incluíndo os informes de Alemany (1998) e, Timmerman e Bajema (1999). No informe de Alemany (1998) incluíronse os resultados de 5 países do sur de Europa, incluída España, e no estudo de Timmerman e Bajema (1999) os datos de 11 países do norte de Europa, identificándose un rango entre o 17 % e o 81 % de mulleres que tiñan sido vítimas dalgunha forma de acoso sexual no seu lugar de traballo. As principais conclusións destes informes salientan a desproporcionada atención que o acoso sexual no mundo laboral acadou nos estados do norte de Europa, fronte á escasa atención dos estados do sur. Non obstante, as diferenzas na conceptualización e delimitación do acoso sexual, e as diferentes formas de medilo (o último mes, ano, ou durante toda a vida laboral) supuxeron unha importante dificultade á hora de establecer comparacións entre os diferentes países.

Estudos posteriores, como o do Departamento de Xustiza, Igualdade e Dereito Irlandés de 2004 durante a presidencia irlandesa da Unión Europea sobre a situación dos 25 estados membros, concluíron que a problemática do acoso sexual aínda non ten

acadado a atención nas mesas de negociación colectiva. O estudo da Axencia Europea para a Seguridade e a Saúde no Traballo (*European Agency for Safety and Health at Work*) do 2010, na que foron utilizados os datos da enquisa europea de condicións de traballo aplicada en 22 países, destaca nas súas conclusións a alta incidencia do acoso sexual, especialmente no ámbito laboral da hostalería e a restauración, así como nos corpos e forzas de seguridade do Estado. Estes resultados salientan a necesidade de atacar esta lacra, que se dá en todos os dominios laborais e, sistematicamente, nos diferentes ámbitos; sendo as mulleres novas, emigrantes, dependentes economicamente e mulleres solteiras /divorciadas, xunto cos grupos LGBTI e as minorías étnicas e raciais, as máis prexudicadas polo acoso sexual. Os modelos explicativos baseados nas características organizativas dos espazos laborais salientan que as situacións de acoso sexual para as mulleres están presentes dun xeito máis grave nos espazos masculinizados. Nestes contextos, as mulleres son consideradas "intrusas" que poden quebrantar o mantemento do *status quo* que sostén a fratría masculina (Vogt et al., 2007). Polo tanto, nos espazos tradicionalmente masculinizados cunha forte xerarquía de poder, as mulleres e as persoas que non se axustan ao modelo de identidade heteronormativo vólvense particularmente vulnerables a sufrir acoso sexual ou acoso por razón de sexo.

Na última enquisa sobre as condicións de traballo en Europa, cunha relación de postos de traballo das mulleres dun 66 % en comparación co 71 % dos homes empregados (Encuesta de Condicion de trabajo en Europa, 2015), o 16 % dos/as traballadores/as identifican unha gran cantidade de comportamentos negativos nos ambientes de traballo que implican o uso da violencia física e/ou sexual, cun 2 % que reconece ter vivido experiencias de atención sexual non desexada no último mes, un 1 % que refire ter vivido experiencias de acoso sexual e un 5 % que reconece ter vivido experiencias de acoso non sexual nos últimos 12 meses. Estes datos están a mostrar unha realidade pouco común, pero é necesario poñer énfase nas dificultades que teñen as vítimas para identificar as experiencias vividas de violencia. Peterson e Muehlenhard (2011), na súa investigación cualitativa, confirman as dificultades das mulleres na identificación dun episodio de violación, acoso ou abuso. Do mesmo xeito, recoñecían que non se sentían completamente libres de culpa, vergoña ou responsabilidade. Por outra parte, atopouse a dificultade destas persoas para se identificar como vítimas e, ademais, detectouse que evitaban describir a súa experiencia como unha violación, acoso ou abuso por medo a sufrir as consecuencias que se adoitan atribuír a estas

etiquetas (Peterson e Muehlenhard, 2011; Phillips, 2000). En resumo, a maioría das vítimas non se identifican como vítimas e, as que o fan, fano nos casos máis graves de chantaxe sexual.

Todas as cuestións sinaladas explican o baixo número de mulleres e homes que non se axustan ás identidades heteronormativas, que denuncian este tipo de agresións. Estímase que só o 10 % dos casos de violencia sexual terminan sendo denunciados (Ferrer e Bosch, 2011), o que representa a punta dun enorme iceberg que está oculto e invisible para a sociedade. En primeiro lugar, porque non se identifica como tal e, en segundo lugar, por medo a que non se crea nas súas verbas, ou sexa considerada culpable/responsable da situación vivida. En conclusión, este tipo de actitudes fai que se culpe a vítima, minimizando o impacto social e psicolóxico do crime, ao tempo que se xustifican as accións de tolerancia co acosador/a e sobre o propio fenómeno do acoso (Herrera, Herrera e Expósito, 2016).

1.2.2.2. Abusos e agresións sexuais

No capítulo II da última reforma do Código Penal de 2015, relativo aos abusos sexuais, no artigo 181 descríbese este tipo delituoso como:

Aquel no que, sen violencia ou intimidación e sen que medie consentimento, realizara actos que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual doutra persoa, será castigado como responsable de abuso sexual.

No capítulo I, relativo ás agresións sexuais, nos artigos 178 e 179, o tipo delituoso queda descrito como:

Quen atente contra a liberdade sexual doutra persoa, utilizando violencia ou intimidación, será castigado como responsable de agresión sexual... Cando a agresión sexual consista no acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introdución de membros corporais ou obxectos por algunha das primeiras vías, o responsable será castigado, como reo de violación.

En España, xa nas lexislacións medievais castelás, aparecía a figura da violación —que aglutinaba *todas* as formas de violencia sexual que podían sufrir as mulleres—, como unha actividade duramente castigada aínda que escasamente utilizada, pois só consideraba a violación en mulleres de determinado status (Beneyto, 2002). De modo que violar a unha muller de categoría inferior (escrava ou prostituta) era lexítimo, agás

se a muller era a escrava doutro home, en cuxo caso si era delito, pero non contra a liberdade sexual, senón contra a propiedade, é dicir, un delito contra o seu amo. Desta forma, a concepción histórica da violación expón a contraposición entre dous bens xurídicos diferentes: a honestidade da muller e a honra dos homes con ela relacionados. Así, coa violación a muller “decente” perdía a súa castidade, o seu máximo ben, manchando a honra dos homes relacionados con ela e evidenciando, deste xeito, a súa posición inferior en status e dereitos.

En España os datos de denuncias contra a liberdade sexual ascende a 10.844 casos no ano 2016 (Ministerio do Interior, 2017). O que representa unha media de case trinta denuncias por día. De todos eles, 1.249 foron agresións sexuais con penetración, o que supón que en España se denuncia unha violación cada 8 horas. Finalmente, un total de 8.606 denuncias aparecen clasificadas como "outros delitos", onde estarían englobados os de acoso, abuso e agresión sen penetración. Unha análise temporal das denuncias dos últimos 10 anos confirma a persistencia destes delitos.

Porén, fronte ás porcentaxes de denuncias, nas que apenas se recolle a punta do iceberg dos casos reais, destaca a maior eficacia dos “índices de vitimización”, que consisten en enquisas nas que se lle pregunta ás mulleres sobre os delitos sexuais dos que teñan sido vítimas. En maio de 2010, Amnistía Internacional presentou dous informes cos que examinar a violencia sexual a nivel internacional, sendo analizados dous espazos contrapostos en niveis de igualdade acadada. En primeiro lugar, o informe sobre Camboxa (*Breaking the Silence. Sexual violence in Cambodia*) e, en segundo lugar, nos países nórdicos de Dinamarca, Finlandia, Noruega e Suecia (*Case Closed: Rape and Human Rights in the Nordic Countries*). No informe sobre a situación en Camboxa, Amnistía Internacional sinala que non se dispón de estatísticas pormenorizadas e fiables sobre a violencia sexual contra as mulleres e nenas; destacando que as cifras que existen son incompletas e baixas. Pola súa parte, no informe sobre os países nórdicos, a pesar de destacar a nivel internacional polos seus avances no ámbito da igualdade de xénero, salientase que a violación segue sendo unha realidade que afecta a moitas mulleres.

O estudo máis recente conducido pola Axencia Europea dos Dereitos Fundamentais (FRA, 2014) presenta os resultados da primeira enquisa europea sobre a violencia contra as mulleres nun informe que se basea nas entrevistas realizadas a 42.000 mulleres nos 28 estados membros da Unión Europea, sobre as experiencias con relación á violencia física, sexual e psicolóxica. Polo que respecta á violencia sexual, os

datos confirman que 1 de cada 20 mulleres europeas (5 %) ten sido violada algunha vez dende que tiña 15 anos. Durante os últimos 12 meses, 3.7 millóns de mulleres na Unión Europea sufriron algún tipo de violencia sexual. Con relación á violencia sexual dentro das relacións de parella (actual ou pasada) dende que tiñan 15 anos, o número de vítimas ascende ao 7 % en Europa, que representa o 4 % en España. Os datos tamén confirman que o 30 % das mulleres que tiñan sido vítimas de agresións sexuais por parte da súa parella (actual ou pasada) sufriran tamén violencia sexual cando nenas, mentres que o 10 % das mulleres que no tiñan sido vítimas de agresións sexuais na súa relación actual ou nas anteriores indican que tiveron experiencias de violencia sexual cando nenas.

Pero non todos os delitos teñen a mesma probabilidade de ser denunciados. As principais razóns para o escaso número de denuncias das mulleres que foron agredidas sexualmente están condicionadas, tal e como destacan Echeburúa, De Corral, Zubizarreta e Sarasua (1995) nun dos traballos pioneiros sobre esta temática realizados en España, por: i) o temor a que as tomen en serio cando acoden á policía; ii) o medo ás represalias do agresor; e, finalmente, iii) a reacción de temor e o grao de confusión na que se atopa a vítima despois da violación, que lle impide, en moitas ocasións, tomar a decisión máis conveniente e a leva a ocultar o sucedido nun intento de esquecelo.

Mais de 20 anos despois, estas razóns seguen sendo pertinentes. Así, con relación ao escaso número de denuncias, Widney Brown (2010), directora xeral de Dereito Internacional, Política e Campañas de Amnistía Internacional, afirmaba que en países pobres e ricos por igual, as mulleres que teñen sido obxecto dunha violación teñen poucas oportunidades de ver procesados aos seus agresores. Ademais, reitera que resulta escandaloso que en pleno século XXI, con tanta lexislación destinada a garantir a igualdade das mulleres, practicamente ningún goberno protexa suficientemente as mulleres nin garanta o procesamento dos seus agresores para que respondan dos seus crimes. Fito que quedou evidenciado nos dous informes de Amnistía Internacional, en Camboxa e nos países nórdicos que examinaron dous sistemas de xustiza moi diferentes, e dos que se conclúe que todos presentan discrepancias e baleiros legais que disuaden as mulleres de intentar obter xustiza polos delitos sufridos.




Figura 4. Agresións sexuais denunciadas durante o período 2009-2017.

1.2.2.3. *Violencia de xénero: violencia dentro das relacións románticas*

Resulta máis factible que a muller, dende os espazos que habilitan as sociedades patriarcais, constrúa a súa identidade dende os piares do EU-EN-RELACION que a desliza dende unha heteronomía (*versus* autonomía no caso dos homes) na que o “outro” (parella, fillos-as, pai-nai ou amizades), e o vínculo co outro, se converte en eixe central e prioritario do eu. Marcela Lagarde (2005 p. 348) subraia que as mulleres fomos “configuradas socialmente para o amor, temos sido construídas por unha cultura que coloca o amor no centro de nosa identidade”. E continúa identificando a cultura patriarcal como a responsable de que se lles *asigne ás mulleres a identidade existencial o amor*. E, aínda que cada muller é única, e cada unha representa o sincretismo entre o máis tradicional e o máis moderno do que significa ser muller, Lagarde (2005 p. 355) recórdanos que ese “sincretismo é a miúdo magoante porque o amor, tan central na vida das mulleres, resulta o espazo máis tradicional nas mulleres modernas. As mulleres aprenden a amar para a fusión”, interiorizando dende pequenas unha ética do coidado que as relega ao ámbito doméstico e reprodutivo, abocándoas á desvalorización de si mesmas como suxeitos autónomos, que só poden ser e existir a través da entrega abnegada ao outro. Por outra parte, os homes interiorizan dende pequenos o seu rol no espazo público, orientado á competitividade e ao poder, totalmente illados do espazo das emocións, aprenden a vincularse dende a separación, a forma na que constrúen a súa

identidade como suxeitos autónomos co dereito a usar a violencia para satisfacer os seus desexos e mostrar o seu poder, especialmente dentro das relacións románticas.

O estudo, xa referenciado, conducido pola Axencia Europea dos dereitos fundamentais (FRA, 2014) identifica un total de 35 millóns de mulleres en Europa (20 %) que teñen sufrido violencia física por parte da súa parella, o que representa 1 de cada 5 mulleres. En España a porcentaxe ascende a 10.3 % de mulleres, o que supón que 1 de cada 10 sufriu algún tipo de violencia física exercida polas súas parellas afectivas. Con relación á violencia psicolóxica, os datos incrementanse ata alcanzar 76 millóns de mulleres na UE (43 %), o que representa 2 de cada 5 mulleres en Europa. Os datos relativos a España identifican un 34 % de mulleres violentadas psicoloxicamente polas súas parellas, o que representa unha de cada tres mulleres. O estudo conclúe resaltando que oito de cada dez mulleres recoñecen que a violencia baseada no xénero é moi común ou bastante común no seu país.

Os feminicidios —asasinatos de mulleres— polas súas parellas ou ex-parellas mostra a cara máis hostil e dramática da violencia de xénero. Globalmente, nun 38 % de todas as mulleres asasinadas no mundo o seu agresor foi a súa parella ou ex-parella (WHO, 2013). Os efectos da exposición á violencia de xénero na saúde das mulleres indican a magnitude da relación entre a violencia cometida dentro das relacións románticas e o impacto na súa saúde (Kim e Lee, 2013; WHO, 2013). Os feminicidios cometidos polas parellas ou ex-parellas non soamente impactan a vida das vítimas, tamén impactan as dos seus fillos/fillas e familias (Campbell, Glass, Sharps, Laughon, e Bloom 2007; Ferrara et al., 2015). No estudo máis ambicioso a nivel internacional levado a cabo por Stöckl et al. (2013), con datos recollidos en 66 países, conclúese que 1 de cada 6 homicidios a nivel global, e máis dun terzo dos homicidios de mulleres, son perpetrados pola súa parella. A proporción de mulleres asasinadas polas súas parellas é seis veces maior que a dos homes asasinados polas súas parellas. Cómpre ter en conta que o estudo recoñece a carencia de información sobre a relación entre a vítima e o perpetrador en aproximadamente o 20 % dos casos, de xeito que se todos os casos dos que non dispoñemos de información fosen distribuídos de acordo á proporción coñecida estas estimacións poderían ascender ao 42.7 %, o que significa que case a metade das mulleres asasinadas a nivel mundial o son polas súas parellas ou ex-parellas.

En Europa a incidencia de mulleres asasinadas por millón de mulleres con idades superiores a 14 anos mostra os índices máis altos en Finlandia, con 9.35 %, e o máis baixo nos Países Baixos, con un 1.62 %, situándose España no 2.81 % (San Martin

et al., 2010). Pero non será ata o asasinato en 1997 de Ana Orantes polo seu ex-marido cando se faga visible en España este gravísimo problema, marcando un antes e un despois que propiciou o inicio dos rexistros oficiais e a promulgación da primeira Lei contra a Violencia de Xénero en 2004, sendo pioneira na contorna dos países do sur de Europa. Os datos publicados polo Ministerio do Interior identifican un total de 850 mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas dende 2004 e un total de 33 nenos e nenas. Ata o 28 de setembro, un total de 48 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas e 10 menores, un número dramático en ascenso. Ademais, a trágica situación de 5 mulleres en 4 días no mes de setembro alerta do efecto “imitación” (*copycat*) dos potenciais agresores, provocado pola difusión nos medios de comunicación dos asasinatos machistas e que desencadea varios asasinatos en poucas horas/días (Vives-Cases et al., 2009). O Pacto de Estado contra a violencia de xénero —aínda pendente da súa implantación— contempla a incorporación de actuacións que permitan incrementar a sensibilización e prevención da violencia en todas as etapas educativas, a mellora na resposta institucional que garanta unha maior coordinación, mellorar a asistencia e protección das vítimas e dos seus fillos/as, a atención a outras formas de violencia contra as nenas e mulleres así como mellorar o seguimento estatístico.




Figura 5. Femicidios en España.

II. METODOLOXÍA

A análise dos comentarios vinculados ao *hashtag* # PrimAcoso foi xestionado a través da metodoloxía cualitativa, que nos permite “comprender, explicar, describir ou predicir un fenómeno” (Izcara-Palacios, 2014, p.17), neste caso as vivencias, opinións e actitudes de acoso sexual de mulleres e homes plasmadas nas redes sociais.

A perspectiva cualitativa desta investigación permitiunos profundar nunha realidade, dende o “punto de vista” das mulleres vítimas, achegándonos ás súas propias percepcións, sentimentos, expresións e opinións como protagonistas da realidade social investigada. É dicir, ofrece a posibilidade de observar a realidade dende o discurso das persoas implicadas, observando as particularidades do discurso, así como as interaccións ocorridas (Flick, 2014). Interaccións consideradas fonte fundamental de información que outorga precisamente a análise cualitativa (Berg, 1989), ás cales sería imposible acceder dende unha investigación exclusivamente empírica. Nesta dirección, entendemos por metodoloxía cualitativa aquela que se configura en torno ao discurso e polo tanto, “non é xa simplemente investigación non cuantitativa, senón que desenvolve unha identidade ou múltiples identidades propias” (Barbour, 2013, p. 16).

Os estudos cualitativos teñen particularidades específicas como o seu carácter aberto e directo que outorga ao proceso de investigación a oportunidade de crecer expondo novas preguntas de investigación, obviando as formulacións ríxidas e deixando as preguntas de investigación abertas (Hernández- Sampieri et al., 2003; Ruiz-Olabuenága, 2012). Deste xeito, outórgaselle á investigación unha maior riqueza nos seus resultados, expondo e respondendo preguntas que xurdiron no desenvolvemento da investigación. Ademais, tal e como sinala Ruiz Olabuenága (2012) “o esencial na investigación cualitativa é a análise obxectiva do significado subxectivo” (p. 32).

Precisamente, a análise dos *tweets* foi realizada a través dun proceso de codificación manual apoiado no programa ATLAS.ti. Este proceso partiu das bases de datos facilitadas para a investigación que supuñan un total de 2924 *tweets*, dos cales 688 eran *tweets* fronte aos 2236 *retweets*. Así, despois de que a base de datos fora analizada, eliminando a información non relevante, examináronse 2887 *tweets/retweets* e 326 comentarios en Facebook, publicados, a meirande parte deles, durante o mes de novembro de 2016.

Estas cifras supoñen un impacto na rede dun total de dous millóns de procuras. Este impacto é visible ao observar que as tres primeiras contas de Twitter que máis participaron de forma directa ou indirecta na campaña, é dicir, achegando información á campaña ou facéndose eco do impacto da mesma, foron diarios como o Diario.es, Europa Press ou La Voz de Galicia. De feito, a análise do *top* de *hashtags* do período da campaña #PrimAcoso, amosa que #25N, #Pontevedra ou #ViolenciaMachista emerxen tamén vinculados aos relatos do primeiro acoso plasmados no estudo.

Con relación ás persoas participantes na campaña #PrimAcoso, atopamos que foron fundamentalmente mulleres as que contan as súas vivencias e opinións respecto ao acoso sexual. Con todo, tamén foron homes os que participaron comentando e expresando as súas opinións e vivencias. Neste sentido, a maior parte dos relatos vinculados á campaña eran achegas en galego, non obstante, naqueles casos nos que os *tweets* eran en castelán procedeuse á tradución ao galego.

O estudo desenvolveuse seguindo unhas pautas claras de investigación, a través dunha serie de pasos sucesivos que se conectan coas diferentes fases de investigación do estudo. Neste sentido, na Fase 1 desenvolveuse a metodoloxía máis axeitada para a análise das opinións, percepcións, expresións e vivencias dos e das informantes da investigación. Na Fase 2, procedeuse a recolección da información en Twitter e Facebook para posteriormente, na Fase 3, facer unha lectura de toda a información recompilada. Na Fase 4 verificouse e organizouse a información e, a continuación, introduciuse no programa de tratamento da información ATLAS ti.7 (Fase 5). Despois, abordáronse as Fases 6 e 7, que se corresponden coa lectura, análise e categorización da información. Finalmente, na Fase 8 procedeuse á interpretación, discusión e redacción dos resultados.

Respecto ao procedemento de análise da información do estudo, en primeiro lugar, procedeuse á recolección da información tanto en Twitter como en Facebook. Os *tweets* plasmados foron descargados a un documento Excel, que posteriormente se introduciu en formato .rft no programa de tratamento e xestión da información. Os comentarios ligados ao *hashtag* recolleitos en Facebook, foron copiados e pegados directamente en formato .rtf para poder abordar a súa análise e codificación. Con posterioridade, tres investigadoras leron detidamente a información recollida, coa finalidade de organizar o contido e marcar aquela información repetida (*retweets*). A

continuación introduciuse a información no programa de xestión e tratamento de datos ATLAS. Ti v.7.

O programa ATLAS.ti. v. 7 é un programa informático de xestión de datos cualitativos, que permite traballar con grandes corpos de datos e cuxo uso incrementa a transparencia, a coherencia e o rigor científico no proceso de análise (Richards & Richards, 1994; Seale, 1999; Weitzman, 2000). O uso deste programa informático para a análise da información plasmada neste informe supón unha ferramenta que garante a comprensión dunha realidade concreta a través dunha análise minuciosa e por iso “as construcións teóricas dos resultados dunha investigación adquiren unha incuestionable validez” (San-Martín, 2014, p. 118).

Ademais, o uso deste software permitiu a análise da información a través da triangulación de investigadoras, é dicir, o traballo simultáneo das investigadoras na xestión dos datos. Deste xeito, xestionouse o tratamento da información así como a súa codificación, é dicir, a xeración de códigos. Entendendo que este proceso analítico “fragmenta, conceptualiza e integra os datos para formar unha teoría” (Strauss & Corbin, 2002, p. 18).

Desta forma, a través do soporte informático Atlas. ti v.7 realizouse a análise de contido. Neste caso creouse unha Unidade Hermenéutica relativa á investigación e organizáronse en dúos documentos primarios que se corresponden coas diferentes plataformas dixitais de onde foi extraída a información. Por tanto, no primeiro documento primario inclúese a información extraída de Twitter; e o segundo contén os comentarios vinculados ao *hashtag* en Facebook. En cada un dos documentos primarios a análise de contido devolve citas, é dicir, pequenos fragmentos de texto utilizados para dar significación e encher de contido os códigos (ou categorías de análises) que se organizaron por familias. Ademais recolléronse varios *memos* e vistas de rede, que contribúen a recoller, aclarar e facilitar a comprensión da análise da información, a súa codificación, así como, a interpretación dos resultados. En definitiva, a información foi fragmentada en citas e codificada a través de códigos que foron organizados en familias. Así, a unidade hermenéutica analizouse a través de 2 documentos primarios, 85 códigos, 1440 citas, 1 *memo*, e 10 familias de códigos (ver Figura 6).




Figura 6. Descriptivos da análise de contido.

Os argumentos e expresións dos e das informantes foron organizados en texto, o que permitiu realizar unha análise de contido a través dunha categorización exhaustiva. Neste sentido extraéronse inicialmente dez categorías de primeira orde, estas son: i. Abuso e agresións sexuais contra as menores; ii. *Bullying* sexual; iii. Acoso sexual; iv. Agresión sexual; v. Acoso por razón de sexo; vi. Actitudes das mulleres ante a campaña # PrimAcoso; vii. Actitudes dos homes ante a campaña # PrimAcoso; viii. Sentimentos; ix. Reaccións; e x. Cóntao. Ademais, a análise de contido permitiu chegar a categorías de segundo e terceiro nivel. A continuación, na Figura 7, móstrase un descriptivo dos códigos e das familias de códigos.

Administrador de códigos [UH: #miprimeracoso]						
Códigos Edición Miscelánea Imprimir Visualizar						
Familias						
Mostrar todos Códigos						
Nombre	Fundamentado	De...	Autor	Creado	Modifica...	Familias
✖ Cuéntalo	313	0	Super	02/05/20...	05/06/20...	Campaña #primacoso
✖ H_concienciación	25	0	Super	03/05/20...	24/09/20...	Hombres #primacoso
✖ H_Espectador de casos de Violencia	2	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Hombres #primacoso
✖ H_identificación	12	0	Super	02/05/20...	24/09/20...	Hombres #primacoso
✖ H_insultos	17	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Hombres #primacoso
✖ H_machis	0	0	Super	01/10/20...	01/10/20...	
✖ H_machismo	1	0	Super	01/10/20...	01/10/20...	
✖ H_Machismo	43	0	Super	31/05/20...	05/06/20...	Hombres #primacoso
✖ H_ProFeminismo	11	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Hombres #primacoso
✖ H_provocando	6	0	Super	03/05/20...	06/05/20...	Hombres #primacoso
✖ H_sentimientos	2	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Sentimientos
✖ M_AG_agresor	15	0	Super	10/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_beso	2	0	Super	10/05/20...	10/05/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_conducta	6	0	Super	10/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_confesión	2	0	Super	31/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_edad	15	0	Super	10/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_espectadores	2	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_frecuencia	1	0	Super	29/05/20...	29/05/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_intento agresión	7	0	Super	14/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_lugar	7	0	Super	10/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_Lugar	3	0	Super	05/06/20...	05/06/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_tocamiento	2	0	Super	31/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
✖ M_AG_tocamientos	2	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Agresión sexual
✖ M_AS_agresor	40	0	Super	02/05/20...	26/09/20...	Acoso sexual
✖ M_AS_comentarios	7	0	Super	10/05/20...	26/09/20...	Acoso sexual
✖ M_AS_conductasindeseadas	13	0	Super	02/05/20...	26/09/20...	Acoso sexual
✖ M_AS_confesión	4	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Acoso sexual
✖ M_AS_cuándo	4	0	Super	11/05/20...	11/05/20...	Acoso sexual
✖ M_AS_edad	17	0	Super	02/05/20...	26/09/20...	Acoso sexual
✖ M AS exhibicionismo	7	0	Super	02/05/20...	24/09/20...	Acoso sexual

Figura 7. Descriptivo dos códigos e familias de códigos.

Na Figura 8 móstrase, tamén, a listaxe xeral de códigos secundarios e terciarios utilizados e na Figura 9 expoñemos unha listaxe xeral das citas xeradas na análise da información.

Administrador de códigos [UH: #miprimacoso]

Familias	Nombre	Fundamentado	De...	Autor	Creado	Modifica...	Familias
Mostrar todos Códigos	✖ Cuéntalo	313	0	Super	02/05/20...	05/06/20...	Campaña #primacoso
✖ Abuso sexual (20)	✖ H_concienciación	25	0	Super	03/05/20...	24/09/20...	Hombres #primacoso
✖ Acoso por razón de sexo (10)	✖ H_Espectador de casos de Violencia	2	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Hombres #primacoso
✖ Acoso sexual (16)	✖ H_identificación	12	0	Super	02/05/20...	24/09/20...	Hombres #primacoso
✖ Agresión sexual (13)	✖ H_insultos	17	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Hombres #primacoso
✖ Bullying sexual (8)	✖ H_machis	0	0	Super	01/10/20...	01/10/20...	
✖ Campaña #primacoso (1)	✖ H_machismo	1	0	Super	01/10/20...	01/10/20...	
✖ Hombres #primacoso (7)	✖ H_Machismo	43	0	Super	31/05/20...	05/06/20...	Hombres #primacoso
✖ Mujeres #primacoso (3)	✖ H_ProFeminismo	11	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Hombres #primacoso
✖ Reacciones (3)	✖ H_provocando	6	0	Super	03/05/20...	06/05/20...	Hombres #primacoso
✖ Sentimientos (2)	✖ H_sentimientos	2	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Sentimientos
	✖ M_AG_agresor	15	0	Super	10/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_beso	2	0	Super	10/05/20...	10/05/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_conducta	6	0	Super	10/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_confesión	2	0	Super	31/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_edad	15	0	Super	10/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_espectadores	2	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_frecuencia	1	0	Super	29/05/20...	29/05/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_intento agresión	7	0	Super	14/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_lugar	7	0	Super	10/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_lugar	3	0	Super	05/06/20...	05/06/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_tocamiento	2	0	Super	31/05/20...	24/09/20...	Agresión sexual
	✖ M_AG_tocamientos	2	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Agresión sexual
	✖ M_AS_agresor	40	0	Super	02/05/20...	26/09/20...	Acoso sexual
	✖ M_AS_comentarios	7	0	Super	10/05/20...	26/09/20...	Acoso sexual
	✖ M_AS_conductasindeseadas	13	0	Super	02/05/20...	26/09/20...	Acoso sexual
	✖ M_AS_confesión	4	0	Super	31/05/20...	31/05/20...	Acoso sexual
	✖ M_AS_cuándo	4	0	Super	11/05/20...	11/05/20...	Acoso sexual
	✖ M_AS_edad	17	0	Super	02/05/20...	26/09/20...	Acoso sexual
	✖ M_AS_exhibicionismo	7	0	Super	02/05/20...	24/09/20...	Acoso sexual

85 Códigos

No hay elemento seleccionado Todos Nombre - Título

Figura 8. Descritivo dos códigos xerados na análise da información.

Administrador de citas [UH: #miprimacoso]

Códigos	Id
Mostrar todas Citas	1:1 6 anos. (8:8)
✖ Cuéntalo (313-0)	1:2 Sentábase no colo e acariciába.. (8:8)
✖ H_concienciación (25-0)	1:3 Un veciño q estudaba no semina.. (8:8)
✖ H_Espectador de casos de Violencia (2-0)	1:4 De pequena (13:13)
✖ H_identificación (12-0)	1:5 era a única nena do equipo de.. (13:13)
✖ H_insultos (17-0)	1:6 o acoso comeza nos xogos infan.. (38:38)
✖ H_machismo (42-0)	1:7 10 anos. (48:48)
✖ H_ProFeminismo (11-0)	1:8 acompañando a unha amiga mais .. (48:48)
✖ H_provocando (6-0)	1:9 Non o entendín (48:48)
✖ H_sentimientos (2-0)	1:10 A túa filla naceu cambiada?? .. (59:59)
✖ M_AG_agresor (15-0)	1:11 Con 15 anos (84:84)
✖ M_AG_beso (2-0)	1:12 un tipo mayor (84:84)
✖ M_AG_conducta (6-0)	1:13 conseguí mi telefono y se pas.. (84:84)
✖ M_AG_confesión (2-0)	1:14 9 anos. (94:94)
✖ M_AG_edad (15-0)	1:15 O cura que me confesaba antes .. (94:94)
✖ M_AG_espectadores (2-0)	1:16 díxome que lle contara os peca.. (94:94)
✖ M_AG_frecuencia (1-0)	1:17 cando me dixeron por primeira .. (99:99)
✖ M_AG_intento agresión (7-0)	1:18 18 anos. (109:109)
✖ M_AG_lugar (3-0)	1:19 Charlando cunha amiga tras unh.. (109:109)
✖ M_AG_tocamiento (2-0)	1:20 Un home (109:109)
✖ M_AG_tocamientos (2-0)	1:21 9 anos. (129:129)
✖ M_AS_agresor (40-0)	< 1:22 Pola rúa (129:129)
✖ M_AS_comentarios (7-0)	> 1:23 bérranme cousas (129:129)
✖ M_AS_conductasindeseadas (13-0)	1:24 que me puxeron mal. (129:129)
✖ M_AS_confesión (4-0)	< 1:25 Dexenerados e acosadores! (129:129)
✖ M_AS_cuándo (4-0)	> 1:26 dous homes (129:129)
✖ M_AS_edad (17-0)	1:27 Non manteñas o segredo, non o .. (54:54)
✖ M_AS_exhibicionismo (7-0)	1:28 Creo que é desde ese #PrimAcos.. (64:64)
✖ M_AS_frecuencia (1-0)	1:29 #PrimAcoso https://t.co/ruUWue.. (69:69)
✖ M_AS_frecuencia (3-0)	1:30 #PrimAcoso Denuncia o teu prim.. (217:217)
✖ M_AS_identificación acoso (3-0)	
✖ M_AS_lugar (32-0)	
✖ M_AS_menor (19-0)	
✖ M_AS_miradas (1-0)	

1438 Citas

No hay elemento seleccionado Todos Id - Índice (v.gr. 2:33)

Figura 9. Descritivo das citas xeradas na análise da información

No referente á organización das categorías e subcategorías de análise, o proceso de categorización da información refírese á estratexia de organización da información e á súa posterior clasificación ao redor duns criterios determinados (Bardin, 1986).

Con relación á primeira categoría primaria, *As múltiples violencias cara ás nenas*, atopáronse 3 categorías secundarias de análises que fan referencia a: i. Abusos e agresións sexuais a menores, ii. *Bullying*; e, iii. *Dating violence*: Violencia nas relacións de parella de adolescentes. Na primeira subcategoría, relativa aos casos de *Abusos e agresións sexuais a menores*, a información foi organizada en torno ao tipo de abuso sufrido, ás características da vítima, ao lugar onde se produciu a agresión sexual, á información sobre se os abusos e agresións foron revelados, á resposta emocional das vítimas e ás súas reaccións e, finalmente, ás características do agresor. Polo que respecta á segunda subcategoría, *Bullying*, os relatos organizáronse en torno a categorías de terceiro nivel que abarcan o tipo de *bullying* sexual, as características da vítima, o lugar onde se produce o acoso, a resposta emocional e reaccións das vítimas ante os acosos e, finalmente, as características do acosador. Por último, dentro das violencias sufridas polos e polas menores incluímos a *violencia nas relacións de parella adolescentes*.

Respecto da segunda categoría primaria, *As múltiples violencias que sofren as mulleres*, inclúense os relatos de: i. Acoso sexual a mulleres, ii. Acoso por razón de sexo, iii. Agresións sexuais, e, iv. Violencia nas relacións de parella. Así, en primeiro lugar, a subcategoría Acoso sexual a mulleres abarca o tipo de acoso relatado polas vítimas, as características da vítima, o lugar onde se produciu o acoso, cando se produciu o acoso e se este foi ou non revelado a outras persoas, a resposta emocional das vítimas e as súas reaccións ante o acoso sexual vivido e as características do acosador. En segundo lugar, os casos de Acoso por razón de sexo que se atoparon desagreganse en subcategorías referidas ao tipo de acoso, ás características da vítima, ao lugar onde se perpetraron os acosos e ás características dos acosadores. Finalmente, están as categorías de Agresión sexual e Violencia nas relacións de parella.

A última categoría primaria recolle a *Acollida da campaña #PrimAcoso*, na que se incluíron os comentarios e valoracións, tanto positivas coma negativas, realizados por parte das mulleres e por parte dos homes.

A figura 10, en que se utilizou unha vista de Rede, mostra o desagregamento de cada un dos códigos utilizados.




Figura 10. Superfamilias de códigos.

Finalmente é necesario mencionar que, ao longo da exposición dos resultados da dimensión cualitativa, os fragmentos ilustrativos foron identificados de forma que a cada participante lle foi asignado un código: (M) se a relatora é unha muller ou (H) se o relator é un home, seguido de (1) relativo ao documento primario un, que abarca os comentarios vinculados a #PrimAcoso en Twitter, ou (2) referente ao documento primario dous, que recolle os comentarios realizados en Facebook; seguido dun número que se corresponde co número exacto da cita. A continuación, nas Táboas 3, 4 e 5 preséntanse as categorías e subcategorías de análise dentro das categorías primarias.

Táboa 3. Categorías e subcategorías sobre as múltiples violencias contra menores.

1. As múltiples violencias contra menores			
1.1. Abusos e agresións sexuais			
Tipo de abuso	Sen contacto físico	Ameazas	
		Comentarios sexuais	
		Miradas obscenas	
		Exhibicionismo	
	Con contacto físico	Tocamentos	
		Intentos de agresión	
Forcexo			
Características da vítima	Xénero	Nena	
	Idade	Menores de 16 anos	
		Maiores de 16 anos	
Lugar onde se produciu o abuso/agresión	Espazo público	--	
	Espazo privado	--	
Duración do abuso/agresión sexual	Máis dunha situación de abuso	--	
Revelación do abuso ou agresión sexual	Revelaron os abusos/agresións		
	Non revelaron os abusos/agresións		
Resposta emocional das vítimas	Sentimentos negativos	Incomprensión	
		Malestar e dor	
		Culpabilidade	
		Vergoña	
		Medo	
		Impotencia e rabia	
		Noxo	
	A superación	--	
Reaccións ante os abusos e agresións	Reaccións das vítimas	Pasivas	
		Activas	
	Reaccións dos agresores	Activas	
		Reaccións das persoas espectadoras	Pasivas
	Características do agresor	Vinculación coa vítima	Coñecidos
Descoñecidos			
Sancións aos agresores		--	
1.2. Bullying			
Tipo de <i>bullying</i> sexual	Sen contacto físico	--	
	Con contacto físico	--	
Características da vítima	Xénero	--	
Lugar onde se produce o acoso	Contexto escolar	--	
	Contexto no escolar	--	
Resposta emocional das vítimas	Sentimentos negativos	Medo, rabia e dor	
Reaccións ante os abusos	Reaccións das vítimas	Pasivas	
		Activas	
	Reaccións dos agresores	Activas	
		Reaccións das persoas espectadoras	Pasivas
Características do abusador	--	--	
1.3. Violencia nas relacións de parella adolescentes			

Táboa 4. Categorías e subcategorías sobre as múltiples violencias contra mulleres.

2. As múltiples violencias contra mulleres		
2.1. Acoso sexual		
Tipo de acoso sexual	Sen contacto físico	Comentarios
		Exhibicionismo
		Miradas ou xestos
		Persecución
	Con contacto físico	Tocamentos
Características da vítima	Xénero	
	Idade vítima	Menores de idade
		Maiores de idade
Lugar onde se produciu o acoso	Espazo público	--
	Espazo privado	--
Cando se produce o acoso	Día	--
	Noite	--
Revelación do acoso	Si	--
Resposta emocional das vítimas	Sentimentos negativos	Dor
		Noxo
		Culpabilidade
		Vergoña
		Medo
		Impotencia
		Enfado-odio
Reacción ante o acoso	Reccións das vítimas	Pasivas
		Activas
	Reaccións dos acosadores	Activas
	Reaccións das persoas espectadoras	Pasivas
Características do acosador	Vinculación coa vítima	P. coñecidas
		P. descoñecidas
2.2. Acoso por razón de sexo		
Tipo de acoso	Sen contacto físico	Acoso verbal
		Acoso non verbal
Características da vítima	Xénero	---
	Idade	Infancia
		Adultez
Lugar onde se produciu o acoso	Espazo público	--
Características do acosador	Vinculación coa vítima	P. coñecidas
		P. descoñecidas
2.3 Abusos e agresións sexuais		

Táboa 5. Categorías e subcategorías sobre a acollida da campaña #PrimAcoso.

3. Acollida da campaña #PrimAcoso				
Por parte das mulleres	Acollida negativa	Críticas por ser restritiva	--	--
		Minimizan as violencias	--	--
		Consellos aos 'pobres' homes	--	--
		Insultos	--	--
		Apoio á campaña	--	--
	Acollida positiva	Normalidade das violencias na vida das mulleres		
		Impacto da campaña	Respostas cara ás violencias	Atacar os machistas
				Sororidade e denuncia
				Educación non sexista
Por parte dos homes	Acollida negativa	Menosprezan a campaña	--	--
		Atacan o movemento feminista e as feministas	--	--
		Insultan as mulleres	--	--
		As mulleres tamén son agresoras	--	--
		En contra das accións positivas cara ás mulleres	--	--
	Acollida positiva	Homes indefensos		
		Boa acollida	--	--
		Concienciados coa problemática	--	--
		Identifícanse como posibles agresores	--	--
		Solucións ante as violencias		

III. ANÁLISE DOS RESULTADOS

A análise do contido dos 2887 *tweets* incluídos na campaña do #PrimAcoso permitiunos identificar as múltiples violencias que sofren as nenas, as rapazas e as mulleres ao longo da súa vida. Categorizamos os *tweets* en tres categorías principais (ver Figura 11): a primeira categoría principal céntrase *nas múltiples violencias contra as menores* e inclúe os abusos e agresións sexuais, as situacións de *bullying* sufridas de tipo sexual e a violencia nas relacións de parella adolescentes. Conxuntamente, incluímos a resposta emocional das informantes, así como as súas reaccións ante as violencias sufridas dentro de cada unha das violencias analizadas. A segunda categoría principal, *as múltiples violencias contra as mulleres*, abarca o acoso sexual, o acoso por razón de sexo, os abusos e agresións sexuais, e as situacións de violencia nas relacións de parella. De xeito conxunto recóllense as respostas emocionais das vítimas e as súas reaccións ante as violencias sufridas. Finalmente, na terceira categoría principal, analízase a acollida da campaña de #PrimAcoso así como o seu impacto tanto no colectivo de mulleres como de homes.




Figura 11. Categorías principais e secundarias do #PrimAcoso.

3.1. AS MÚLTIPLES VIOLENCIAS CONTRA MENORES

Esta primeira categoría principal sobre *as múltiples violencias contra menores* representa o 76 % dos casos denunciados a través dos *tweets*. Nesta categoría, identificáronse tres categorías de segundo nivel referidas aos *Abusos e agresións sexuais*, ao *Bullying* e á *Violencia nas relacións de parella de adolescentes* (ver Figura 12). As situacións de abusos e agresións sexuais a menores aglutina o 65 % dos casos, o *bullying* de tipo sexual o 10 % das situacións denunciadas e o 1 % correspondese coa violencia nas relacións de parella de adolescentes. Dentro de cada unha destas categorías establecéronse subcategorías de terceiro, cuarto e quinto nivel.



Figura 12. Categoría principal e categorías secundarias relativas as múltiples violencias contra os/as menores.

3.1.1 Abusos e agresións sexuais contra menores

Dentro desta primeira categoría secundaria de *Abusos e agresións sexuais contra menores*, identificáronse categorías de terceiro nivel (ver Figura 13): Tipo de abuso, Características da vítima, Lugar, Duración do abuso, Revelación da agresión ou abuso, Resposta emocional das vítimas, Reaccións ante os abusos e agresións e Características do agresor.




Figura 13. Primeira categoría secundaria e categorías de terceiro nivel dos abusos e agresións sexuais contra menores.

3.1.1.1. Tipo de abuso

Con relación á tipoloxía de abusos e agresións sexuais dirixidos durante a infancia/adolescencia relatados polas persoas participantes nos *tweets*, identificamos abusos que se producen sen contacto físico e abusos con contacto físico (ver Figura 14).




Figura 14. Categoría de terceiro nivel relativa aos tipos de abusos e agresións sexuais contra menores.

i. Sen contacto físico

En canto ás situacións de abuso e agresións sexuais a menores/adolescentes *sen contacto físico*, as persoas participantes vivenciaron condutas verbais materializadas en ameazas e comentarios sexuais como miradas desagradables e situacións de exhibicionismo. De feito, de todas as situacións relatadas, unha cuarta parte fan referencia a abusos verbais con connotacións sexuais. As mulleres relatan que cando eran nenas sufriron ameazas tanto directas como indirectas. Destacamos as vivencias de dúas mulleres: a primeira relata unha situación de ameaza indirecta que sufriu cando tiña quince anos, un abusador chamábaa por teléfono, reiteradamente, manifestándolle que cando a encontrara a ía agredir sexualmente; a segunda muller relatou que aos dezaseis anos, un home a ameazou cunha arma branca mentres sufría tocamientos non desexados no seu corpo.

Conseguíu o meu telefono e pasou semanas chamándome de madrugada para dicirme que me ía violar (M, 1:13).

Aos 16 anos, ameázame cun coitelo e tócame os peitos (M, 1: 502).

Tamén son moitas as mulleres que revelaron que cando eran nenas ou adolescentes recibiron, con frecuencia, *comentarios sexuais non desexados* sobre a súa aparencia física e o seu corpo sexuado, na meirande parte emitidos por homes e convertendo, deste xeito, o corpo das nenas ou adolescentes en obxecto de valoración. O

contido destas mensaxes emitidos xerou situacións violentas, incómodas ou incluso intimidatorias cara á persoa á que foron dirixidas.

Pola rúa bérranme cousas (M, 1:22).

Aguantar que che digan babosadas (M, 1:224).

Veu berrarme o que lle gustaría facer co meu corpo (M, 1: 604).

Moitos dicían barbaridades [...] ao pasar ao lado (M, 1:1010-1011).

Forman un corredor e dinme porcalladas mentres paso (M, 1:789).

Gritos de "Vouvos meter un pirolazo" (M, 1:947).

Dicíndome: "Toca, toca que sé que te gusta. Guarrilla"(M, 1:472).

Vellos comentando que eu si tiña pernas "coma antes" (M, 1:576).

Que lle di á túa compañeira na clase: "con esa faldita que me traes me desconcentras" (M, 1:861).

Díxome que lle contara os pecados que facía cando estaba eu soa (M, 1:16).

Despois de varias achegas (incomprensibles para min naquela altura), dime: "Quen te pillara mexando!" (M, 2: 455).

"Xogamos aos médicos, voute recoñecer" (M, 1:327).

Que opinan sobre como esta mudando o teu corpo, sobre que os novos non saben pero eles si te foderían (M, 1:572).

Non foi máis que unha "gabanza" [...] que me asustou e me fixo entender que tocaba empezar a ter coidado cos adultos (M, 1:815, 817).

Tamén é cando comentades "que boa moza estás feita, xa es toda unha mulleriña" ás fillas dos vosos coñecidos (M, 1:710).

Algunhas mulleres incluso explican como os primeiros abusos que sufriron durante a súa infancia se materializaron en "gabanzas" sobre o seu aspecto físico e o seu corpo sexuado.

Cando todo che da vergoña, os primeiros "piropos" son agresións. Non somos obxectos, non che pedín opinión! (M, 1:40).

Tamén, con relación aos comentarios que viven as nenas dende a súa infancia, reflexan os estereotipos de xénero que definen os trazos de personalidade, os roles e as actividades diferenciadas que teñen que desempeñar os nenos e as nenas. Neste sentido, son varias as mulleres que relatan situacións que viviron na súa infancia onde eran excluídas dos xogos infantís porque eran “tradicionalmente” asignados aos nenos, chegando incluso a ser etiquetadas como “pouco femininas” ou a recibir insultos.

Que ben toca, que lista é pero que pena que non nacera home. Éche o único defecto que ten a rapaza (M, 2:140).

Era a única nena do equipo de fútbol: "Ti ponte de porteira que as nenas non sabedes darlle ao balón" (M, 1:5)

Cando me dixeron por primeira vez..." ti non podes que es unha nena." (M, 1:17).

Cando quería xogar ao fútbol cos rapaces e dicían: ela de defensa que é unha nena e pega as patadas moi ben (M, 2:232).

Miña avoa dicíndome que non vista saias tan curtas que os provocho, e nunca se sabe que lle poden facer a unha (M, 1:381).

Tes que ser máis feminina, non ves que así non vas ligar? (M, 1:143).

Cantas veces me insultaron por xogar ao fútbol (ou querer xogar...) (M, 1:409).

Prohibíndonos ás nenas xogar ao fútbol "porque os podeis lastimar". Eles, fútbol. Nós, mirando (M, 1:484).

Cando pides por reis coches teledirixidos e scalextric e veñen un lote de barbies (M, 1:683).

O acoso comeza nos xogos infantís, cousas de nenos e cousas de nenas, xogos para servir aos primeiros (M, 1:6).

Outras das situacións de abuso e agresions sexuais a menores, sen contacto físico, foron as que relataron as vítimas de *miradas obscenas dirixidas* cara ao seu corpo por parte dun agresor, que a convertía nun obxecto de desexo e a instrumentalizaba para o seu pracer sexual.

No meu cuarto, mudando a roupa. Entra un familiar, adulto. Fica alí,

ollando para min, o que para min foi unha eternidade (M, 1:915).

As miradas fixas cara ao meu corpo (M, 1:516).

Tamén un de cada sete casos relatados de abusos sexuais cando nenas manifestaron que foron vítimas de situacións de *exhibicionismo* nas que un home adulto lles mostrou o pene, sen consentimento, co obxecto de excitarse sexualmente.

Charlando cunha amiga tras unha noite de festa, diante do meu portal, un home masturbábase mentres nos vía falar (M, 1:19).

Unha amiga e eu volvíamos para casa e atopamos un tío masturbándose, case non vimos nada (M, 2:434).

Que se masturbou ao meu carón (M, 1:1000).

Masturbouse ao meu carón e votoume a man (M, 1:749).

Perseguíume un tipo barbudo masturbándose mentres me falaba tranquilamente, contándome (M, 2:132).

Un home masturbándose (M, 2:214).

Ensíname os xenitais (M, 1:941).

Ensínanos o pene pola rúa (M, 1:126).

Perseguíume, asaltoume nun camiño e amosoume os seus xenitais (M, 1:302).

Perségueme por un camiño co pene na man. Tenta collerme (M, 1:722).

ii. Con contacto físico

En canto ás situacións de abuso e agresións sexuais *que levan consigo contacto físico*, as mulleres a través dos *tweets* relataron situacións que experimentaron de nenas e de adolescentes nas que o seu corpo se converteu nun obxecto de desexo, que os “agresores” anhelaban posuílo a través de tocamientos e agresións non desexadas e non consentidas.

Con relación aos *tocamentos non desexados no corpo das rapazas/mulleres*, as vítimas manifestaron que recibiron, moi frecuentemente, *palmas, rozamentos e apalpamentos* no seus traseiros, peitos ou outras partes sexuais do seu corpo, por

medio do uso da forza física do agresor. Especialmente este tipo de tocamientos non desexados producíronse durante a etapa da puberdade e cando os seus corpos empezaron a facer visibles os caracteres sexuais secundarios, como o aumento e crecemento dos peitos, o ensanche das cadeiras e a aparición de lanuxe en pube e axilas.

Acompañando a unha amiga máis pequena, o seu pai aproveitou para rozarme o peito (M, 1:8).

No quiosco onde mercaba as lambonadas, coa excusa de que non chegaba ao estante, pedíallo para collelo e botábache a man aos peitos (M, 1:31).

Crúzome cun grupo de mozos. Un sóbame os peitos (M, 1:700).

Tocoume un peito (M, 1:902).

Finxen caer enriba miña para tocarme os peitos ou o cu (M, 1:86).

Dáme unha sonora palmada no cu (M, 1:759).

Tocoume o cu (M, 1:67).

Beliscoume os peitos e dixo: "Ai, xa estás feita unha mulleriña (M, 1:109).

Pasoume a man pola cona mentres dicía: "terás xa o chochiño negro" (M, 1:959).

Arrecunchoume na porta de atrás e intentou meterme man preguntándome se xa tiña "tetitas" (M, 1:828).

Simulou darme unha aperta para tocarme os (non) peitos (M, 1:117).

Pasa nadando polo meu lado e aproveita para me poñer a man na cona (M, 1:184).

E botoume a man á crica (M, 1:1000).

Xincana nocturna de campamento e notar que alguén che mete man e sae correndo sen que poidas velo (M, 1: 643).

Cando ía seguir camiñando, un mozo agarroume a cara e plantoume un morreo (M, 1:764,768).

Bicoume na boca..., quería meter a lingua na boca (M, 2:471).

Desequilíbrame, boto o pé á terra e entón tócame (M, 2:145).

Noutra colleume un mozo e non me soltaba mentres me apalpaba (M, 2:403).

Acurrálame contra unha parede (M, 1:783).

Atropelábame cando eu ía ao baño. Tocábame as pernas e intentaba meter os seus dedos dentro das miñas bragas, mentres me dicía ao oído que lle ensinase o que teño (M, 2:449).

Un veciño deles, vello e borracho, pedíume "un biquiño" e cando os meus beizos dirixíronse á súa fazula enganchoume a boca e plantoume un noxento bico de parafuso. Cando me soltou decidiu fregar as súas putas mans coas tetas da miña irmá (que, por certo, non creo nin que tivese ,porque ela tiña uns dez e eu sobre oito anos) (M, 2:463).

Colleume no colo e tivo unha erección. Deixou o meu vestido empapado (M, 1:1027).

Tamén son moitas as mulleres que relataron situacións que vivenciaron de nenas, nas que foron vítimas de tocamientos non desexados en todo o seu corpo, sen dirixir o contacto físico aos órganos sexuais.

Restrégase contra o meu corpiño (M, 1:271).

Soboume o corpo (M, 1:292).

Acaríciame a perna (M, 1: 363).

Día tras día soportar "toqueteos" (M, 1: 438).

Sóbame de xeito violento (M, 1: 499).

Aloumíñame con forza o pelo e o lombo (M, 1: 444).

De súpeto, un métese na miña cama e comeza a tocarme e bicarme mentres durmía (M, 1:1022).

Bailas? Bailo!... Só quero bailar, quieto coas mans! (M, 1:168).

Cabe salientar o caso de dúas vítimas que afirmaron sufrir tocamientos non desexados. Nestes casos, a estratexia que empregaron os agresores para someter as vítimas, foi aproveitarse da súas posicións de superioridade. Os agresores ordenaban sentar ás rapazas no seu regazo para “acariñar” o seu corpo, levartarlles as saias ou

baixarlles o escote da camiseta. Unha das mulleres que vivenciou esa experiencia, sinala que aínda lembra o “cheiro do seu alento”.

Sentábame no colo e acariciábame as pernas (M, 1:2).

Séntame enriba del... (M, 1:937).

Dime que teño un pantalón moi bonito e báixamo (M, 1: 392).

Saudaba colléndonos no colo ás nenas e levantándonos a saia. Pero soamente ás nenas (M, 1: 590).

Botábase enriba para mirarme polo escote os peitos (M, 1:197).

Que viña a confesarnos, sentábanos no seu regazo e acariciábanos, aínda recordo o olor do seu alento (M, 1: 697).

Tamen podemos destacar dentro dos comportamentos non desexados, outras dúas situacións: na primeira, unha muller revela como un adulto lle solicitou que collera algo no peto do seu pantalón coa finalidade de que lle tocasse os xenitais. No segundo caso, a vítima explica como o agresor a encerrou nunha habitación da que non a deixaba saír se non lle practicaba sexo oral. Neste tipo de situacións compróbase como as nenas son manipuladas, coaccionadas e instrumentalizadas para a satisfacción sexual dun home adulto.

Pide que lle axude a coller algo no seu peto do pantalón para que tocara os seus xenitais (M, 1:992).

Encerroume na habitación e obrigoume a probar a facerlle un “traballiño” para deixarme saír (M, 2:461).

Con relación ao tipo de violencia, nalgúns casos, as propias vítimas expresan que o abusador les provocou dano físico cando perpetraba a agresión, como beliscos nalgunha das partes sexuadas do seu corpo.

Pero unha vez ao cruzarme con un agarroume unha teta. Ata dano me fixo (M, 2:19).

Agarroume o cu e beliscoume moi forte (M, 2:116).

Agredíame sexualmente e con forza (M, 2:34).

Inmobilizoume, suxeitándome os brazos para tocarme (M, 2:128).

Cabe destacar que son varias as mulleres que relatan nos *tweets* que non foron vítimas de agresions, pero si o foron de “intentos de agresión”. As vítimas contan que foron agarradas ou empuxadas de forma violenta por parte dos agresores, pero que conseguiron escapar.

Un empuxoume contra a parede dunha casa e tentou bicarme (M, 2:113).

Agarroume e tentou bicarme... soboume e non sei que pasaría se non lle chego a meter unha patada nos c... (M, 2:135).

Nunha ocasión queríanme obrigarme a ter sexo, escapei (M, 2:398).

Volvendo a casa cunha prima, un violador se tiróuselle (M, 1:945).

Na mesma liña, dúas vítimas contan que de nenas un home adulto intentou metelas violentamente no seu coche para perpetrar unha agresión sexual, pero que lograron fuxir.

Ao pasar á súa altura abre a porta e intenta meterme no coche contra a miña vontade (M, 2:237).

Parou e tentou meterme no seu coche, pero din escapado (M, 2:369).

3.1.1.2. Características da vítima

Polo que respecta á categoría de terceiro nivel, *características da vítima*, emerxen dúas subcategorías realivas ao *xénero* das vítimas e a *idade* que tiñan cando sufriron o primeiro abuso ou agresión sexual (ver Figura 15).



Figura 15. Categoría terciaria relativa ás características das vítimas de abusos e agresións sexuais menores e categorías de cuarto nivel.

i. Xénero da vítima

Na totalidade de *tweets* que aludían á situación de abuso e agresións sexuais a menores, aínda que non se identificaba explicitamente o xénero da persoa, a través da análise dos seus discursos, podemos sinalar que todos os casos relatados eran de mulleres.

Eu tamén fun unha nena acosada (M, 2:39).

Sendo unha nena de nove ou dez anos, sufrin abusos (M, 2:267).

ii. Idade da vítima

Dos *tweets* analizados, nos que a vítima revelou a idade na que sufriu abusos e/ou agresións sexuais, atopamos un abano de idades comprendidas entre os 4 e os 18 anos. De forma que organizamos os casos identificados en dous grupos de idade (ver Figura 16) —as vítimas menores de 16 anos e as vítimas maiores de 16 anos— tomando como referencia a lexislación. Así, baseámonos na recente actualización do Cógido Penal que, no seu artigo 183, expón que a persoa que realice actos de carácter sexual cun o cunha menor de dezaseis anos será castigado como responsable de abuso sexual.




Figura 16. Categoría de terceiro nivel relativa á idade das vítimas dos abusos e agresións sexuais e categorías de cuarto nivel.

ii.1. Vítimas menores de 16 anos

No primeiro grupo incluimos os relatos das persoas que foron vítimas de abuso sexual cando tiñan menos de 16 anos. Podemos destacar que nun 90 % dos casos relatados, as vítimas eran menores de 16 anos. Non obstante, o tramo de idade no que as vítimas sufriron máis abusos sexuais sitúase entre os 8 e os 12 anos, sendo os 10 anos a idade máis sinalada.

Con 4 anos (M, 1:934).

5 anos (M, 1:994).

Creo que a primeira vez debía ter entre 5 e 7 anos (M, 2:126).

6 anos (M, 1:1).

7 anos (M, 1:267).

Nin 8 anos tiña (M, 1:493).

8 anos (M, 1:181).

9 anos (M, 1:14).

Sendo unha nena de 9 ou 10 anos (M, 2:267).

10 anos (M, 1:7).

Con 10 ou 12 anos (M, 1:289).

9-10 anos (M, 1:289).

Aos 11 anos (M, 1:496).

12 anos (M, 1:927).

Aos 12 (M, 1:943).

12 anos (M, 2:142).

Con 13 anos (M, 1:353).

14 anos (M, 1:195).

Con 15 anos (M, 1:11).

Tiña aproximadamente 15 (M, 1:765).

Cando tiña 15 anos (M, 2:391).

Nalgúns casos atopamos que as vítimas non recordan ben a idade exacta na que se perpetrrou o abuso, pero indican principalmente o período da pubertade, cando o seu corpo empezou a facer visibles os caracteres sexuais secundarios.

Cando me saíron as tetas (12 anos aprox.) (M, 1:514).

Durante os meus anos de relixión no colexio (M, 1:1013).

Estudaba 5º de primaria (M, 2:374).

8º de EXB. 13 anos [...] (M, 1:624).

En 2º de EXB (M, 1:485).

De pequena (M, 1:4).

Na preadolescencia (M, 1:135).

Na adolescencia (M, 1:166).

ii.2. Víctimas maiores de 16 anos

Neste segundo grupo incluímos as vivencias das persoas que foron vítimas de abuso sexual no período de idade que vai dende máis de 16 anos ata os 18 anos. Neste grupo reúnese un 10 % dos casos relatados.

Con 16 (M, 1:554).

Con 16 (M, 1:500).

16 eu (M, 1:666).

Aos 17 (M, 1:518).

Aos 17 (M, 133).

3.1.1.3. Lugar onde se produciu o abuso/agresión sexual

Con relación á categoría de terceiro nivel, relativa ao *lugar onde se produciu o abuso ou agresión sexual*, as mulleres relatán que sufriron abusos sexuais cando eran nenas tanto en espazos públicos coma en espazos privados (ver Figura 17).




Figura 17. Categoría de terceiro nivel relativa ao lugar onde se produciu o abuso/agresión a menores e categorías de cuarto nivel.

i. Espazos públicos

Un terzo dos casos identificados sinalaban que as primeiras situacións de abuso que viviron foron nun espazo público, como na rúa, nun camiño, ou nunha feira. Tamén lembran que foron atacadas en lugares próximos ao seu domicilio, incluso no portal ou nas escaleiras da súa casa.

En lugares públicos (M, 2:394).

Na rúa (M, 1:65).

Pola rúa (M, 1:517).

Pola rúa (M, 1:127).

Vou camiñando [...] pola rúa (M, 1:755,757).

Nun camiño cando ía en bici (M, 2:143).

Xogando ao fútbol na aldea (M, 1:84).

Camiñando á fonte a por auga, como todos os días (M, 2:235).

Pola tarde, diante da miña casa (M, 1:602).

Nunha feira ateigada (M, 1:721).

Nunha festa (M, 1:210).

Carnaval (M, 2:109).

Avenida céntrica ..., 10 da mañá (M, 1:787).

Avda. Fisterra, A Coruña (M, 1:699).

Asaltada nun camiño rural (M, 2:268).

Na aldea, diante da casa dos avós (M, 1:296).

Nas escaleiras (M, 2:229).

Portal da casa (M, 1:261).

Estando sentada na porta da miña casa (M, 2:367).

Coouse no ascensor (M, 1:291).

Unha das primeiras veces que fun ao cine coas amigas e sen adultos (M, 1:1001).

Outros espazos públicos que as vítimas sinalan como lugares nos que foron agredidas, son os centros educativos, as institucións eclesiásticas, espazos relacionados co ocio e co tempo libre, como en campamentos, piscinas, cines, bares ou incluso nos medios de transporte.

No recreo do colexio (M, 1:62).

No instituto (M, 1:790).

Instituto (M, 1:99).

Colexio privado de Santiago (M, 1:226).

Camiño ao novo colexio (M, 2:213).

No colexio (M, 1:182).

Na sancristía, preparando a primeira comunión (M, 1:443).

No campamento (M, 1:575).

Na piscina (M, 1:321).

No cine (M, 1:427).

Nun bar (M, 1:33).

Tranvía ou bus (M, 1:426).

No autobús do cole (M, 1:268).

ii. Espazos privados

A maioría dos abusos e agresións sexuais a menores lévanse a cabo en espazos privados. A súa casa, a dos familiares ou a das amizades, que deben ser lugares de protección, convertéronse, en ocasións, en zonas perigosas onde a menor atopou o seu agresor.

Na casa (M, 2:155).

Na casa da avoa (M, 2:388).

Na miña casa (M, 2:166).

De intercambio nunha casa en Inglaterra (M, 1:555).

Na súa casa (M, 1:901).

Cuarto (M, 1:326).

3.1.1.4. Duración do abuso/agresión sexual

En canto á *duración do abuso ou agresión sexual contra as menores*, encontramos que son poucas as vítimas que informan sobre canto tempo duraron os abusos que sufriron cando nenas ou rapazas. Non obstante, aquelas mulleres que detallaron o tempo de duración do abuso ou agresión sexual, sinalan que non se limitou a un feito ocasional, senón que os abusos foron reiterados durante un período de tempo que pode oscilar dende dous a cinco anos.

Durante dous anos (M, 1:445).

Eu lembro moi vivamente a partir de cinco anos, varios (M,1:995).

Sobrevivín a un abuso sexual reiterado na infancia (M, 1:985).

A infancia era un acoso diario na rúa,... sempre (M,1:987).

2 anos máis e alguén repite a escena (M, 1:938).

Eu lembro moi vívidamente un con cinco anos, e tamén que non foi o primeiro (M, 1:995).

Crecín en ... o raro era volver un día a casa sen ser apalpada, insultada ou perseguida (M, 1:1016).

Pois moitas veces (M, 2:397).

Foi durante un tempo, cada día (M, 2:417).

Vivín agresións sexuais varias veces... (M, 2:7).

Cabe destacar os relatos de dúas vítimas que expresan que non soamente lembraban o primeiro abuso sexual sufrido, senón que foi o punto de partida que abriu paso a todos os abusos que sufrirían ao longo da súa vida.

Lembrades o primeiro? O que vén antes do resto da vida? (M, 1:993).

E claro que houbo outras veces máis ao longo da miña vida, varias (M, 2:382).

3.1.1.5. Revelación do abuso ou agresión sexual

A maioría dos relatos dos abusos e agresións sexuais sufridos polas mulleres cando eran nenas ou mozas, non fan alusión a revelación do abuso a unha persoa adulta. Non obstante, un pequeno grupo de vítimas manifesta ter revelado a un adulto os abusos e agresións sexuais que sufriron, mentres que noutros casos expresan que decidiron non compartilo con ninguén (ver Figura 18).




Figura 18. Categoría de terceiro nivel referente á revelación do abusos ou agresións sexuais en menores e categorías de cuarto nivel.

i. Revelaron os abusos e as agresións sexuais

Na análise dos *tweets* confírmase que son moi poucas as mulleres que revelaron os abusos sexuais cando eran nenas. Cabe destacar catro situacións compartidas nos *tweets*. No primeiro caso, a rapaza contoulle aos seus proxenitores que sufrira abusos sexuais e estes decidiron non crela e non fixeron nada. No segundo caso, a rapaza revelou os abusos a unha persoa adulta e esta mandouna calar e tamén lle manifestou que ese tipo de comportamento reflexaba que lle gustaba ao rapaz. No terceiro e no cuarto caso, unha das rapaza contoulle os abusos que sufrira a unha docente e a outra aos seus proxenitores, en ambas as situacións créronas e denunciaron o agresor, o proceso terminou no xulgado e o agresor foi condenado.

Conteillo aos meus pais [...] É Carnaval. Xa pasou. Non souberon que máis dicirme (M, 2:119-120).

Mandáronme calar porque unha señorita (9 anos tiña) non pode levantar a voz así e como consolo dixéronme que o fixera porque os nenos eran así e que podía estar contenta porque era que lle gustaba (M, 2:363).

Un día fomos falar coa directora e contámoslle todo, apoiadas por tres dos rapaces que foran testigos algunha vez (M, 2:377).

Denunciouse (M, 2:180).

Sei que o condenaron (M, 2:426).

Cando cheguei á miña casa, a miña nai decaotuse de que algo me pasara e conteillo. Fomos os meus pais e eu a denuncialo e houbo xuízo (M, 2:425).

Outra das situacións coas que nos atopamos foi a denuncia e a visibilización tardía dos abusos e agresións sexuais sufridos. Así, detectáronse casos de mulleres que recoñecen que revelaron o abuso sexual que sufriron na idade adulta. Incluso algunha muller afirma que a través desta campaña é a primeira vez que verbaliza os abusos que sufriu, nunca antes dera o paso para facer visibles as situacións de abuso vividas.

Tardei anos en dicilo (M, 1:119).

Ata os 30 non llo dixen ao resto da familia (M, 1:1003).

Esta é a primeira vez que o digo en público (M, 2:260).

Destacamos un dos casos en que o abuso sexual dunha nena o evitou un veciño que, ao decatarse da situación, entrevistou para evitalo.

Un veciño que viu a escena evitouno (M, 2:371).

ii. Non revelaron os abusos e as agresións sexuais

Podemos concluír que, de forma maioritaria, as vítimas de abusos e agresións sexuais na infancia admiten que nunca lle confesaron a ningún as situacións de abuso sexual que viviron.

Chorei sen contarlle nada a ningún (M, 1:810).

Silencio (M, 1:676).

Nunca denunciei (M, 1:682).

Xamais llo contei a ningún (M, 2:221).

Non dixen nin mu nunca (M, 1:281).

Non o conto na casa ... (M, 1:754).

Ningún de nós tampouco o falamos nunca na casa (M, 2:379).

As principais razóns ás que aluden as vítimas para non revelar os abusos ou as agresións sexuais sufridas foron: por medo a non ser cridas, por ser culpabilizadas facendoas responsables dos abusos ou por protexer o agresor.

O que si lembro é que se algunha o contaba, a culpa sempre era dela. E así, aprendes a calar e segues vivindo. E sempre está aí. Sempre (M, 2:340).

Non o contamos por vergoña, por medo... (M, 2:500).

A miña nai cuestionábame con preguntas, como se lle custase crelo (M, 1:998).

Nun dos casos a vítima relata que o motivo para non revelar o abuso sexual foi protexer o agresor. No segundo caso, aínda que a vítima manifesta que nunca contou os abusos sexuais que sufriu, sinala que unha amiga foi capaz de detectalo. Finalmente, no terceiro caso, a vítima verbaliza que nunca confesou o abuso na familia, pero que a súa avoa, que era coñecedora da situación, a ocultou. Incluso a vítima narra como se decatou de que máis persoas da súa propia familia foron tamén vítimas dos abusos e agresións por parte dun familiar, que neste caso era o seu avó.

Eu non lles dicía nada aos meus pais (M, 2:123).

Non o contamos por non saber falar do que criamos prohibido e porque estabamos seguras de que o meu pai o mataría a hostias (cousa que, sendo merecidas, supoñíanos outro debate moral) (M, 2:465).

Só a miña mellor amiga, que estaba moitas veces alí comigo, se deu de conta do que pasaba (M, 2:451).

Co tempo souben que o meu avó tamén tentaba abusar das miñas outras irmás. E que cando a miña tía tiña 4 anos foi violada por el...a miña tía avoa tamén...non só iso...tivo un fillo seu que foi criado como o seu irmán...o que nunca entendín é como a miña avoa sendo consciente de todo isto nos mandaba, desta maneira tan cruel, á mesma boca do lobo (M, 2:404).

3.1.1.6. Resposta emocional das vítimas de abusos e agresións

A través da análise dos relatos das múltiples violencias que sofren as mulleres durante a súa infancia e adolescencia, atopamos que son moitas as que expresan os seus sentimentos ante os abusos e agresións sexuais sufridas, emerxendo, así, unha terceira subcategoría relativa á *Resposta emocional das vítimas*. Esta subcategoría, á sua vez,

desagregase en dúas subcategorías de cuarto nivel: i. *Sentimentos negativos* e ii. *A superación* (ver Figura 19).




Figura 19. Categoría de terceiro nivel relativa ás respostas emocionais das vítimas de abusos/agresións e categorías de cuarto nivel.

i. *Sentimentos negativos*

Dentro da categoría de cuarto nivel de *Sentimentos negativos* sufridos polas vítimas despois dos abusos e agresións sexuais, inclúese case a totalidade dos relatos analizados. É dicir, de forma maioritaria as mulleres vítimas expresan que se viron afectadas negativamente polas situacións de abuso/agresión sexual que sufriron. Así, cada un dos sentimentos expresados polas vítimas correspóndese coas categorías de quinto nivel: i. *Incomprensión*; ii. *Malestar e dor*; iii. *Culpabilidade*; iv. *Vergoña*; v. *Medo*; vi. *Noxo*; e vii. *Impotencia e rabia* (ver Figura 20)




Figura 20. Categoría de cuarto nivel, os sentimentos negativos das vítimas e quinto nivel.

i.1. *Sentimentos de incomprensión*

No referente aos *sentimentos de incomprensión*, as vítimas describen nos seus comentarios que cando sufriron a súa primeira experiencia de violencia sexual non lograban entender o que estaba a pasar. Non entendían que as persoas da súa familia, que terían que protexelas, fosen as que lles estaban a facer dano.

Non o entendín (M, 1:9).

Tardo en comprendelo (M, 1:1027).

Hai moito, pero moito, que o teño superado, de feito non pensei demasiado niso, nin sequera sabía ben que pasara [...] Non sabía nin poñerlle nome. Entendino moito despois (M, 2:187-188).

Pero con 9 ou 10 anos non entendes o porqué (M, 1:684).

Inocencia da infancia, onde seguramente ata nos facía graza (M, 1:1014).

O peor é que nin sabía o que me estaba a facer. Porque diso nin se falaba (M, 1:988).

Tardei en entendelo (M, 1:365).

i.2. Sentimentos de malestar e dor

Outras mulleres, pola contra, afirman que sentiron un *malestar* e unha *dor* que as facía *vulnerables* ante as situacións de abuso e agresión que experimentaron. Algúns dos relatos amosan a dor das vítimas porque lles custa moito expresalos.

Que me puxeron mal (M, 1:24).

Invasión da intimidade (M, 1:585).

Querer chorar (M, 1:644).

Aínda máis vulnerable (M, 2:24).

Sentinme mal (M, 1:903).

Incluso algunhas informantes expresan que debido á campaña do #PrimAcoso e a pensar nas violencias que levan sufrido, recuperaron da súa memoria as situacións de abuso sexual que sufriron cando eran nenas, das que xa non se lembraban.

Pois lendo casos do #PrimAcoso fixéronme lembrar algo no que nunca reparara, dado que a miña mente seguramente quixo esquecer aquilo e nunca... (M, 1:507).

Aparcara na memoria... (M, 2:245).

Cando descubrín o hashtag publiquei tres tweets nos que contaba as tres últimas situacións de acoso que sufrín e que lembraba con maior claridade. Sabía que sufrira acoso antes, pero non era capaz de

determinar cando nin como. Teño que admitir que me frustrei; pero, despois de tanto pensar, conseguín lembralo (M, 1:863).

Cabe destacar o caso relatado por unha vítima que non é capaz de lembrar cal foi o primeiro episodio de abuso que sufríu debido á cotidianidade coa que os sufría durante a súa infancia, o que si lembra son todos os seus agresores.

Non lembro a primeira vez... só sei que dende que recordo, pasaba...pero, si lembro quen. Todos e cada un deles (M, 2:338).

i.3. Sentimentos de culpabilidade

Por outra banda, son moitas as mulleres vítimas que experimentaron o sentimento de *culpabilidade*, coma se elas fosen as responsables do abuso ou da agresión sexual sufrida. Nalgúns casos, a culpabilidade que sentían facíaas sentir “sucias”.

Síntome rara e sucia (M, 1:364).

Sentíame sucia (M, 2:220).

Sentín culpa (M, 1:677).

Teño a estraña sensación de que o que pasou foi culpa miña e vanme rifar (M, 2:149).

A sensacion exacta: vanme rifar... (M, 2:151).

Ter que calar porque pensas que algo malo fixeches ti (M, 2:161).

Eu, que bobada, pensei que era a miña culpa... e marcou a miña visión do mundo... como un lugar perigoso e violento (M, 2:373).

Ningunha das dúas nos sentimos culpables eramos nenas, culpables de que? (M, 2:181).

Unha das vítimas mesmo narra como foi culpabilizada por algunhas persoas do seu contorno por “tardar” en revelar o abuso.

A min non se me culpabilizou por contalo, senón, por non contalo antes, cousa que non entendín tampouco. A miña nai, en cambio, sempre di, menos mal que sempre falaches polos cóbados (M, 2:164).

i.4. *Sentimentos de vergoña*

Na mesma liña, dentro dos sentimentos negativos experimentados polas vítimas ante as situacións de abusos e agresións sufridas, emerxe o *sentimento de vergoña*, que tamén é un dos máis experimentados segundo relatan as vítimas tralas situacións de violencia.

Vergoña (M, 1:492).

Avergoñada (M, 1:492).

Que me custe escribir isto por vergoña, cando eles seguro que nin se lembran (M, 1:909).

i.5. *Sentimentos de medo*

De forma maioritaria, as vítimas afirman que outro dos sentimentos que experimentaron foi o *medo*. No referente ao sentimento de medo, na análise dos *tweets*, atopamos que en varios casos expresan que a sensación de medo as invadía tanto durante a agresión coma despois da agresión, incluso ese medo facía que todo o seu corpo tremera.

Corro escaleiras arriba cun medo terrible (M, 1:280).

Non lembro ben a escena, pero lembro que pasei moito medo (M, 2:462).

Si. Pero eu era un pesoplumiña e vinme rodeada de espantos, coma na lenda de Bécquer do entroido veneciano. Púidome o susto (M, 2:12).

Eu tremía (M, 1:1008).

Ameaza (M, 1:967).

Tiña medo (M, 1:1012).

Mortas de medo (M, 2:437).

Vivín con medo (M, 1:637).

Non querendo quedar a soas con eles e aínda se me arrepiu a pel (M, 1:1006).

Cando se achegaba, o medo (M, 2:35).

Pasei anos con medo cada vez que ía mexar (M, 2:456).

Foron moitas as tardes que subín tremendo, sen entender que fixera, ata o lugar no que me protexían fisicamente, mais no que nunca saberían o que pasara aquela tarde de outono (M, 2:280).

Incluso unha das vítimas relata como asociaba o olor da colonia e do alento do seu agresor co medo, entre outros sentimentos.

Aínda hoxe lembro o olor da súa colonia mesturada co seu alento e as náuseas que eu sentía polo medo, o noxo e a vergonza... (M, 2:381).

Nesta senso, unha das vítimas expresa que o medo era para ela tan intenso que tivo que cambiar a súa vida, renunciando a facer actividades ou a ir a determinados lugares. Outra das vítimas tamén refire ter medo a que a súa irmá tamén sufrira as mesmas situacións de abuso sexuais que ela vivira.

Ter que deixar a túa actividade preferida, acaba tarde. Toque de queda (M, 1:968).

Teño medo de que lle pase á miña irmá (M, 1:931).

i.6. Sentimentos de noxo

Tamén, o *sentimento de noxo* é nomeado por moitas das vítimas de violencia sexual, tanto no momento no que se produciron os abusos coma anos despois.

Noxento (M, 1:118).

Noxento! (M, 1:198).

Noxo (M, 1:422).

Noxo (M, 1:614).

Sentín noxo (M, 1:942).

Aborrecida (M, 2:22).

Cando te dás de conta anos máis tarde e acabas por lle dar un nome a aquela sensación de noxo que non podías explicar (M, 1:55).

Sentindo noxo e vergoña (M, 1:724).

i.7. Sentimentos de impotencia

Algunhas vítimas tamén describen nos seus comentarios *sentimentos de impotencia e rabia*. Impotencia que as conduce a chorar e a experimentar, ao mesmo tempo, rabia e enfado.

Querer chorar (M, 1:644).

Rabia (M, 1:677).

Impotencia (M, 1:708).

Destacamos o relato dunha das vítimas que describe que cando lles revelou o abuso sexual ás súas amigas, estas xustificaron e minimizaron a agresión, manifestando que polo menos o agresor era “guapo”. Esta resposta por parte das amigas, fíxolle sentir unha grande impotencia e rabia.

As miñas amigas, ao verme chorar, animábanme dicíndome que "polo menos estaba bo". Si. Era guapo. E que. Eu non quería. Eu non quería (M, 2:149).

ii. A superación

Na análise dos *tweets* identifícanse poucas situacións nas que as vítimas sinalan que a día de hoxe xa superaron eses abusos e agresións sexuais sufridos. Estas mulleres afirman sentirse unhas sobreviventes a esas situacións de violencia.

Pero síntome unha sobrevivente (M, 2:38).

Eu téño superado [...] Nunca me afectou (M, 2:13-14).

Xa está superado e non gardo rancor a ninguén (M, 1:872).

Mesmo entón comprendín que a humillación que sentín eu non era nada e que un bruto que te ridiculiza en público é motivo de que te sintas orgullosa (M, 2:364).

3.1.1.7. Reaccións ante os abusos e agresións

Con relación á oitava categoría de terceiro nivel, *Reaccións ante os abusos e agresións sexuais*, identificáronse tres categorías de cuarto nivel: i. *Reaccións das*

vítimas; ii. *Reaccións dos agresores*; e iii. *Reaccións dos espectadores*. Dentro de cada unha desas categorías establécense varias subcategorías de quinto nivel de profundidade nos discursos (ver Figura 21).




Figura 21. Categorías de terceiro, cuarto e quinto nivel de profundidade relativas ás reaccións ante as violencias sufridas cando nenas.

i. *Reaccións expresadas polas vítimas*

En canto ás *Reaccións que as vítimas* de abuso e/ou agresións sexuais plasman nos *tweets*, establecemos dúas formas de resposta: por un lado, aquelas vítimas que reaccionaron activamente e, polo outro, aquelas que tiveron unha resposta pasiva ante as situacións violentas vividas na súa infancia (ver Figura 22).




Figura 22. Categorías de cuarto, quinto e sexto nivel relativas ás reaccións das vítimas menores ante as violencias sufridas.

i.1. *Reaccións pasivas*

Nos casos das vítimas que expresan nos *tweets* *Reaccións pasivas*, atopamos que se producen dúas situacións: a. Bloquearse ante as situacións violentas; e b. Evitar calquera tipo de situación que consideren perigosa.

a. Reaccións de bloqueo

A ampla maioría das vítimas conta que ante os abusos non reaccionou. Neste sentido, un grupo de vítimas describe como a súa reacción foi *bloquearse* ante a situación vivida, tamén expresan que quedaron paralizadas e que foron incapaces de actuar para librarse desa violencia.

Eu paralizada e muda (M, 1:394).

Paralizábame [...] Ás veces aínda me paralíza (M, 2:36-37).

Tres vítimas expresan nos seus comentarios que era moi difícil defenderse cando eran nenas e que optaban por esquecer a situación de violencia sufrida por supervivencia.

Con 12 anos é difícil saber defenderse dun home feito e dereito (M, 2:185).

b. Evitación

Na análise dos *tweets* as vítimas contan que a súa reacción ante as violencias sufridas foi empregar a estratexia de *Evitación*. As mulleres vítimas relatan que evitaban volver aos lugares onde se producían os abusos, ou intentaban non estar nunca a soas co agresor.

En 21 anos non volvín a pisar esa casa (M, 2:157).

Non volvemos usar ese atallo (M, 2:215).

Cando ela estaba íamos xuntas ao baño e cando non estaba eu mexaba en calquera esquina da eira, para non ser encerrada no baño. A miña salvación foi non estar nunca soa con el na casa (M, 2:452).

Deixar de ir a clases de confirmación (M, 1:588).

En 21 anos no volvín pisar esa casa (M, 2:157).

E como lle pedía á miña mai que me colocase medias para sentirme protexida (M, 2:193).

i.2. Reaccións Activas

En canto ás *Reaccións activas* das vítimas, atopamos na análise dos seus discursos dous tipos de reaccións: a. As de fuxida; e, b. As que resisten as violencias.

a. Reaccións de fuxida

No referente ás *reaccións de fuxida* por parte das vítimas, esta é a reacción activa máis nomeada. As mulleres relatan que ante o episodio de violencia cando eran nenas/rapazas decidiron escapar correndo.

Fuxo ruborizada (M, 1:299).

Solteime, corrín a casa. Nunca o contara (M, 1:669).

Salín correndo e gritando a pedir axuda a uns veciños (M, 2:182).

Boto a correr (M, 2:723).

Véxome a min mesma fuxindo (M, 1:1004).

Porque botamos a correr (M, 2:436).

Afortunadamente intuín que aquilo non era normal e saín correndo (M, 2:271).

E eu si recordo marchar de alí correndo e chorando (M, 1:908).

Corrín [...] e chorei sen contar nada a ninguén (M, 1:809-810).

Sorpréndeme tanto coma se me pegara. Deixo a bici tirada, saio correndo e gritando (M, 2:146).

Por sorte escapo a correr e líbrome del (M, 2:238).

Consigo escapar porque se despista cun ruído (M, 1:784).

Escorrínme cara ao chan para evitalo. Eu resistínme e logreino. Ás veces aínda me paraliza (M, 2:115).

Eu arrimábame á ventá (M, 1:613).

Levántome cunha excusa (M, 1:930).

b. Reaccións de resistencia

A segunda reacción que amosan as vítimas nos seus *tweets* fai alusión á súa

capacidade de resistencia ante as situacións de violencia que sufrían. Esa resistencia materializouse en gritos ou patadas.

Escorrinme cara ao chan para evitalo. Logreino [...] Resistínme (M, 2:514-515).

Seguiu un berro seco, aterrorizado (M, 2:277).

Gritei, vexo a miña irmá de 14 anos e unha amiga... pero pouco podían facer (M, 2:370).

Eu defendíame co corazón a bater ata a gorxa, o corpo cheo de pánico e os ollos de bágoas. Consegúa liberarme das súas porcas mans e el deixábame ir dicíndome: ...isto non se lle conta a ninguén, non cho van crer, serás unha mentireira! (M, 2:450).

Miña irmá berrou e el escapou (M, 1:396).

Libreime por un "que fas?" (M, 1:952).

Púxenme a gritar (M, 2:154).

Aguantei e aguantei ata que me dei de conta de que non tiña por que aguantar, e aí empecei a ser feminista (M, 1:870).

ii. Reaccións dos agresores

Con respecto ás *Reaccións Expresadas polos Agresores*, na totalidade dos relatos atopamos que sempre tiveron unha *Resposta activa* ante a violencia que exercen. Das diferentes reaccións que teñen os agresores, emerxen tres subcategorías de sexto nivel de profundidade (ver Figura 23): a. Fuxida; b. Indiferenza; e, c. Insistencia.




Figura 23. Categorías de cuarto, quinto e sexto nivel relativas ás reaccións dos agresores a menores.

a. Reaccións de fuxida

Con relación ás *Reaccións de Fuxida* dos agresores/acosadores, atopamos que unha ampla maioría dos relatos amosa que o patrón habitual é que unha vez que perpetraban a agresión sempre fuxían do lugar.

Lisca cando se escoita un ruído (M, 1:264).

El escapou (M, 1:393).

Sae correndo... (M, 1:760).

Fuxiron (M, 2:117).

Bótase a correr pensando que é un simple xogo (M, 1:924).

Tres veces se me escapou (era moito máis alto, forte, maior) (M, 2:26).

Foise cando apareceu o meu can ou o danaron os meus golpes (M, 1:946).

b. Reaccións de indiferenza

En cambio, outros agresores amosaron unha *Reacción de indiferenza* ante a perpetración do abuso e/ou agresión sexual.

Di que non fai nada malo (M, 1:491).

Non te sintas mal, dicía M, 1:713).

Mentres el queda rindo (M, 2:147).

c. Reaccións de insistencia

No relativo ás *Reaccións de insistencia por parte dos agresores*, as vítimas expoñen nos seus comentarios que outra estratexia dos agresores era a insistencia para poder chegar a cometer a agresión, mesmo ata perseguían as vítimas.

E collíame e non me deixaba saír (M, 2:400).

E ameazoume de morte se o contaba (M, 2:424).

iii. Reaccións das persoas espectadoras

Con relación á terceira categoría de cuarto nivel de profundidade, *Reaccións das*

persoas espectadoras, atopamos que emerxe unha única categoría de quinto nivel: as Reaccións pasivas. En canto ás *reaccións pasivas*, as vítimas expoñen que, cando sufriron o acoso, abuso ou agresión sexual, todas as persoas do seu contorno, independentemente de que fose persoal académico, familiar ou amizades, amosaron actitudes de pasividade e normalidade ante as situacións de violencia sexual.

E a xente mirando sen facer nada (M, 2:404).

O curioso é que moitos anos despois, falando coa miña mai, confírmame que este “tipejo” se dedicou a isto durante toda a súa vida e que ninguén fixo nada, aínda que toda a vila o sabía (M, 2:272).

Mais ninguén abriu a porta (M, 2:278).

Incluso algunhas vítimas relatan como profesores e familiares se expresaron como se a situación de violencia sexual que estaba a sufrir a vítima fose unha broma.

Ao día seguinte, a familia ría (M, 1:560).

Hai xente preto. Pregúntanme que me pasou, pero non o sei moi ben. Digo que caín da bici (M, 2:148).

3.1.1.8. Características do agresor

Con relación á categoría terciaria de *características do agresor*, a análise dos relatos de abusos ou agresións sexuais vividos polas vítimas, permitiunos organizalos en dúas subcategorías de cuarto nivel (ver Figura 24): a primeira sobre a *vinculación coa vítima* (coñecidos e descoñecidos) e a segunda sobre *as sancións* aos agresores.




Figura 24. Categoría de terceiro nivel relativa ás características do agresor dos abusos/agresións sexuais e de cuarto e quinto nivel.

i. Vinculación coa vítima

i.1. Coñecidos

Maioritariamente, as situacións de abusos e agresións sexuais contra menores relatados nos *tweets* foron perpetrados por persoas que eran *coñecidas* da vítima.

Case sempre por parte de coñecidos (M, 2:286).

Un amigo do bar de meus país (M, 1:116).

Un amigo dos meus pais (M, 2:33).

Home casado (M, 1:711).

O señor do bar dos bocadillos (M, 1:827).

Un rapaz veciño (M, 2:227).

Un familiar (M, 1:927).

O meu mozo (M, 2:392).

Amigo que me acompañaba a casa (M, 2:224).

Varios amigos (M, 1:1019).

En canto ao tipo de vinculación coa vítima, encontramos que, nun de cada oito casos o abusador era un *familiar* da vítima: o seu pai, o seu avó, o seu tío ou un familiar sen especificar o tipo de parentesco.

O pai da casa, "borracho" (M, 1:556).

Meu avo (M, 1:928).

A miña avoa mandoume despertar da sesta o meu bisavó...un señor de 80 anos (M, 2:469).

Meu propio tío con 30 anos, casado e con fillos (M, 1:446,449).

Un tío (M, 2:387).

O meu tío (M, 1:458).

Un tío (M, 1:520).

Un familiar maior (M, 1:108).

Dous familiares adultos (M, 1:136).

Familiares (M, 2:289).

Un familiar (M, 1:354).

O meu primo (M, 1:247).

Un veciño 14 anos maior, considerado coma da familia (M, 1:900).

Nos tweets foron moitas as vítimas que afirmaron que os seus agresores foron *membros da comunidade educativa*. Sinalaron profesores, principalmente, monitores e, nun caso, un conserxe.

Un profesor (M, 1:527).

Meu profesor de filosofía de 40 anos (M, 1:667).

Un profesor particular de matemáticas (M, 2:218).

O mestre de "ximnasia" (M, 1:486)

O profesor (M, 1:860).

Tiñamos un mestre... (M, 1:651).

Meu profesor (M, 1:673).

O profesor (M, 2:395).

Un monitor (M, 1:258).

O conserxe (M, 1:681).

Un monitor (M, 1:949).

Destacamos os relatos de varias mulleres que reflicten a estratexia empregada polo profesor que, aproveitando a vantaxe que lle aporta a súa posición de poder e de autoridade, envolve á menor nun comportamento sexual non desexado, tocando ou apalpando o seu corpo sen o seu consentemento.

Facíanos ir corrixir ás rapazas á súa mesa e mentres "corrixía" aproveitaba para tocarnos (M, 1: 511).

Abusaba das alumnas restregando "cebolleta" e apalpándonos cando lle iamos ensinar a tarefa (M, 1: 675).

Mentres me explicaba, poñía a súa man na miña perna e acariñábama (M, 2:219)

Adoitaba castigar 1/2 hora de "repaso" despois da hora de saída. Iba deixando saír aos rapaces primeiro para quedar cunhas poucas nenas e a medida en que iam levando a libreta a ensinar, el colocábase detrás nosa, apoiado nunha mesa e arrimando "cebolleta", restregándose e bafexando mentres sobaba o que nos agarrara por diante, cubrindo a man coa libreta na outra man, que ao mesmo tempo nos rodeaba e apretaba contra el (M, 2:376).

Tamén as vítimas sinalan que os seus perpetradores foron *membros eclesiásticos* de diversas congregacións: sacerdotes e monxes.

O cura que me confesaba antes da comunión (M, 1:15).

O cura (M, 1:196).

O cura (M, 2:293).

O abade (M, 1:296).

O profesor (cura) (M, 1:494).

O cura (M, 1:583).

O padre Enrique (M, 1:706).

Había un cura (Ramón) (M, 1:831).

Polo Irmán (M, 2:248).

Neste caso, dúas mulleres relataron as súas experiencias vividas nos abusos sexuais por parte de sacerdotes. O *modus operandi* para perpetrar o abuso foi a través do xogo, manipulando e enganando a nena, ou ben exercendo a súa autoridade.

Había un cura (Ramón) que te esperaba ao entrar. Tiña xogos de mesa. Pero non chos daba. Tiñas que entrar ti a collelos. E cando entrabas empezaba facerche cóxegas e logo directamente tocábache TODO. Absolutamente todo. Durante o intre que tardabas en escoller o xogo (M, 1:830).

Interesábase por estes pecados e, de cando en vez, dáballes unha palmadiña no cu ás nenas (M, 2:294).

Outro dos colectivos con vinculación relacional coa vítima son os *veciños*. Son varias as mulleres que sinalaron algún veciño como agresor.

Un veciño duns 40 anos (M, 2:422)

Un veciño que estudaba no seminario e volvía as fins de semana (M, 1:3).

Un veciño (M, 1:75).

Un veciño (M, 1:351).

Cando un veciño (M, 1:497).

Veciño que me levaba 10 anos (M, 1:454).

i.2. Descoñecidos

En canto aos abusos perpetrados por persoas *sen vinculación coa vítima*, as participantes destacan que o agresor fora un home e en ocasións, nomeábano como un *descoñecido*, un *fulano* ou incluso “un *noxento*”.

Un home (M, 1:20).

Un home (M, 1:296).

Un fulano (M, 1:183).

Un tipo (M, 1:262).

Xireime e era un home que non coñecía (M, 1:808).

Un rapaz (M, 1:320).

Un descoñecido (M, 1:34).

Cun desconocido (M, 2:144).

E ao pasar un descoñecido (M, 1:66).

Unha vez un exhibicionista (M, 1:419).

Un señor (M, 1:603).

Un señor (M, 2:368).

Home que debía estar casado (M, 1:711)

O secuestrador, hoxe sei que ten unha filla de dous anos maior ca min (M, 2:372).

Outro noxento (M, 2:134).

Nalgúns casos, as vítimas fixeron alusión á idade do agresor, expresando que eran homes adultos ou mozos pero de maior idade ca elas.

Homes maiores (M, 1:515).

Un tipo maior (M, 1:12).

Nun Ford Fiesta color beixe, un home maior (M, 2:236).

Por un anciano de 80 anos (M, 2:269).

Vello (M, 2:28).

Un rapaz maior (M, 1:758).

Rapaz duns 17 (M, 1:317).

Tamén cabe destacar que son varios os tweets nos que as vítimas relatan que os abusos que recibiron foron perpetrados por varios homes á vez.

Seis homes adultos (M, 1:788).

Dous homes [...] Dexenerados e acosadores! (M, 2:25-26).

Algúns homes (M, 1:423).

Un grupo de mozos (M, 2:112)

Rapaces (M, 1:85).

Rapaces (M, 1:231).

Un grupo de mozos (M, 1:701).

ii. Sancións aos agresores

Con relación á segunda subcategoría de cuarto nivel, as sacións aos agresores, son poucos os relatos que fan alusión ás consecuencias que tiveron os abusadores despois de cometer este tipo de delitos contra as menores. Podemos salienta-los dous casos. No primeiro, o agresor era un profesor que recibiu moitas queixas no centro educativo relativas ao seu comportamento cos rapaces e coas rapazas, finalmente despedírono. No segundo caso, o agresor foi castigado co cárcere durante un tempo, pero despois de cumprir a condena, regresou á casa coa vítima.

Teño entendido que anos despois o botaron porque recibiu moitas queixas (M; 1:832).

Pero non sería moito porque estivo todo o tempo tan feliz na súa casa, dende que o denunciámos ata despois de condenado. Iso foi en 1978 (M, 2:427).

3.1.2 *Bullying*

A segunda categoría dentro *das múltiples violencias cara ás menores*, céntranse nos casos de *bullying*, especificamente nos de índole sexual que representan o 13 % do total das situacións denunciadas a través dos *tweets*. Dentro desta subcategoría, indentifícanse varias categorías de terceiro nivel de profundidade referentes á tipoloxía do acoso, ás características da vítima, ao lugar onde se prepretra o *bullying*, á resposta emocional das vítimas e ás reaccións destas ante as violencias sufridas, así como ás características do acosador (ver Figura 25).




Figura 25. Segunda categoría secundaria e categorías de terceiro nivel do *bullying*.

3.1.2.1. *Tipoloxía do bullying sexual*

En canto á tipoloxía do *bullying* sexual relatado polas persoas participantes nos *tweets*, identificamos situacións de *bullying* sexual que se producen sen contacto físico e con contacto físico (ver Figura 26).




Figura 26. Categoría de terceiro nivel, tipoloxía de *bullying* sexual e categorías de cuarto nivel.

i. Sen contacto físico

As condutas identificadas como *bullying* sexual *sen contacto físico*, a pesar de que son a minoría no discurso das vítimas, fan alusións ás situacións relacionadas con comentarios verbais de tipo sexual que son ofensivos, referidos principalmente á valoración do corpo das rapazas, ou ben son burlas sobre a visibilización dos caracteres sexuais secundarios das nenas que inician o seu desenvolvemento sexual precoz a partir dos sete anos.

Non me deixaba soa, "loira, que boa estás" (M, 1:398).

Explicábame que significaba foder e dicíame que podíamos intentalo (M, 1:648).

Teño o pelo moi negro dende sempre, o que significa que se non estou depilada nótase con facilidade. Por aquel entón estábame empezando a crecer pelo visible máis aló da cabeza e as cellas, exactamente igual que aos meus compañeiros masculinos. Ben, case igual, porque o meu pelo si debía ser censurado. O caso é que un día estabamos no medio dunha clase e levantei a man por un motivo que non lembro ben, sen sequera pensar en que levaba manga curta. Poida que eu fose unha nena moi inxenua ou poida que me quixese autoenganar, pero no momento non atribuí en absoluto o murmurio que se xerou ao feito de que levantase o brazo. Tardei pouco en facelo. De feito, tardei exactamente o mesmo que algúns dos meus compañeiros en chamarme de todo por non estar depilada con sete anos. O peor disto non é que eles me dixesen esas cousas, senón que eu me sentía culpable e no fondo consideraba que eles tiñan razón, que eu debía depilarme porque iso é o que debían facer as mulleres [...] Esa fama perseguiume ata 2º da ESO. Todo ese tempo

aguantando risas ás miñas costas, aguantando ser coñecida como "a Chewbacca", aguantando todo tipo de burlas porque a sociedade insistía en sexualizarme con sete anos (M, 1:865, 869).

Destacamos o relato dunha das vítimas que expresa como este tipo de situacións e comentarios se atopan normalizados xa que son vistos como bromas.

As típicas bromiñas de imbéciles que pasan por "unha bobada" para facer rir e ti alí cunha sensación de ridículo pensando.... "que me toque ten graza?" (M, 2:174).

ii. Con contacto físico

A maioría das situacións identificadas como *bullying* sexual fan referencia a comportamentos que implican *contacto físico*. Novamente o corpo das nenas e das rapazas convértese en obxecto de desexo dos seus iguais por medio de tocamientos non desexados como, por exemplo, levantarlles a saia para ver a súa roupa interior, rozarse contra os seus corpos, empregando a violencia e ocasionando ás veces dano físico.

Tócame o cu (M, 1:278).

Levántame a saia e tócame o cu (M, 1:550).

Sentir un neno detrás tocándome o cu e (M, 1:821).

Meténdome man ao pasar, entre risas normalizadas (M, 1:799).

Que tocan cus e levantan saias, que te agarran e te inmovilizan sobre as mesas (M, 1:801).

Tocoume a entreperna para humillarme (M, 1:983).

Levantoume a saia do uniforme (M, 2:357).

Nese momento colleume e beliscoume a pube con forza (M, 2:413).

Deixábanme saír á zona dos baños, senón levantábame a saia (M, 2:416).

Levantábame a saia (M, 1:649).

Lembro como me baixaron os pantalóns na metade da clase (M, 1:846).

Cabe sinalar que, nun tercio dos casos de *bullying* sexual, as mulleres expresan que cando eran mozas sufriron tocamientos non desexados e non consentidos por varios rapaces á vez. Os agresores actuaban como “manda” e empregaban en ocasións a estratexia do xogo para intimidar e abusar dunha nena.

Fan roda para tocar os meus xenitais e os peitos (M, 1:64).

Fan roda para tocarme (M, 1:228).

Rodeaban para tocarte (M, 1:387).

Xogaban a tocarnos o cu ás rapazas no recreo á vista de tod@s (M, 1:407).

Rodéame e un dame un azoute no cu (M, 1: 793).

Xogan a levantarnos as saias por máis que corramos e gitemos que non nos parece divertido (M, 1:821).

Adicábase a levantarme a saia para ollarme as bragas (M, 1:225).

Sempre lembrarei un xogo no que dous nenos se dedicaban a cazar nenas e levalas á súa cova (que era un dos soportais do patio) e telas alí retidas en dous grupos. As de un e as do outro. E, ao final, unha delas sería a súa noiva ou daríalle un bico... dependendo do tempo do recreo e do guapas que fosen (M, 1:839).

Tiraronme á fonte para ver a transparencia da miña camiseta (M, 1:100).

3.1.2.2. Características da vítima

Con relación ás *características da vítima* a través da análise dos seus relatos, identificamos o seu xénero. Así, en todos os casos podemos afirmar que son as nenas as que sufriron este tipo de violencia. Non obstante, nun dos *tweets* explícase que o *bullying* sexual tamén o poden sufrir os nenos.

E, obviamente, pasaba o mesmo cos nenos. É certo que houbo nenos que levaron un bullying moi fastidiado (M, 1:845).

3.1.2.3. Lugar onde se produce o acoso

En canto ao lugar onde se produce o *bullying* de índole sexual, emerxen relatos que revelan situacións de *bullying* no contexto escolar pero tamén no contexto non escolar. Non obstante, podemos salientar que a ampla maioría das situacións de *bullying* visibilizadas encádranse no contexto escolar, tanto nas aulas coma durante os recreos ou incluso no transporte escolar.

No colexio (M, 1:530).

Escola (M, 1:463).

No recreo (M, 1:344).

Sufrín acoso no colexio ata pasada a adolescencia (M, 1:1002).

Xogando no patio do colexio (M, 1:469).

Bus escolar (M, 1:796).

Soamente atopamos tres casos de *bullying* de tipo sexual que se produce *fóra do contexto escolar*, como pode ser en campamentos, clases extraescolares ou na rúa.

O meu edificio (M, 1:276).

Campamento da Xunta (M, 1:396).

Clases de judo (M, 1:463).

3.1.2.4. Resposta emocional das vítimas de *bullying* sexual

Con relación á *Resposta emocional das vítimas* ante as situacións de *bullying* sexual, atopamos que emerxen soamente *Sentimentos negativos* nos seus relatos. Neste senso expresan fundamentalmente medo, rabia e dor.

Ir cagada de medo (M, 1:619).

Lembro a rabia que sentía ante a agresión (M, 2:192).

Salientamos o relato dunha das informantes que foi vítima de burlas durante a súa adolescencia por non cumprir coa estereotipia social que obriga as mulleres a depilarse. Non obstante, a vítima non culpa os acosadores, nin a sociedade que educa a nenos e nenas en patróns baseados nos estereotipos de xénero. Ademais, expresa que non garda ningún tipo de rancor xa que esa dor xa está superada.

Hoxe en día depírome porque me sinto máis a gusto comigo mesma facéndoo, pero polo menos sei que, se decido deixar de facelo, absolutamente ningún terá dereito a pedirme, insinuarme ou esixirme que o faga. O problema é que non abonda con que moitas de nós sexamos conscientes destas cousas. O problema é que aínda hai xente que pensa que dicir "a maioría de mulleres sufriron acoso algunha vez na súa vida" é esaxerar. O problema é que haberá xente que lea esta entrada e pense "miúda feminazi". O problema é que as desigualdades sociais entre xéneros son evidentes e hai moitas persoas que se empeñan en negalas. O problema é que seguimos vivindo nunha sociedade machista (M., 1:871).

Non culpo os meus compañeiros (aínda sabendo que a día de hoxe moitos volverían burlarse de min se me visen sen depilar), porque sei que é difícil darte de conta de que fas algo mal se ata a túa vítima che dá a razón. Non culpo ao heteropatriarcado coma se fose un ente controlador dos actos humanos. Non. Non hai culpa. Ou, se a hai, non me interesa (M, 1:872).

Porén, ás veces os sentimentos son difíciles de expresar. A través das verbas dunha das informantes podemos observar como incluso para elas mesmas, como vítimas, é difícil expresar como se sentiron.

Difícil escribilo para min, agardo que lelo para vós (M, 1:388).

3.1.2.5. Reaccións das vítimas de *bullying* sexual

A subcategoría referida ás *Reaccións ante as situacións de bullying sexual* desagreganse en: i. *Reaccións das vítimas*; ii. *Reaccións dos agresores*; e iii. *Reaccións dos espectadores*. Dentro de cada unha desas categorías establécense subcategorías de terceiro e cuarto nivel de profundidade nos discursos (ver Figura 27).




Figura 27. Categoría de terceiro nivel, reaccións ante o *bullying* sexual e de cuarto e quinto nivel.

i. Reaccións expresadas polas vítimas

En primeiro lugar, con relación ás reaccións pasivas, destacamos o caso que relata unha das vítimas, que conta que cando tiña sete anos sufriu unha situación de *bullying* sexual e que non conseguiu evitalo, e viuse obrigada a ceder ante a violencia dun rapaz maior.

Ao final cedín, levantei a saia (M, 2:415).

En segundo lugar, respecto ás *Reaccións activas* das vítimas ante as violencias sufridas, destacamos: a fuxida, as respostas de forma agresiva, as que mostran resistencia ante a situación de violencia física (patadas, labazadas e golpes, entre outros), e ata condutas verbais, como poden ser insultos e gritos.

Levounas (M, 1:533).

Despertei e chimpeino a patadas (M, 1:599).

Eu xireime e dinlle unha labazada (M, 1:794).

Eu, con menos anos, cada vez que tentaban tocarme un pelo, hostiazo que daba. Gañei a reputación de sarxento, pero non é non (M, 2:2).

Eu deille un sopapo e sangroulle un pouco o nariz (M, 2:360).

ii. Reaccións dos acosadores

Conxuntamente, no que atinxe ás *Reaccións* que as vítimas narran respecto aos seus *Acosadores*, atopamos que estes sempre responden de forma *Activa*. Ben sexa a través do pasotismo ou ben mediante reaccións agresivas.

E quedou tan pancho ao meu lado (M, 2:359).

Empezou a empuxarme porque non levantaba a saia (M, 2:414).

Perségueme (M, 1:279).

ii. Reaccións dos espectadores

Polo que respecta á terceira categoría de terceiro nivel, *Reaccións dos espectadores*, atopamos que emerxen dúas subcategorías referidas ás reaccións pasivas e ás reaccións activas.

Con relación ás *Reaccións pasivas dos espectadores*, as vítimas expoñen que cando sufriron as situacións de *bullying* sexual non atoparon axuda ou comprensión no seu contorno. Neste sentido, as vítimas nomean fundamentalmente docentes ou outras figuras similares que non só non culpabilizaban os agresores senón que normalizaban ese tipo de violencia, sen castigar os agresores, condenando as rapazas que protestaban ante as violencias vividas.

Os monitores dicían que era normal (M, 1:399).

Para @s mestr@s eran "xogos" de nen@s... (M, 1:408).

Os profes, alleos, a culpa, nosa (M, 1:802).

Cando o dixer, mandáronme calar outra vez e dixéronme que non fose tan choromicas (M, 2:365).

Pensei que o mandarían desculpase comigo por empezar o incidente. Pero non (M, 2:362).

Mandáronme calar porque unha señorita (9 anos tiña) non pode levantar a voz así e, como consolo, dixéronme que o fixera porque os nenos eran así e que podía estar contenta porque era que lle gustaba (M, 2:363).

Incluso nun dos casos os profesores contextualizaron como unha broma a situación de violencia sexual que estaba a sufrir a vítima.

O profesorado riu (M, 1:466).

Os profesores sabían perfectamente que iso ocorría e non facían nada (M, 1:838).

Cero comprensión por parte de profes (M, 1:851).

3.1.2.6. Características do abusador

Con relación á categoría terciaria de *características do abusador*, a análise dos relatos de *bullying* de tipo sexual, permitiunos identificar o xénero, a idade do agresor e o tipo de vínculo. De forma xeral, podemos sinalar que en todos os casos, o agresor era un rapaz. A maioría dos agresores tiñan unha idade similar á da vítima, saomente en catro casos se sinala que o agresor era un rapaz máis maior. Ademais, os agresores case sempre, eran coñecidos da vítima: eran compañeiros de clase, da escola ou incluso veciños do barrio no que vivían.

Nenos (M, 1:386).

Os nenos (M, 1:834)

Rapaz de secundaria (M, 1:470).

Un rapaz maior (M, 1:984).

Un colega (M, 1:464).

Un neno da miña clase (M, 1:549).

Un grupo de rapaces do barrio (M, 7:792).

Falo de nenos de 7-8 anos (M, 1:840).

Os meus compañeiros (M, 1:868).

Uns veciños da miña idade (1:906).

Un grupo de adolescentes do colexio (M 2:384).

Un rapaz e os seus amigos (M, 2:412).

3.1.3. Violencia nas relacións de parellas adolescentes

Polo que respecta á terceira categoría de segundo nivel, situacións de *Violencia nas relacións de parella* expresadas polas vítimas menores de idade, atopamos un único caso no que a vítima sufriu violencia por parte da súa parella durante a súa adolescencia. No relato evidénciase como esa violencia se perpetró a través de constantes abusos físicos e sexuais, pero tamén mediante a violencia psicolóxica. De feito esta experiencia

violenta ocasionoulle graves consecuencias que lle afectan actualmente, xa que non pode manter relacións sexuais.

Cando tiña 15 anos o que era o meu noivo abusou de min repetidas veces en lugares públicos. Foi un horror. Infravalorábame constantemente e dende entón non volvín ser a mesma persoa nin puiden manter relacións sexuais con ningunha persoa. E as poucas veces que o volvín ver pola cidade retorcíanseme as tripas... (M, 2:391-397).

3.2. AS MÚLTIPLES VIOLENCIAS CARA ÁS MULLERES

Esta segunda categoría principal, centrada nas *múltiples violencias cara ás mulleres*, representa o 24 % das situacións denunciadas a través dos *tweets*. Nesta categoría identificáronse tres categorías de segundo nivel referidas ao *Acoso sexual a mulleres*, ao *acoso en función do sexo*, e á *agresión sexual* (ver Figura 28). As situacións de acoso sexual a mulleres fan referencia a un 21.3 % dos casos, un 1.6 % dos *tweets* sinalan situacións de acoso en función do sexo, un 1 % son de agresións sexuais e un 0.2 % correspóndese coas situacións de violencia nas relacións de parella. Dentro de cada unha destas categorías establecéronse subcategorías de terceiro, cuarto e quinto nivel. A continuación afondaremos na súa análise.




Figura 28. Categoría secundaria e categorías de terceiro nivel referentes ás múltiples violencias contra as mulleres.

3.2.1. Acoso sexual

Destacamos que case un 21.3 % dos *tweets* publicados na Campaña do #PrimAcoso eran relativos a situacións de acoso sexual que viviron as mulleres. Dentro desta segunda categoría secundaria de *Acoso sexual*, identificáronse categorías de terceiro nivel (ver Figura 29): Tipo de abuso, Características da vítima, Lugar, Momento do día no que se perpetrou o acoso, Revelación do acoso, Resposta emocional das vítimas, Reaccións das vítimas, e Características do agresor. Dentro de cada unha destas categorías establécense subcategorías de cuarto e quinto nivel de profundidade a través da análise do contido dos *tweets*.




Figura 29. Categoría secundaria relativa ao acoso sexual sufrido polas mulleres e categorías de terceiro nivel.

3.2.1.1. Tipo de acoso sexual

Con relación á tipoloxía do acoso sexual cara ás mulleres, a análise dos contidos dos *tweets* das participantes permitiunos organizar as condutas de acoso sexual en subcategorías de cuarto nivel: i. Sen contacto físico; e, ii. Con contacto físico (ver Figura 30).




Figura 30. Categoría de terceiro nivel relativa ao tipo de acoso sexual e categorías de cuarto nivel.

i. Sen contacto físico

Nas situacións de acoso sexual que non implican contacto físico, a pesar de que son as menos relatadas polas vítimas, atopamos que foron fundamentalmente *condutas verbais*, como por exemplo gabanzas. Podemos sinalar que as gabanzas fan referencia, sobre todo, a aspectos físicos con connotacións eróticas do corpo das mulleres, xeralmente emitidos por homes, convertendo, así, os corpos das mulleres nun obxecto de valoración. Estes comentarios, que son “inapropiados”, xeran situacións violentas ou incomodan a persoa á que van dirixidos.

Dá igual o traballo ben feito, o xefe dirixíase a ti na festa de nadal para balbucirche na orella un "encántame como bailas" (M, 1:228).

Dinme porcalladas pola rúa (M, 1:774).

Saque vostede a chaqueta que así estará máis cómoda (M, 1:911).

Tamén o é que non poidas volver soa a casa de noite, polo que poida pasar. Mellor que te acompañen ou vaías en taxi (M, 1:1017).

Gabábame e metíase comigo no ascensor (M, 1:309).

Pedíume a hora é a continuación que lle dera un bico, que non fose unha aburrida (M, 1:141).

Unha das vítimas destaca a desprotección vivida ante este tipo de acoso verbal ao afirmar que *saír á rúa era unha valentía, pitaban uns, e nun semáforo un tipo berrando dende o outro lado da rúa* (M, 1:998) ou incluso que *a xente se cre co poder de insultarte* (M, 2:419).

Outras mulleres, en cambio, argumentan que experimentaron o acoso sexual a través doutras condutas non verbais, maioritariamente situacións que implican condutas de *exhibicionismo*.

Espido perseguiume por un aparcadoiro (M, 1:537).

O masturbador, outro xenio do mal dos portais. O outro día había un nas rochas de San Roque (M, 2:432).

En menor medida, outras vítimas reportan que sufriron acoso sexual a través de miradas intimidantes ou xestos desagradables.

Foron miradas e xestos que imos integrando (M, 1:416).

Nunca nos miraban aos ollos, sempre ao peito (M, 1:657).

Cabe destacar un dos casos, nos que a vítima sinala que, ademais de sufrir a insistencia do seu acosador, a perseguía e tamén lle berraba.

Non deixaba de insistir, acabou seguíndome e berrándome (M, 1:205).

ii. Con contacto físico

Respecto ás situacións de acoso que implican contacto físico, atopamos que son o tipo de acoso sexual máis frecuente, sufrido pola ampla maioría das relatoras a través de tocamientos e apalpamentos sen consentimento no seu corpo, sobre todo nos peitos e no traseiro.

Tocoume no cu (M, 1:505).

Tocoume o cu (M, 2:406).

O fillo de ... tocoume un peito (M, 2:124).

Que comezou a apalparme os peitos (M, 2:276).

Veú por detrás, tocoume entre as pernas (M, 1:881).

"Confundían" a miña perna coa panca de marchas (M, 1:553).

Sentaba na butaca do lado, empezou a sobarme (M, 1:82).

Tocándome na coxa (M, 2:6).

Estando eu subida nunha escada de man, coa escusa de botar un ollo, púxose a gabear sen deixarme baixar antes (M, 2:9).

Interrógame, doulle a man para despedilo e lámbema (M, 1:779).

En varios casos, as vítimas incluso relatan como esas situacións de acoso sexual con contacto físico se produciron con certa violencia.

Aproveita para abalanzarse sobre min e dar-me unha noxenta aperta (M, 1:371).

Diversos testemuños de vítimas de acoso sexual evidencian como estes comportamentos son tan frecuentes na súa vida cotiá que xa están normalizados na nosa sociedade, e que se tenden a encubrir como “xogos” ou “bromas”.

Sacou-me a bailar "agarrados". Cousa que me fixo sentir incómoda [...] ese mesmo tipo empezouseme a arrimar (M, 2:196,198).

Todas as veces que me tocaron o cu (M, 1:131).

Non podías ir á pista de baile de arriba porque te apalpaban enteira e alí era “o normal” (M, 1:524).

3.2.1.2. Características da vítima

Con relación á categoría de terceiro nivel, *características da vítima*, xorden dúas subcategorías realivas ao *xénero* das vítimas e á *idade* que tiñan cando sufriron as situacións de acoso sexual.

i. Xénero da vítima

Na totalidade de *tweets* que aludían á situación de acoso sexual, aínda que non se identificaba explicitamente o xénero da persoa, a través da análise dos seus discursos, podemos afirmar que todos os casos relatados eran de mulleres. De feito, resaltamos un comentario no que unha das mulleres destaca a importancia da educación das nenas como futuras mulleres expostas ao acoso, para previr este tipo de situacións violentas.

*Logo dos anos, facer da túa filla unha muller que responde ao acoso.
Que o teu fillo sexa feminista. Orgullo de muller e nai (M, 1:822).*

ii. Idade da vítima

Dos *tweets* analizados, nos que a vítima revelou a idade na que sufriu a primeira situación de acoso sexual, atopamos un abano de idades comprendidas entre os 18 e os 20 anos.

Cando tiña 18/19 anos (M, 1:535).

20 anos (M, 1:878).

19 anos (M, 1:916).

O meu #PrimAcoso: 20 anos (M, 1:878).

3.2.1.3 Lugar onde se produciu o acoso

No relativo á categoría de terceiro nivel *lugar onde se produce o acoso sexual*, as participantes repórtannos que sufriron acoso sexual tanto en espazos públicos coma privados, emerxendo, así, dúas subcategorías diferenciadas.

i. Espazo público

Neste sentido, atopamos que as tres cuartas partes das situacións de acoso sexual reveladas se produciron no *espazo público* como, por exemplo, no cine, en discotecas, no seu portal, entre outros lugares.

Das primeiras veces que fun soa ao cine (M, 1:80).

A primeira vez que fun á discoteca (M, 1:503).

Festa de nadal (M, 1:230).

Unha noite de festa (M, 1:202).

Certa discoteca da área da Coruña (M, 1:523).

O meu portal (M, 1:308).

Na facultade (M, 1:655).

Percorría o camiño de volta a casa (M, 2:274).

Na rúa (M, 2:407).

En Santiago, indo en bici (M, 1:996).

Séntase no meu banco (M, 1:778).

Unha noite de volta a casa (M, 1:132).

Pola rúa (M, 1:132).

ii. Espazo privado

En canto ao *espazo privado*, unha cuarta parte das vítimas alegan que sufriron o acoso sexual na esfera privada, como na súa casa ou incluso durante unha entrevista de traballo.

Na miña casa (M, 1:1020).

Ou meu foi nun bodegón onde ía buscar viño (M, 2:122).

Na primeira entrevista de traballo (M, 1:349).

No almacén, cargada de libros (M, 1:369).

3.2.1.4 Cando se produce o acoso

Con relación á categoría terciaria de *cando se produce o acoso sexual*, as participantes sinalan que maioritariamente sufriron o acoso sexual de *noite*, sobre todo cando ían soas. Unha das vítimas incluso sinala que *non podes volver soa a casa de noite* (M, 1:1017).

Soa pola noite (M, 1:1025).

Unha noite de volta a casa (M, 1:139).

Unha noite de festa (M, 1:202).

Noite, volvo a casa soa (M, 1:917).

De madrugada (M, 1:879).

Algunhas das vítimas refiren que sufriron este tipo de violencia noutro momento do día, tanto de mañá coma de tarde.

Sábado. 2016. Vigo. 12:00-14:00 (M, 1:772).

2015. Pontevedra. 16.30 (M, 1:776).

Unha tarde de outono (M, 2:281).

O último, esta mañá (M, 2:4).

3.2.1.5 Revelación do acoso

Respecto á subcategoría da *Revelación do acoso*, atopamos que en moi poucos casos informan sobre se revelaron os acosos sexuais vivenciados. Destacamos un caso que explica que as mulleres, cando se xuntan, ás veces, si poden falar das violencias que teñen sufrido.

Ás veces nunha xuntanza de 5 mulleres, 4 podemos contar acosos (M, 2:288).

3.2.1.6. Resposta emocional das vítimas

Con relación á *resposta emocional das vítimas de acoso sexual*, salientamos que en todos os casos refiren ter experimentado sentimentos negativos ante os acosos sufridos (ver Figura 31).




Figura 31. Sexta categoría de terceiro nivel relativa á resposta emocional das vítimas e categorías de cuarto nivel.

i. Sentimentos de dor, culpabilidade, vergoña e traizón

Na análise dos *tweets* son varias as vítimas que expresan sentimentos de dor, culpabilidade, vergoña ou mesmo chegan a sentirse traizoadas polos acosadores sexuais.

Pero que me deixaron a ferida (M, 1:418).

Sentíndome culpable, que fixen mal, cal das normas que me dixera miña

nai non cumprira... (M, 2:279).

Nunca pasei tanta vergoña (M, 1:561).

Confianza traizoada (M, 1:690).

Destacamos os relatos de dúas vítimas que ante as situacións de acoso sexual que viviron sentiron tanta dor que soñaban con ser invisibles ou borrar o recordo do acoso sexual sufrido da súa memoria.

Soñaba con ser invisible (M, 1:1015).

*Borrara o recordo e hai un par de anos volveu mentres ía á psicóloga.
Fódeche bastante a vida (M, 1:687).*

ii. Sentimentos de medo

Un dos sentimentos máis nomeados entre as vítimas de acoso sexual é o medo. Nalgúns casos expresan como o medo a realizar actividades cotiás, como voltar soas a casa, facía que o seu corpo se estremecera.

Arrepíos (M, 1:691).

É seguir con medo a camiñar de volta a casa (M, 1:1024).

É continuar a sentir medo a camiñar de volta a casa soa pola noite (M, 2:253).

iii. Sentimentos de impotencia, noxo, enfado e odio

Outras vítimas de acoso sexual aluden sentimentos de impotencia, noxo, enfado e odio. De feito, nalgúns casos as mulleres afirman que tras todo o vivido e sufrido, chegaron incluso ata o punto de sentir *odio* cara ás persoas de maior idade.

Sentir rabia e impotencia cando o acosador/abusador é alguén no que confías (M, 1:814).

Anoxada (M, 2:22).

Xireime. Sorriu. Non somos obxectos! (M, 1:32).

E anoxada (M, 1:762).

E, de repente, odias a todos os adultos (M, 2:175).

3.2.1.7. Reaccións ante o acoso

A oitaba subcategoría de terceiro nivel refírese ás *Reaccións ante o acoso sexual*. Identificáronse tres grandes categorías de cuarto nivel (ver Figura--): i. *Reaccións das vítimas*; ii. *Reaccións dos agresores*; iii. *Reaccións dos espectadores*. Dentro de cada unha desas categorías establécense subcategorías de terceiro e cuarto nivel de profundidade (ver Figura 32).




Figura 32. Categoría de terceiro nivel relativa ás reaccións ante o acoso sexual das mulleres e categorías de cuarto e quinto nivel.

i. *Reaccións das vítimas*

No tocante ás *Reaccións das vítimas* ante o acoso sexual, atopamos nos discursos respostas tanto Activas como Pasivas. Non obstante destacamos que maioritariamente as vítimas responderon ante o acoso sexual ou ben dunha forma violenta (dando labazadas ou berrándolles aos agresores), ou ben apartando o acosador. A pesar disto, nun par de casos, as vítimas reaccionaron pasivamente sen saber ben como reaccionar, chegando incluso a sepultar eses recordos para protexerse psicolóxicamente.

E eu quedei petrificada (M, 2:21).

Eliminado da miña memoria por supervivencia (M, 2:3).

A miña reacción foi separarme del fisicamente (M, 2:8).

Unhas hostias ben dadas. Defenderse, gritar, insultar...que deixemos de

parecerlles vítimas fáciles (M, 2:15).

Levou unha boa labazada (M, 2:408).

A única linguaxe que entenden. Unha boa hostia a tempo e punto (M, 2:11).

O que me fixo saír correndo detrás, gritándolle de todo (M, 2:25).

Monteille un pito de coll... (M, 2:433).

Crucei a miña perna de maneira que o meu pé o obrigase a separarse (M, 2:202).

Díxenlle abertamente que NON quería que os seus xenitais me rozasen (M, 2:203).

Díxenlle que me molestaba (M, 2:200).

Fágolle saber que non teño problemas de audición (M, 2:444).

Neste sentido, un par de participantes afirman que as mulleres deben ser reactivas ante estas situacións educando as súas fillas para defenderse do acoso sexual.

Iso é, unhas hostias ben dadas. Defenderse, gritar, insultar...que deixemos de parecerlles vítimas fáciles (M, 2:15).

Asegúroche que Valeria non vai ir a clases de piano, como mandaron os meus pais. A esta vouna a mandar ao gym de Santo Tomás a que aprenda a dar hostias como pans (M, 2:125).

Onte pasei por ese camiño. Non porque crea que os tempos cambiaron moito. O que ocorre é xa non son unha nena e, nesta sociedade patriarcal capitalista, afás levar a catana sempre a man (M, 2:2016).

ii. Reaccións dos acosadores

En canto ás *Reaccións dos acosadores*, as vítimas sinalan que os agresores sempre actúan dunha forma activa: perseguíndoas, mofándose delas ou mesmo insistíndo e perseguíndoas

Botou a correr (M, 2:20).

Non foi tanto a humillación como a idea de que se ía tan contento,

saíralle tan ben como para facerllo a outra, quizais máis pequena (M, 2:23).

El seguiu detrás, pedíndome perdón, "fora unha aposta" [...] finalmente afastouse rindo... (M, 1:769).

Insistiu (M, 1:1023)

El seguía insistindo (M, 2:203).

iii. Reaccións dos espectadores

Soamente nun par de casos as vítimas informan sobre as *Reaccións das persoas espectadoras* dos acosos sexuais. Cabe sinalar que en ningún caso relatado as mulleres acosadas sexualmente atoparon axuda nas persoas que presenciaron a situación de violencia, incluso nun deles o acosador atopou o beneplácito do seu grupo de amigos.

Os amigos 'simios', berregaban e alardeaban o triunfo deste pallaso... e non fixeron nada (M, 1:771).

Porque ningún transeúnte se dignou a axudarme (M, 2:137).

3.2.1.8 Características do acosador

Con relación á sexta categoría terciaria de *características do agresor*, a análise dos relatos de acoso sexual vividos polas vítimas, permitiunos organizalos nunha subcategoría de cuarto nivel (ver Figura 33): a *vinculación coa vítima*. Demostrando que non existe un perfil definido de persoa acosadora, xa que o sufriron tanto por persoas coñecidas coma descoñecidas.




Figura 33. Categoría terciaria, de cuarto e de quinto nivel relativas ás características do acosador sexual.

i. Vinculación coa vítima

i.1. Descoñecidos

Máis da metade das situacións de acosos sexuais relatados nos *tweets*, foron perpetradas por persoas que eran “*descoñecidas*” da vítima.

Un rapaz descoñecido (M, 1:140).

Un obreiro (M, 1:307).

Un tipo de 30 anos e pico (M, 1:686).

O técnico do gas (M, 2:5).

Un dos participantes (M, 2:195).

Um home (M, 1:880).

Un señor (M, 1:777).

Un rapaz (M, 1:504).

1 home (M, 1:125).

Un funcionario da Administración galega, que confundía ter responsabilidades con ter poder (M, 2:442).

Nalgúns casos, incluso as vítimas narran que foron acosadas sexualmente por varios homes ao mesmo tempo.

7 homes [...] Un deles da man da súa filla (M, 1:773, 775).

Os homes adultos (M, 1:573).

i.2. Coñecidos

Con relación á segunda subcategoría de quinto nivel relativa aos acosos sexuais perpetrados por *persoas coñecidas*, sinalan membros da súa familia, amigos, veciños, superiores e incluso profesores.

O meu veciño, o meu "amigo" de sempre (M, 1:314).

O xefe (M, 1:229).

O meu superior (M, 1:370).

Monitor de autoescola (M, 1:552).

Un profesor (M, 1:656).

Profesor universitario (M, 1:912).

Xente próxima [...] Tíos, amigos, primos, veciños, profesores, curas... (M, 1:688-689).

As mans do monitor (M, 1:552).

Veciños, familiares. Bestas que semellan homes (M, 2:339).

3.2.2. Acoso por razón de sexo

Dentro desta segunda categoría secundaria de *Acoso por razón de sexo*, identificáronse categorías de terceiro nivel de profundidade: i. Tipo de acoso; ii. Características da vítima; iii. Lugar; iv. Momento do día no que se perpetrou o acoso; v. Revelación do acoso e vi. Características do acosador (ver Figura 34).




Figura 34. Segunda categoría secundaria relativa ao acoso por razón de sexo sufrido polas mulleres e categorías de terceiro nivel.

3.2.2.1 Tipo de acoso

Con relación ao *Tipo de acoso* por razón de sexo, os relatos das vítimas amosan que en todos os casos supoñen situacións de *Acoso sen contacto físico*. Non obstante, atopamos que este tipo de acoso abarca tanto situacións de *Acoso verbal* como *Acoso non verbal* (ver Figura 35).




Figura 35. Categoría de terceiro nivel relativa ao tipo de acoso por razón de sexo sufrido polas mulleres e categorías de cuarto e quinto nivel.

i. Acoso sen contacto físico

i.1. Acoso verbal

Respecto ao *acoso verbal* ao que aluden a maioría dos relatos das vítimas, son fundamentalmente *comentarios* de diferente tipoloxía. Podemos salientar os *comentarios ofensivos e vexatorios* como, por exemplo, as gabanzas ou afagos que reciben as mulleres sobre o seu corpo.

Olla, é guapa "a tipa", di un. Perdoe, vin por lista non por guapa. A eles nunca lle din iso! (M, 1:89)

Vivindo na N-VI antes da autopista, todo tipo de bucinas, animaladas e improperios dende coches e camións dende sempre (M, 1:615)

Que guapas...que novas!! Non pensaría que son arquitectas (M, 1:812)

Cando contabas o que che berraban na rúa e a resposta era que o mellor era calar, esquecer, facer coma se nada: ser invisible (M, 1:581).

Dende que temos memoria escoitamos Puta como insulto sen saber nin nós nin os nenos da nosa idade o que realmente significa (M, 1:317).

Non lle fagas nin caso, é unha mal follada (M, 1:580).

Tamén recordo como había unha profesora de 4º EGB (8-9 anos), a señorita Clementina, que era bastante dura de oído, aproveitando a súa xordeira de chamarlle "empínaseme" en lugar de "Clementina" porque ela acudía igual (M, 1:842).

A outra profesora, a Señorita Elena, en 6º EGB, que levaba unhas lentes moi grosas, cantáballe a canción do "Pretty woman, walking down the

street", pero dicindo "topo woman" (M, 1:843).

De case todas as profesoras había burlas sobre o seu físico. Con todo, cos profesores non pasaba iso, imitábaselles, típico, facíanse bromas...como todxs xs críxs cos seus profes, pero non lembro burlas sobre a gordura ou a fealdade deles e si delas (M, 1:844).

Tamén emerxen nos relatos das vítimas de acoso por razón de sexo *comentarios sexistas*.

A túa filla naceu cambiada, cantas veces tivo que escoitar esa frase miña nai? (M, 1:10)

Díxolle a meu pai que estudar a unha filla era tirar os cartos, porque o meu futuro era casar e parir (M, 1:76).

i.2. Acoso non verbal

Respecto ao acoso por razón de sexo perpetrado a través do *Acoso non verbal*, as vítimas relatan fundamentalmente *comportamentos discriminatorios* sufridos ao longo da súa vida polo feito de ser mulleres.

E caer na trampa de lle dicir á túa filla que non volva a casa soa pola noite (M, 1:1026).

Testemuñei como unha persoa era rexeitada para dar aulas por ser muller (M, 1:227).

É acoso cobrar menos ca un home polo mesmo traballo, a conciliación familiar inexistente...(M, 1:1018).

Unha das participantes alega que sufriu acoso por razón de sexo no seu contorno, xa que, dende pequena lle inculcaron como debe ser o comportamento dunha muller cun home. De forma que nas relacións de parella deben ser os homes os que tomen a iniciativa e que elas deben ser pasivas e submisas.

Se che gustaba un rapaz e o sacabas ti a bailar, eras macholo. Tiña que sacarte el, non podíamos ter iniciativa (M, 1:717).

3.2.2.2 Características da vítima

En canto ás *Características da vítima*, soamente obtivemos información sobre o xénero das vítimas nun caso, non obstante polo contexto dos *tweets* asumimos que en todos os casos eran mulleres.

Cando eres xefa, aos traballadores non lles gusta (M, 2:486).

3.2.2.3 Lugar onde se produciu o acoso

Canto á terceira categoría relativa ao *Lugar* onde se produce o acoso por razón de sexo, as vítimas alegan sufrir este tipo de situacións no *espazo público*, tanto no ámbito laboral e académico coma na vía pública.

Ao comezar na Universidade (M, 1:74)

En reunión de política (M, 1:88).

Na rúa (M, 1:581).

Na banda de gaitas que había na miña vila (M, 2:139).

3.2.2.4 Características do acosador

Na última categoría referente ás *Características do acosador*, as vítimas de acoso por razón de sexo non achegan moita información referida aos acosadores. Non obstante, observamos que poden ser homes coñecidos aínda que non cercanos.

Un tipo (M, 1:90).

3.2.3. Agresión sexual

Dentro desta terceira categoría centrada nas *Agresións sexuais* que supoñen o 1 % da información analizada, atopamos *as testemuñas de dúas* mulleres que foron vítimas dunha agresión sexual. En ambos os casos, as vítimas eran mulleres novas no momento da agresión. Unha das vítimas narra como de noite nunha verbena, un home a captura e a leva a un lugar escondido para perpetrar a agresión producíndolle un gran dano físico, aínda que consegue escapar.

Con 18, nunha verbena. Cólleme desprevida detrás do palco. Non me

deixa moverme e berro. Faime dano e pídeme que cale. Non sei como fuxín (M, 1:803-806).

Outra das vítimas conta un intento de violación por parte dun amigo que a acompañaba a casa, e aproveitou a situación para perpetrar a agresión. A vítima explica que quedou nun intento e non chegou a perpetrarse a violación porque se defendeu fisicamente contra o agresor, tamén expresa que revelou a agresión sufrida e que se sentiu liberada.

Aos 23 anos un intento de violación que, ante a resistencia, puido acabar en morte por asfixia da que me librarón as uñas fortes e longas contra a cara do amigo que me acompañaba a casa para protexerme, calquera outra cousa foi minucia (M, 2:225).

Cando o puiden contar, quedei moi liberada (M, 2:231).

3.2.4. Violencia nas relacións de parella

No relativo á cuarta categoría dentro das violencias que sofren as mulleres ao longo da súa vida, atopamos un único relato dunha muller vítima de violencia na relación de parella. A muller conta como sufriu violencia no seu matrimonio durante anos, non só por parte do maltratador senón tamén violencia por parte da familia do marido. De feito, a vítima relata como o maltratador e a súa familia a botaron da casa coa súa filla.

Todos os meus momentos sufrinos co meu ex-marido, a súa nai e o seu irmán. Acosáronme, insultáronme, humilláronme e botáronme da casa coa miña filla de oito anos (M, 2: 410).

Salientamos que a este tweet publicado pola vítima, responde un home que se posiciona públicamente atacando a vítima.

Dío ben. Botáronte da súa casa. E decíame: na túa vida soubeches gañar un soldo de verdade que che permitise pagar nada (H, 2:299).

3.3. ACOLLIDA ANTE A CAMPAÑA DO #PRIMACOSO

A terceira categoría principal céntrase na análise da *acollida ante a Campaña do #PrimAcoso*. Os argumentos plasmados nos *tweets* organízanse en dúas categorías secundarias: 1. A acollida da campaña por parte das mulleres e, 2. A acollida da campaña por parte dos homes. En ambas as categorías atopamos posicionamentos negativos e positivos que nos permitiron chegar a un terceiro nivel de profundidade na análise dos *tweets* (ver Figura 36).




Figura 36. Teceira categoría principal referente á acollida ante a campaña e categorías secundarias e de terceiro nivel.

3.3.1. Acollida da campaña por parte das mulleres

Con relación á acollida da campaña no colectivo das mulleres, a análise do contido dos *tweets* reflicte tanto posicionamentos positivos coma negativos. Cabe destacar que, de forma maioritaria, un 94 % dos *tweets* relativos á acollida da campaña do #PrimAcoso tiveron unha acollida positiva e favorable, mentres que un 6 % dos mesmos eran desfavorables.

3.3.1.1. Acollida negativa

Tal e como comentamos, son moi poucos os *tweets* de mulleres que tiveron un posicionamento negativo sobre a campaña do #PrimAcoso. Organizamos esta acollida negativa en torno a catro categorías de cuarto nivel (ver Figura 37): i. críticas á campaña por ser restritiva con relación ao destinatario/a do acoso; ii. argumentos que minimizan a violencia sufrida polas mulleres; iii. consellos aos ‘pobres’ homes; e iv. insultos.




Figura 37. Categoría de terceiro nivel relativa á acollida negativa da campaña por parte das mulleres e categorías de cuarto nivel.

i. Críticas á campaña por ser restritiva

Un dos argumentos negativos que sinalaron as mulleres desta campaña foi que era restritiva con relación ao destinatario/a do acoso sexual, xa que argumentan que as violencias tamén as sofren os nenos/mozos, así como outros colectivos vulnerables que non cumpren as ríxidas normas de xénero impostas pola sociedade.

Tamén hai nenos acosados.non só nenas (M, 2:308).

Non é privativo das mulleres, moitos nenos e non tan nenos o sofren tamén (M, 2:160).

A campaña baséase en contar o primeiro acoso que sufriron as mulleres. Tamén poderían facelo para dirixirse a outros colectivos discriminados (M, 2:67).

ii. Minimizan as violencias

O segundo argumento do posicionamento negativo cara á campaña por parte dun par de mulleres foi minimizar as violencias que sofre a muller ao longo da súa vida. Dando a entender que esta campaña non era máis que unha maniobra política para darse relevancia pública e que, para iso, se servía da manipulación dos datos.

Tendes unhas mentes enfermizas, e chamades acoso a calquer cousa, todo vos vale para as estatísticas. Certamente sabedes manipular a xente. Entendo perfectamente e cando alguén di o contrario, non só non o respectades, senón que non tardades nin un minuto en desprecialo. Claro, cando se come quente da sopa boba é entendible (M, 2:45).

Cantos contos falsos ... só buscan a foto e a relavancia (M, 2:58).

Van de loitadoras e pisan a outras mulleres (M, 2:79)

iii. Consellos aos ‘pobres’ homes

Dentro dos comentarios negativos sobre a campaña recóllense os consellos dirixidos explicitamente aos homes, para que recuperaran o seu posicionamento de poder na xerarquía da sociedade, porque consideraban que as mulleres calificadas como “hembristas” querían arrebatarlles o poder, oprimilos e aproveitarse deles.

Ti es deses que non te enteras do que están a facer co voso sexo masculino, oprímilo, menosprezalo, pero é máis doado quedar de moderno, quedar de comprometido con elas. Aproveítanse de homiños coma ti (M, 2:44).

Eu respecto, pero esas son “hembristas” (M, 2:46).

Deféndete, que as “hembristas” vos comen as papas (M, 2:98).

iv. Insultos

Tamén atopamos *tweets* de mulleres que atacaban a campaña e ao mesmo tempo tamén menosprezaban o traballo doutras mulleres que loitan por visibilizar e acabar coas violencias que están a sufrir na súa vida. Este tipo de argumentos mostran unha ausencia de sororidade entre as propias mulleres.

Rebeldes fomos nós e non esta merda de campaña, cando empezamos a fumar, a poñer pantalóns, a entrar en bares ao saír de debaixo do pai e do marido.. Pero grazas a iso.. estas teñen o que nós loitamos... (M, 2:60).

Fraco favor... Ja. ja..á miña idade...pásomas polo arco do triunfo a toda esa merda de loitadoras rompedoras... (M, 2:59).

Eu non piso a ningunha loitadora..danme noxo as pinta bonito...falsas ...que só buscan a tontería..a foto.. e a nota. Que é o que fan agora (M, 2:61-62).

3.3.1.2. Acollida Positiva

Cabe salientar que case un 95 % dos *tweets* relativos á acollida da campaña do #PrimAcoso foron moi favorables. Organizamos esta acollida positiva en torno a dúas categorías de cuarto nivel (ver Figura 38): i. A favor da campaña e ii. O impacto da campaña.




Figura 38. Categoría de terceiro nivel relativa á acollida positiva da campaña por parte das mulleres e categorías de cuarto nivel.

i. *Apoio á campaña*

De forma maioritaria, as mulleres, a través dos *tweets*, amosaron o seu apoio á campaña #PrimAcoso, por medio de gabanzas cara á iniciativa dunha campaña centrada na visibilización do primeiro acoso sexual que sofren as mulleres, ou tamén *retweeteando* a campaña do Concello de Pontevedra e animando a outras mulleres para que conten as violencias que sufriron.

Estou a criticar as opinións que levo lidas ata o momento (nas que se nos chama lagartas, raposas, e non se entende para nada a proposta)..., é por insultar e ir en contra dunha boa iniciativa á vez que se demostra que é necesaria (M, 2:65).

A campaña está ligada á loita contra o terrorismo machista, así con estas palabras para dicir as cousas ben clariñas (M, 2:82).

Pois a min paréceme unha boa iniciativa para que vexan o que temos que aturar as mulleres (M, 2:89).

Se es muller, comparte. Como foi o teu primeiro acoso? (M, 1:38).

Esta campaña do Concello anima as mulleres a compartir nas redes o seu primeiro acoso (M, 1:93).

Animádevos. Precisamos a valentía das mulleres para cambiar o mundo (M, 1:111).

Parabéns ao Concello de #Pontevedra pola súa iniciativa que as mulleres facemos nosa. #PrimAcoso (M, 1:156).

Parabéns ao @Pontevedrate pola súa iniciativa en favor de dar voz á muller nun tema tan agochado por toda a sociedade (M, 1:221).

Interesante iniciativa de @carme_fouces A túa primeira lembranza de inferioridade por xénero baixo (M, 1:235).

Brillante a idea de @carme_fouces de lembrar o #25N facendo denunciar o #PrimAcoso que sofre meirande parte da poboación. Parabéns (M, 1:241).

A denuncia masiva das mulleres contra esa primeira agresión machista (M, 1: 332).

Unha campaña necesaria para visibilizar o que acontece cada día, cada hora (M, 1: 368).

É abraiante o de #PrimAcoso (M, 1: 608).

Dende aquí quero animarvos a que sigades esta iniciativa e compartades en redes sociais o voso primeiro acoso co hastagh # PrimAcoso. Para demostrar a toda esa xente que non se pode negar o innegable (M, 1:873).

A iniciativa é, sen ningunha dúbida, a mellor das campañas contra a violencia machista dos últimos tempos (M, 2:63).

Esta campaña é o mellor que se pode facer para rachar co silencio (M, 2:390).

ii. Impacto da campaña

O impacto da campaña do #PrimAcoso xerou dúas subcategorías de quinto nivel de profundidade (ver Figura 39): ii.1. A normalidade das violencias na vida das mulleres; e, ii.2. As respostas cara á violencia que sofren as mulleres.




Figura 39. Categoría de cuarto nivel relativa ao impacto da campaña e categorías de quinto nivel.

ii.1. A normalidade das violencias na vida das mulleres

A lectura dos *tweets* relativos ás violencias que narran as mulleres dende a súa infancia fai que moitas mulleres reflexionen sobre como a violencia está “normalizada” na súa vida. Estas múltiples violencias , que abarcan dende o abuso sexual a menores, o *bullying*, *teen dating violence*, o acoso sexual, o acoso en función do sexo, a agresión sexual ata violencia nas relacións de parella, convértense nunha realidade coñecida pero silenciada de forma maioritaria polas propias vítimas e o seu contorno, así como pola sociedade en xeral. Son moitas as nenas/rapazas/mulleres que ocultan as violencias e cargan coas culpas por ser vítimas, eximindo os agresores.

Canta dor, canto calamos (M, 2:2030).

Doe na alma ler os acosos dos que as mulleres somos vítimas! (M, 2:262).

Pois pasa, mal que che pese estas son as historias... Nenos de 10 ou 12 anos, esconden a nenas de oito ou nove, para espilas, rirse ,.. (M, 2:86).

O peor é que estas mostras da miña colección de agravios non creo que sexan moi distintas ás da maioríaxa está ben,non????!!!!?? (M, 2:138).

Creo que non coñezo ningunha amiga que non tivese algún episodio de acoso máis ou menos grave na súa vida (M, 2:150).

É increíble, pero pasounos a todas (M, 2:165).

Eu tamén o sinto e me cabrea. Cabréame que esta actitude sexa tan fodidamente habitual, estea totalmente asumida como "normal" e se

escuse. E isto pasa nunha aldea de Pontevedra e no puto centro de Madrid (M, 2:194).

Iso non está en extinción en ningures. Dende as barras dos bares ata as altas institucións, o acoso forma parte do diario de todas as mulleres (M, 2:2010).

Para que todo o mundo se dea de conta dunha p... vez do que temos que aguantar as mulleres día a día, dende ben pequenas, e algún pensará que son rapazadas e bobadas, pois ben, estas "cousas" son polas que se empeza a non respectar as mulleres (M, 2:89).

O peor é a impunidade dese tipo de accións (M, 2:158). Ou que parte da contorna dunha nena de 6 anos, (agás os seus pais) digan que mente (M, 2:159).

Culpabilizar a vítima é ás veces peor que o propio abuso. E é un tema moi silenciado (M, 2:161).

Terrible, protéxese ao agresor e culpabilízase a vítima (M, 2:173).

Desgraciadamente o cualificar estes feitos de "bromas" é menosprezar a intelixencia das mulleres, das/os que consideran que todo vale, é facer dunha falta de respecto unha anécdota. Non son bromas, nin parvadas, nin estaría bebido etc. (M, 2:176).

É unha maldita verdade como un templo ... o peor é a impunidade coa que pasan estás cousas. E o colmo é que inconscientemente se dá por feito que todas o pasamos. (M, 2:177).

Que noxo. A maioría de nós vémonos na gran maioría desas palabras... E o mundo segue igual (M, 2:322).

ii.2. As respostas cara á violencia que sofren as mulleres.

As reaccións das mulleres tras a lectura dos *tweets* relativos ás múltiples violencias que narran moitas mulleres dende a súa infancia, fan que xordan tres tipos de resposta (ver Figura 40): a. Atacar os homes machistas; b. Sororidade e denuncia; e, c. Educación non sexista.




Figura 40. Categoría de quinto nivel relativa ás respostas ante a violencia e categorías de sexto nivel.

a. Atacar os machistas

Unha das respostas ante a violencia que as mulleres expresan a través dos *tweets* consiste en responder aos comentarios de homes cunha marcada ideoloxía machista que consideran as mulleres como obxectos de desexo e as culpabilizan das violencias sufridas. Son moitas as mulleres que empregan a ironía para ridicularizar os seus comentarios.

Como se ofenden os fanfurriñeiros... (M, 2:48).

Coma sempre, os machos sentíndose aludidos. E segue así sempre. En canto máis machismo, máis campaña. Non me veñan a chorar machiños aludidos. Homes heterosexuais hipersexualizados, non? (M, 2:67).

Probablemente algún machiño dos que interveñen para insultar se estea recoñecendo entre moitos exemplos de acoso que se describen e claro, saen as miserias a relucir (M, 2:71).

Que dis? cada cal vístese como quere, fixeches un comentario machista e vas dicir que nin conta te deches?, peor mo pos (M, 2:75).

Se te dedicases a usar o cerebro, non escribirías bobadas (M, 2:76).

Ahmmmm...e dime, cantas veces te tocaron, seguiron gritaron?...cantas veces sentiches medo de que te violasen volvendo a casa? pobriño como sofres...(M, 2:88).

Abúrreche que a todas as nenas e mulleres ao longo da súa vida as acosen sexualmente? (M, 2:101).

Ademais algunhas mulleres tratan de explicarlles as situacións sexistas, discriminatorias e violentas que sofren a cotío polo mero feito de ser mulleres. Intentan que eses homes ‘machistas’ se poñan na súa pel, para que entendan como se sinten cando son acosadas, apalpadas e agredidas tanto en espazos públicos coma en espazos privados.

Non, o machismo non é un problema cando eres un macho (M, 2:78).

O dato ese de non ser xorda, mola...cantos intentos de que invadan o teu espazo vital aguantamos??!!! canta ollada libidinosa que anoxan ou teu ánimo?!?!?! eses machiños nin caen na conta.... (M, 2:244).

Mmm... déixame pensar...haberá peor machismo que unha muller que se vista con pouca roupa?...unha violación en grupo en Pamplona...3 violacións ao día en España..700 asasinadas en 10 anos...cona, parece que si hai peor machismo que o de Pedroche que non dana a ninguén (M, 2:73).

O que me importa e me preocupa é que, nun contexto amigable e festivo, unha muller fala cun home do tempo ou de sexualidade, o tema éme indiferente. E entón, ese mesmo home entende, asume e dá por sentado que pode manter relacións sexuais ou tocamientos para con ela. Con consentimento ou sen el. E a xustificación sempre é: a noite, o alcol... blablablablablabla. Eu tamén estaba contenta, vaia que se o estaba! Pero é que nin así podes baixar a garda. Tes que levar a catana sempre ao lombo (M, 2:209).

Ti macho, vas á praia e poste en calzóns, ensinas o peito e non pasa nada, pero á muller gústalle exhibir o seu corpo. Nacemos espidos e Deus fainos espidos, son as culturas as que nos tapan (M, 2:72).

Parece ser que eles poden facer o que queiran con nosoutras (M, 2:81).

b. Sororidade e denuncia

Outras das respostas cara ás violencias que sofren as mulleres foron as de reclamar “sororidade” entre as mulleres e visibilizar as violencias para denuncialas. A sororidade entendida como un irmanamento ou alianza entre as mulleres para contribuír

á eliminación social de todas as formas de opresión así como o apoio para lograr o empoderamento de cada muller. Soamente a través da estratexia da sororidade as mulleres van a combatir a mentalidade e a cultura misóxina.

Non podemos calar (M, 2:165).

Hai que falar todas xuntas e falar ben forte!!!! (M, 2:177).

Libres, liberadas e se queren libertinas, tolerantes, unidas, nunca submisas ... feminidade con orgullo (M, 2:178).

Non manteñas o segredo, non o vivas soa (M, 1:27).

O silencio de anos non se rompe fácilmente (M, 1:243).

Todas somos vítimas de #violenciamachista (M, 1: 303).

Visibilizar para denunciar o acoso e sensibilizar co obxectivo de evitar que ningunha nena pase por este tipo de situacións (M, 1: 330).

Bravas. Terminou o de calar (M, 2:98).

Toca denunciar e tolerancia cero para este acoso. Para calquera acoso. Para que a ningunha filla lle pase nunca. Nin a ela, nin a ningunha outra. (M, 2:169).

O problema é que hai homes que acosan, o problema non son as mulleres que non reaccionan ante o acoso (M, 2:242).

Seguimos nun mundo machista.. e controlador... (M, 2:409).

Eu son unha muller e nunca entenderei por que por ese feito a metade da humanidade decide unilateralmente que a outra metade temos que sentir incomodidade, agravio, medo ou agresión (M, 2:243).

Son actitudes condenables, sempre! (M, 2:176).

Eu tamén podería contar cada un deses acosos... queda moito por desmontar, facer e loitar (M, 2:252).

Brutais as testemuñas. Canto camiño nos queda por andar e con cantísima forza imos seguir na loita #querémonoslibres (M, 1: 383).

Todas sufrimos algunha vez acoso #PrimAcoso (M, 1: 400).

Alucino coa valentía das mulleres que están a escribir baixo o hastag

#PrimAcoso. Testemuñas descarnadas e reais dunha situación que se viviu e se segue a vivir como cotiá: a do acoso sexual. Todas somos un pouco estas mulleres, todas vivimos cousas así, ao mellor nomeadas doutro xeito para non morrer de vergoña e poder seguir tirando para adiante (M, 2:349).

Rachar co silencio que imprime culpas e provoca o medo que nos deixa mudas...Unha espiral que protexe os culpables e culpa ás vítimas. Temos o deber moral de rachar con estes silencios para protexer os menores (M, 2:390)

c. Educación non sexista.

Outra das estratexias que formulan moitas das mulleres para loitar contra as múltiples violencias consiste en propoñer unha *educación non sexista* que nos permita romper cos estereotipos de xénero impostos pola sociedade, que nos marcan como debemos ser e como debemos actuar se somos homes ou mulleres. De forma que a proposta dunha educación igualitaria constitúe a base esencial da competencia social e cidadá para acabar coa lacra das violencias que sofren as mulleres ao longo da súa vida.

É importante unha educación baseada no respecto polas mulleres, polos diferentes, iso non custa diñeiro senón ganas de ensinar, por lei, nos colexios ao respecto dos demais (M, 2:84).

Mentres non se poña solución si, seguirá sendo a mesma historia de sempre. Educar, que iso non " é cousa de nenos" como se di (M, 2:100).

Política tamén é educar. A muller ten dereito a facer co seu corpo o que queira ela, non o que queren outros. O home ten que ser educado de pequeno a respectar isto (M, 2:107).

De pouco valerá. A educación é o máis importante. Igualdade dende pequenos e dende casa. Eu vendo señoras que non soben a un autobús porque conduce unha muller, vexo que non avanzamos nada... .(M, 2:108).

Teño dúas fillas e sempre as eduquei para que non permitan ningún tipo de comentario sexista para que sexan autosuficientes (M, 2:178).

3.3.2. Acollida da campaña por parte dos homes

Con relación á acollida da campaña no colectivo dos homes, a análise do contido dos *tweets* reflicte tanto posicionamentos positivos coma negativos. Cabe destacar que un 58 % dos *tweets* relativos á acollida da campaña do #PrimAcoso tiveron unha acollida negativa por parte dos homes, mentres que un 42 % dos *tweets* eran positivos, e claramente a favor da campaña.

3.3.2.1. Acollida negativa

De forma maioritaria os *tweets* dos homes que tiveron un posicionamento negativo sobre a campaña do #PrimAcoso. Organizamos esta acollida negativa en torno a seis categorías de cuarto nivel (ver Figura 41): i. Menosprezan a campaña; ii. Atacan o movemento feminista e as feministas; iii. Insultan as mulleres; iv. As mulleres tamén son agresoras; v. En contra das accións positivas cara ás mulleres; e, vi. Homes indefensos.




Figura 41. Categoría de terceiro nivel relativa á acollida negativa da campaña por parte dos homes e categorías de cuarto nivel.

i. Menosprezan a campaña

Un dos posicionamentos dos *tweets* de homes en contra da Campaña do #PrimAcoso diríxese a menosprezar a finalidade da campaña, argumentando que existen outros problemas peores na sociedade que o acoso sexual que sofren as mulleres. Tamén

sinalan que esta campaña está instrumentalizada politicamente ao abeiro dos intereses dunha ideoloxía.

Outra iluminada!. Se se dedicarán a mirar polos galegos de verdade, e se deixasen de parvadas, mellor iría (H, 2:56).

Claro que hai e houbo nenos que sufriron abusos. Cal é ou problema por que participem na campaña? (H, 2:68).

Deberían preocuparse máis de se os nenos de toda España teñen que comer (H, 2:83).

O que non me gusta é que fagan demagogia con isto, que é algo serio que eu atribúo a facer política (H, 2:102).

ii. Atacan o movemento feminista e as feministas

Tamén son moitos os tweets de homes que dirixen a súa atención a atacar as mulleres feministas e o movemento feminista denominado como “ditadura feminista”. Con relación ao ataque ás mulleres feministas, atopamos que tentan infravolarar as súas reivindicacións, burlándose delas e as etiquetan con insultos como “hembristas”, “feminazis”, “tocapelotas”, “débiles”, ou outras expresións despectivas, xa que consideran que lles queren arrebatara o poder e o seu posicionamento na sociedade.

Perdoa, feminista, tocapelotas (H, 2:47).

As mulleres fortes pelexan polo seu futuro, as débiles... fanse feministas (H, 2:304).

Non existe o machismo. Iso son invencións das asociacións feminazis en complot co goberno para desviar fondos (H, 2:309).

Feminazi non é ...é simplemente “hembrista”, que é o outro extremo do machismo (H, 2:3029).

Non hai moito feminazismo xa? Queren poder (H, 2:296).

Hai algunha muller deste foro que loite contra o hembrismo á parte de contra o machismo? (H, 2:297).

PrimAcoso é un hashtag que a ditadura feminista inventou para defender o acoso sexual só ás nenas, non aos nenos, increíble

DictaduraFeminista (H, 2:639).

Oxalá # PrimAcoso fose para defender a nenas e nenos de abusos, os pederastas non adoitan facer esa separación de xéneros que fan as femis (H, 2:640).

(...) foi machista tamén ou “hembrista”? Ou feminista? (H, 2:726-727)

...non somos todos iguais e todos podemos facer o mesmo? Pois dicir que un home ten máis forza física que unha muller non parece moi coherente...boh, pero así é a doutrina de xenero: unha incoherencia en si mesma. (H, 2:330).

Só vedes o que vos interesa, ... moitas de vós conformádesvos queixándovos e insultando, ... que se pode esperar de xente que só sabe criticar e gritarlle ao "machismo" por redes sociais... Non cambiaredes nada se seguides pensando que o voso mal é o home e o seu " patriarcado opresor" (H, 2:324).

iii. Insultan as mulleres

Atopamos numerosos tweets nos que varios homes insultan e ridiculizan directamente a todas as mulleres. Menosprezando as historias de violencia que narraban. Tamén consideraban que moitas das violencias que sufrían non eran violencias e que, ademais, o merecían porque elas mesmas se exhiben e buscan que as traten mal, xa que son unhas “largartas” e queren ser apalpadadas.

Que saiban tocarlle o cu e as tetas a esta cousa [...] gustaríame tocarlles a estas o cu, máis que nada, para ilustrarme [...] Facerme un favor: irvos a cagar á vía (H, 2:52-54).

Pero que di...? Se facían cola para apalpala sería porque era o que era.. Na miña época sabían con quen tiñan que ir...e chamábanlles “calientap....” (H, 2:58). Esta lagarta ten a lingua moi longa... (H, 2:92).

Sempre houbo raposos e ZORR... (H, 2:93).

Boa es ti para que te asalte un machiño calquera. O problema é que non

todas as nachas son tan rexas coma ti... (H, 2:241).

Os homes son manda, e ti que es “piara”??? (H, 2:302).

Comédevos o cona mutuamente e deixade ao resto en paz.. Pesadelos! (H, 2:320).

Unha cousa é que se ensine e outra que se adquira, unha cousa non quere dicir a outra, un menor é intocable. É o máximo que xa podía escoitar, que acusen a nenos de machismo, con esas idades (H, 2:85).

Tendes moi ben aprendido o papel de VÍTIMA, e calquera cousa que diga un home, e non vos guste, é machismo (H, 2:95).

Algunha que non confunda acoso con “flirteo” (H, 2:104).

De trato desigual en malos tratos e baixa de traballo omítelo „véseche quee dominas a realidade. Se agora vai resultar quee en temas de “divorzios” e “violenzia” de xénero “benefizian” o home ... Ainsss... (H, 2:324).

É penoso, defendedes unha ideoloxía de merda, e nin vola sabedes. Lembra as túas palabras cando grites "as mulleres podemos facer calquera traballo mellor ca calquera home". (H, 2:332).

Aproveita o momento para meterte a lingua de hipócrita no cu (H, 2: 335).

Cabe destacar un dos tweets compartido na campaña por un home que amosa un razoamento machista no que fai apoloxía da violencia cara ás mulleres e tenta culpabilizar as vítimas dos abusos.

Non che ensinou a túa nai a resistirte? A gritar e pedir axuda? Lembra isto...dá igual como te sintas, se accedes e non te resistes...ninguén te obrigou, só o teu medo a...nada (H, 2:533).

iv. As mulleres tamén son agresoras

Outro dos argumentos ao que aludían numerosos homes a través dos tweets e nos comentarios de Facebook, facían referencia a que as mulleres tamén eran agresoras. Nalgúns casos narraron historias que viviron e sentíronse discriminados ou acosados por

unha muller.

A min con 12 anos collíanme as miñas curmás e facíanme de todo! ningúen sabe o que sufrín!! (H, 2:296).

A miña curmá aos meus 10 anos, ela 13, un verán non me paraba de bicar. Son home, tamén foi acoso? [...] (H, 2:726)

As mulleres non insultan. Non soltan gabanzas. Non miran os homes, nin se insinúan. Non pegan, ... Non matan. Non vexan os homes. Non enganan as súas parellas. Vamos... a Virxe María á beira vosa é satánica(H, 2:298)

Mal esta o abuso veña de onde veña..... NON SEMPRE É MACHISTA... (H, 2:87).

Tamén as nenas acosan os nenos!!!! (H, 2:90).

Levan morto moitos homes a mans das súas mulleres, pero todo é tapado (H, 2:484).

Creo que a gran maioría de homes adultos podería engrosar as estatísticas, pero a presión para calar é igual ou maior que entre as mulleres... (H, 2:163).

Dos homes asasinados non falamos? Os fillos vexados polas súas nais? O que é triste é que “hembristas” se disfracen de feministas, arrastrándoas a estas co seu odio ...se gozabades do apoio dos masculinistas/feministas, agora o estades empezando a perder ... (H, 2:318).

O problema é que cando un home explica de que modo se sentiu inferior e discriminado , vós saltades deseguido con "non o compares con asasinatos machistas, morte e destrución" como un disco riscado, tentando desacreditar os demais (H, 2:475).

O meu primeiro acoso sufrino cando ao entrar nunha discoteca a min me fixeron pagar e ás miñas amigas non, tan só polo feito de ser home. Foi algo moi duro e case caio nunha depresión (H, 2:317).

Un coñecido #suicidar por culpa dunha ex que ata que non acabou

morto non deixou de acosalo (H, 2:476).

v. En contra das accións positivas cara ás mulleres

Nos argumentos desfavorables cara á Campaña do #PrimAcoso sitúanse os posicionamentos en contra das medidas de acción positiva cara ás mulleres especialmente as do ámbito laboral. Con relación a estas accións que están destinadas a establecer a igualdade de oportunidades para contrarrestar ou ben correxir aquelas discriminacións do xénero na esfera pública da sociedade, son numerosos os *tweets* de homes nos que aluden que se as mulleres queren igualdade, debe ser en todos os sentidos, especialmente cando se opta a un posto de traballo. Están en contra destas estratexias que a lei formula como elo para que as mulleres accedan a postos de traballo “tradicionalmente masculino”, e consideran que estas medidas os discriminan.

As mozas é polo que logo (din) que teñen un soldo máis baixo ca nós, será para compensar estes descontos cos que brutalmente son acosadas cada día (H, 2:474).

O meu amigo Paco, polo feito de ser home, ao tentar acceder a un posto público que requiría superar unhas probas físicas obrigárono a superar unhas probas moito máis esixentes e duras ca ás mozas. El tamén se sentiu moi acosado e moi pouco valorado e necesitou de axuda profesional para superar o trauma (H, 2:475).

Por suposto que somos distintos, iso é algo que salta á vista, pero se estamos a optar a un posto que require de certas condicións físicas, paréceme lóxico que estas sexan esixidas para todos por igual (H, 2:323).

No meu posto de traballo, mediante unha oferta pública de emprego na que había que facer unha oposición... En caso de empate, prevalecía e optaba ao posto, por diante, o xénero feminino, e non sei onde veredes a igualdade nisto, porque eu non alcanzo a vela (H, 2:481).

vi. Homes indefensos

Son diversos os *tweets* e comentarios de Facebook de homes que expresaban sentirse indefensos e desprotexidos polo propio sistema xudicial e pola sociedade en xeral. Afirmaban que simplemente polo feito de ser homes os culpabilizaban, e que as mulleres se valen da lei para vingarse e obter o máximo proveito económico, así como quedarse coa custodia dos/as fillos/as, do domicilio familiar etc. Tamén expresan que a sociedade tende a ocultar a violencia que sofren os homes por parte das súas parellas ou ex-parellas afectivas. Todos estes feitos fan que estes homes se consideren as verdadeiras vítimas.

E agora fora tonterias... algunha vez levaches unha hostia dunha muller que tiveras que ir ao hospital e no mesmo hospital a médica che diga... algo farías?! (H, 2:477).

Sufriches malos tratos por parte dá tua parella e intentaches denunciála e ela, ao enterarse da denuncia, denuncioute a ti?, tamén, e pasaches a noite no cárcere mentres ela se ría?? (H, 2:478).

Tiveches que marchar da tua propia casa na que quedaba ela polo feito de ser muller?? (H, 2:303).

Intentaches divorciarte e resulta que o mesmo avogado te aconsella que non te pases nas túas esixencias porque podería ela tomar a tixola polo mango e arruinarte?, calade e deixade de tocarme os ovos! (H, 2:479).

Sabedes cantas mulleres perseguen os seus ex por vinganza, despeito ou celos e que teñen unha orde de afastamento? (H, 2:311).

A Constitución e a parte esa de "todos somos iguais ante a lei" impórtavos unha merda, promovendo a custodia preferente para a muller e defendendo a LIVG que é sexista e discriminatoria (H, 2:313).

A min pasoume ao revés, polo mero feito de ser home, metéronme nun calabozo sen probas nin nada, que pasa agora?? (H, 2:300).

Eu sufrin acoso pero como son un home teño que calar e foderme. Esta é a merda de igualdade que se imparte na sociedade (H, 2:486).

Homes acosados ou maltratados non contamos para esta sociedade misandrica e "hembrista" (H, 2:310).

Non existe o machismo. Iso son invencions das asociacions feminazis en complot co goberno para desviar fondos a devanditas asociacions para lucrarse...e carai se non se lucran!! (H, 2:479).

As partidas orzamentarias para a violencia de xénero triplicáronse. Se é a culpa do machismo que nos esterotipa...por que agora o feminismo nega a existencia da violencia “hembrista”??? (H, 2:483).

As denuncias falsas de malos tratos con datos irrisorios sobre un 0,0001... cando está máis que comprobado que supera esa cifra con fartura e o feminismo fala de "casos illados" (H, 2:480).

O feminismo néganos e proclámase única vitima posible de violencia (H, 2:310).

Maldita sexa! Despois de toda esta merda, todos os homes somos acosadores! Unha sociedade que sospeita está enferma (H, 2:307)

3.3.2.2. Acollida positiva

Os tweets de homes que tiveron un posicionamento favorable cara á campaña do #PrimAcoso representan un 42 %. Organizamos esta acollida postivia en tres categorías de cuarto nivel (ver Figura 42): i. Boa acollida; ii. Concienciados coa problemática; iii. Identifícanse como posibles agresores; e iv. Solucións ante as violencias.




Figura 42. Categoría de terceiro nivel relativa á acollida positiva da campaña por parte dos homes e categorías de cuarto nivel.

i. Boa acollida da campaña

Podemos salientar que un número reducido de homes a través dos *tweets* mostra a seu apoio á campaña do #PrimAcoso.

Parabéns pola campaña #PrimAcoso. Movendo os marcos, revelando e rebelando. Aos homes tócanos observar e aprender (H, 1:973).

Horribles as testemuñas de #PrimAcoso, grande iniciativa para concienciarnos de que non é unha bobada o acoso e que hai que acabar con iso (H, 1:979).

Parabéns pola campaña #PrimAcoso. (H, 1:997).

Poucas veces me sentín así de orgulloso dunha iniciativa social tan preto do cuarto onde durmo (H, 1:978).

ii. Concienciados coa problemática

Algúns homes amosan nos seus *tweets* que están concienciados coa problemática das múltiples violencias que sofren as mulleres ao longo da súa vida, demostrando actitudes positivas e tamén mostrando empatía cara ás mulleres vítimas. Ademais, consideran que un primeiro paso importante é visibilizar estas violencias. Incluso ata chegan a desculpase pola violencia que cometen outros homes.

Como son home, nunca me pasaron estas cousas #PrimAcoso (“Non hai loitas de segunda, só opresións que non sofres”) (H, 1:415).

É importante visibilizar a violencia (H, 1:999)

Novas formas de denunciar a #violenciacontraamuller #25N (H, 1:932)

Estremece ler algúns dos relatos que escriben algunhas das mulleres con quen comparto este muro, aínda que me resulten alleos, como home e como ser humano, un só pode dicir: Perdón. Perdón. Perdón (H, 2:263).

Eu son home e nunca me sentín acosado pola rúa. Nunca tentaron violarme, nunca me berraron cousas obscenas nin tampouco na discoteca me sentín agobiado, nin nunca teño que avisar os meus amigos que de volta pola noite a casa cheguei ben,... Dito o cal, debo ser un becho raro (H, 2:306).

Isto é un tema moi duro e vivimos nun ambiente de atraso con respecto a outros países cos que nos pretendemos comparar (H, 2:314).

O acoso machista ten moitas caras, non é só sexual, pero moitas cousas en común: comeza na infancia, continúa toda a vida, pode darse en calquera situación e sempre se fai dende unha posición de superioridade. (H, 2:500).

Testemuñas descarnadas e reais dunha situación que se viviu e se segue a vivir como cotiá: a do acoso sexual. Todos somos un pouco esas mulleres, ... para non morrer de vergoña e poder seguir tirando para adiante (H, 2:350).

Veño de ver estes días, moi asombrado, como algunhas rapazas están a publicar baixo o hastag #PrimAcoso (M, 1:539).

E ao contar o primeiro decátome do cedo que comeza o acoso ás nenas. Estarrecedor (H, 1:632).

Fico horrorizado ao ler as historias do #PrimAcoso. Agora entendo o medo constate de vivir muller. Máis mulleres bravas contra os machirulos (H, 1:716).

Os testemuños do #PrimAcoso están a facerme sentir mal, eu que era insensible (H, 1:742).

Cinco mil mulleres que pensaron e non calaron, que lembraron un intre o que sentiron o que era a palabra acoso nas súas vidas, aínda que pola súa idade non fosen conscientes daquel feito,... Ninguén debería ter que vivir en alerta (H, 1:893).

A un, como home, cando les eses comentarios, á parte da repugnancia, tamén lle dan gañas de baixar a cabeza, de preguntarse como somos capaces de chegar a esas situacións con quen tanto achega á nosa vida, tanto de xeito individual coma colectivamente (H, 1:891).

iii. Identifícanse como posibles agresores

Cabe destacar catro *tweets* de homes que, reflexionando sobre as vivencias das múltiples violencias que relataron moitas mulleres, chegaron a cuestionarse se eles algunha vez cometeran algúns dos comportamentos discriminatorios cara ás mulleres, percatándose de que eles tamén foran agresores.

Dame moito que pensar, cando foi a primeira vez que acosaches a unha muller? (H, 1:321).

Leo as valentes achegas de #PrimAcoso e penso: cando foi a primeira vez que acosamos, que acosei, mesmo sen sabelo. Queda esta parte, amigos (H, 1:220).

Os homes non somos acosados, acosamos... Que teña que aclarar esto #MandaCarallo (H, 1:311).

Posiblemente e sen quero lo molestara e incomodara a algunha muller algunha vez. Importante tomar conciencia (H, 1:624).

Agora falta que escribamos nós de cando deixamos de acosar (H, 1:736).

iv. Solucións ante as violencias das mulleres

Son poucos os *tweets* de homes que a reflexión da lectura dos *tweets* das mulleres vítimas, os levaron a formular situacións para resolver estas múltiples violencias . Entre as solucións que argumentaron estaban a de implantar medidas de acción positiva cara ás mulleres, especialmente no ámbito laboral. Outra das propostas era educar os homes nun modelo coeducativo que visibilice e represente as persoas por igual, tanto no ámbito público coma no ámbito privado-doméstico.

Por iso é necesaria a discriminación positiva e que haxa mulleres en todas e cada unha das facetas da vida. Por iso calquera institución, consello de administración, partido político ou órgano de decisión de calquera cousa no que as mulleres estean infrarepresentadas son machistas, no sentido de que forman parte da súa estrutura. Cómpre telo claro (H, 2:346).

Non o sei, pero sospeito que rompendo a posición de superioridade

masculina caerá o resto. (H, 2:499).

Se os meus colegas de xénero fosen educados de maneira correcta, as mulleres non terían que pasar por iso. Lembrade de que maneira tratades o tema cos vosos fillos varóns. Non pretendo faltar a ninguén...só é a miña opinión (H, 2:258).

IV. CONCLUSIONES

No estudo que aquí se presenta faise unha análise cualitativa dos discursos xerados no marco da campaña #PrimAcoso impulsada pola Concellería de Benestar do Concello de Pontevedra. A campaña, desenvolvida co obxectivo de que as mulleres compartisen, a modo de denuncia, o seu primeiro recordo de ter sido vítimas de acoso e violencia sexual, iniciouse en novembro de 2016 e prolongouse durante tres semanas, xerando case 3.000 publicacións en Twitter e Facebook.

O *hashtag* facía referencia ás palabras “primer acoso” ou “primeiro acoso” para atraer, así, participantes de dentro e fóra da Comunidade Autónoma de Galicia. A participación de mulleres de todas as idades puxo de manifesto, nas sucintas mensaxes limitadas a 140 caracteres, como a violencia machista atravesaba toda a vida das mulleres, dende a infancia, abranguendo dende o ámbito familiar ata o ámbito laboral, pasando polas rúas, as escolas e a totalidade dos eidos sociais; dende microviolencias ata violencias máis explícitas, que as mulleres teñen que encarar dende a infancia e que, frecuentemente, son normalizadas como un elemento máis do día a día.

Para a realización do presente traballo analizáronse o total dos 2887 *tweets* xerados no marco desta campaña. Para iso, levouse a cabo unha análise cualitativa a través da técnica de análise de contido naturalista. A triangulación da análise por parte das investigadoras deu lugar a tres categorías primarias, nas que á súa vez se identificaron subcategorías de segundo, terceiro e ata quinto nivel de concreción. As categorías primarias foron as seguintes: i) As múltiples violencias cara ás nenas; ii) as múltiples violencias cara ás mulleres; e iii) a collida da campaña #PrimAcoso.

A continuación, facemos unha síntese das principais conclusións derivadas de cada categoría.

4.1. As múltiples violencias cara ás nenas

Atendendo ás múltiples violencias cara ás nenas, compróbase que o 76 % dos *tweets* analizados fai referencia á violencia sexual experimentada na infancia, ou o que é o mesmo, que a maior porcentaxe das respostas á campaña pon de manifesto que o primeiro recordo de acoso e violencia sexual vivida se remonta aos primeiros anos de vida das nenas. Este dato está a facer visible o feito de que unha alarmante porcentaxe de nenas está a ser vítima de violencia sexual dende a máis tenra infancia, sufrindo as

terribles consecuencias do machismo e sen ser aínda conscientes do que esta realidade implica, o que contribúe a normalizar a cultura da violencia.

Dentro desta categoría identifícanse tres *tipos de violencias* que teñen que encarar as nenas e as rapazas: i) Abusos e agresións sexuais; ii) *bullying* sexual; e iii) violencia nas relacións de parella en adolescentes.

Polo que respecta ao primeiro tipo, ***abusos e agresións sexuais***, esta categoría representa o 65 % do total de situacións de violencia sexual denunciadas tanto na infancia coma na xuventude/adultez, e preto do 86 % das situacións de violencia sexual experimentas na infancia.

Tal e como se sinalou anteriormente, o abuso sexual a menores, seguindo a Rind, Tromovith e Bauserman (1998), prodúcese cando se dá unha interacción sexual, que pode implicar ou non contacto físico, entre un/unha menor e unha persoa cunha idade significativamente maior. A diferenza da agresión sexual a menores, no abuso sexual non hai violencia nin intimidación.

Nos discursos analizados identificamos abusos e agresións sexuais a menores sen contacto físico e con contacto físico, sendo estes últimos os máis abundantes. En canto ás situacións *sen contacto físico*, compróbase que as mulleres participantes viviron na infancia situacións de ameazas, comentarios de carácter sexual, miradas embarazosas ou mesmo situacións de exhibicionismo. Sendo os comentarios de carácter sexual referidos ao seu corpo ou aparencia física os que máis abundan nos relatos de abuso sexual sen contacto físico. Por outra parte, entre os abusos e agresións sexuais a menores *con contacto físico* relatados polas mulleres sobre a súa infancia e adolescencia, destacan os tocamientos non desexados, o tipo de condutas de abuso sexual máis frecuentes que sofren as/os menores, tal e como se comproba nos estudos sobre o abuso sexual a nivel nacional (Fernández, Lameiras e Failde, 2008; Pereda et al., 2007) e internacional (Oaksford e Frude, 2001). Concretamente, os *tweets* denuncian palmadas ou rozamentos en diferentes partes do corpo, principalmente nos peitos e nas nádegas, pero tamén na entreperna, así coma noutras partes do corpo, tales coma as pernas, o cabelo ou o lombo. Ou mesmo situacións nas que o agresor lles pedía que lle tocasen, con algunha escusa, os seus xenitais (por exemplo: pedíndolle que collese algo do seu pantalón). Tamén relatan situacións de forcexos e intentos de agresión nas que foron agarradas ou empurradas para ser forzadas a manter relacións sexuais.

Con relación ás características da vítima, todas elas, sen excepción, eran mulleres, porque así o explicitan ou porque pode sobreentenderse do seu discurso. Con idades comprendidas entre os 4 e os 18 anos. Delas, aproximadamente un 90 % era menor de 16 anos, o que, de ser descuberto, tería implicado para os agresores penas de prisión de entre dous e seis anos, tal e como indica o actual Código Penal. Así mesmo, a idade comprendida entre os 8 e os 12 anos, ao redor do inicio da puberdade, é a que aglutina á maior cantidade de vítimas de abuso e agresión sexual, nas liñas dos traballos que teñen analizado o perfil da vítimas (Pereda, 2006).

Estas situacións producíronse, segundo os discursos das vítimas, tanto en espazos privados coma públicos. Os espazos privados son o escenario da maioría dos episodios de abuso e agresión sexual a menores sufridos polas relatoras na súa infancia (representando a dous terzos das testemuñas) o que pon de manifesto que a maioría dos abusos a menores se producen no ámbito familiar e por persoas achegadas, tal e como destacan os estudos sobre esta lacra social (Pereda, 2006; Pereda, Polo, Grau, Navales e Martínez, 2007).

Este feito está a chamar de forma alarmante a atención da terrible situación que viven as mulleres dende que teñen uso de razón, pois nos espazos nos que deberían ser queridas e protexidas, a salvo de calquera ameaza e dano, son aqueles onde a vulnerabilidade ao abuso e a agresión sexual son maiores. Xunto aos espazos privados, os espazos públicos son tamén lugares onde as menores sofren abusos e agresións sexuais. Destacan lugares tales como a rúa, os medios de transporte, as escolas, as igrexas, os espazos de ocio, os campamentos, ou os lugares próximos á vivenda da vítima, incluíndo o portal ou as escaleiras.

En canto á duración dos abusos/agresións sexuais este dato foi omitido na maioría dos *tweets* analizados. Aquelas mensaxes que facían referencia á duración destas situacións destacan o seu carácter non puntual, prolongándose entre os 2 e os 5 anos, o que incrementa, sen dúbida, a gravidade dos feitos e das secuelas posteriores.

Polo que respecta á revelación dos abusos ou agresións sexuais, a maioría das mulleres non sinala este aspecto, mentres que as que si o fan afirman que non o puxeron en coñecemento de ninguén, sendo o seu relato nesta campaña a primeira revelación dos abusos e agresións sufridas. As relatoras destacan non ter sido quen de contalo no seu momento por vergoña, sentimento de culpa ou medo á vitimización secundaria. Non obstante, a pesar de non contalo, algunhas das participantes sinalan ser conscientes de

que algún membro da familia si o sabía, mais non fixo nada. Finalmente, a minoría que si o contou obtivo respostas diferentes que van dende a indiferenza ata a denuncia ou a condena do agresor.

Outra subcategoría identificada nos relatos das mulleres que recordan o seu primeiro abuso na infancia/adolescencia fai referencia ás características do agresor/a. Neste sentido, a maioría dos *tweets* refírese a agresores coñecidos, destacando familiares, entre os que se incluían pais, avós, tíos ou persoas achegadas á familia, así como membros da comunidade educativa, fundamentalmente profesores, membros eclesiásticos e veciños. Outros relatos fan referencia a agresores descoñecidos aos que se refíren como “tipos”, “fulanos” ou “noxentos”. En todos os casos, ben porque así se explicita ou porque se sobreentende do contexto, o xénero utilizado do agresor é un home ou un grupo de homes.

En canto á resposta emocional das vítimas, como era de esperar, todos os *tweets*, excepto un, fan referencia a emocións negativas que van da incompreensión ante o sucedido ata o noxo, pasando por estados emocionais tales como a dor, a culpa, a vergoña o medo, a impotencia e a rabia. De feito, os traballos poñen de manifesto que a probabilidade de que as nenas vítimas de abusos sexuais desenvolvan unha sintomatoloxía clínica na idade adulta é do 75 % (Rind et al., 1998).

Por último, moitos dos relatos analizados nos que se identificou abuso e agresión sexual cara ás nenas fan referencia á reacción aos abusos/agresións por parte das propias vítimas, pero tamén dos agresores e dos espectadores/as. Polo que respecta ás vítimas, destacan reaccións tanto pasivas, de bloqueo ante o sucedido ou de evitación dos lugares onde sucederon os abusos/agresións; como activas, incluíndo saír fuxindo ou ofrecer resistencia física e verbal. Unha das vítimas fai tamén referencia a unha reacción inicial de indiferenza que co tempo se tornou en loita e activismo feminista. No caso dos agresores, as reaccións relatadas fan referencia a fuxir do lugar onde se produciron os feitos, así como a total indiferenza, restándolle importancia ao sucedido, ou a insistencia e mesmo a ameaza á vítima. Pola parte dos espectadores/as, desafortunadamente todos os *tweets* analizados, excepto un, sinalan que as persoas que presenciaron as situacións de abuso ou agresión non fixeron nada, normalizando o sucedido ou mesmo considerando que non era máis ca unha broma. Neste sentido, os traballos sobre violencia sexual, destacan a importancia das reaccións coa contorna e do apoio social posterior, que se son negativas terán consecuencias moi prexudiciais nas vítimas ao

seren estas secundariamente vitimizadas por aquelas persoas que teñen a obriga ética e legal de protexelas (Feldman, Ullman e Dunkel-Schetter , 1998), especialmente cando esta reacción provén de persoas vinculadas afectivamente coa nena (Ullman, 1999).

En canto ás sancións aos agresores, aínda que poucos *tweets* fan referencia a esta cuestión, a maioría destaca a súa impunidade, mentres que nun deles se sinala que o agresor, un docente, foi despedido; e noutro se relata que o agresor terminou no cárcere, aínda que volveu pronto a casa e continuou convivindo coa vítima.

Por outra banda, dentro das múltiples violencias cara ás nenas, emerxe o ***bullying sexual***, esta tipoloxía de violencia, que fai referencia aos abusos e agresións de tipo sexual que se producen entre iguais nos centros educativos, así como nos espazos de ocio, representa o 10 % do total de situacións denunciadas neste estudo, e arredor do 13 % das experiencias de violencia sexual recordadas na infancia.

Nos relatos analizados emerxen *diferentes tipos* de *bullying* sexual que fan referencia a situacións de maltrato con contacto físico e sen contacto físico. Sendo as situacións de abuso entre iguais máis abundantes as que implican contacto físico, entre as que destacan os tocamientos non desexados ou comportamentos inadecuados como levantar a saia ou baixar os pantalóns, nos que, nun significativo número de casos, participaban “mandas” de rapaces que rodeaban e intimidaban a vítima. Así mesmo, estas situacións que forman parte do día a día nas escolas aínda hoxe veñen acompañadas doutros tipos de abusos, que, sen implicar contacto físico, contribúen á intimidación e á creación dun clima hostil para as nenas e as rapazas. Entre este tipo de abusos sen contacto físico destacan, especialmente, comentarios de burla e ofensa sobre o corpo das rapazas.

Así mesmo, as participantes sinalan tamén nos seus *tweets* que o *bullying* sexual se dirixía tamén a certos nenos, concretamente a aqueles que non reproducen a masculinidade hexemónica. Deste xeito, o *bullying* sexual que sofren as nenas, así como os nenos que transgreden a matriz heteronormativa, están a evidenciar unha realidade recentemente constatada no estudo do *bullying*, que é que a violencia entre iguais que ten lugar nos espazos educativos e de ocio é unha forma máis de performar masculinidades hexemónicas como unha forma de ascender na xerarquía do grupo, a través de someter e subordinar as nenas polo feito de selo, así como os nenos que se separan dos trazos e roles propios das masculinidades máis duras (Carrera, Lameiras e Rodríguez, 2018; Carrera et al., 2013a; Carrera et al., 2013b; Ringrose e Renold, 2010).

Estas achegas con relación ao *bullying* destacan como este fenómeno, cada día máis estendido nos espazos escolares (Ladd et al., 2017; United Nations, 2016) non pode ser analizado, comprendido nin abordado eficazmente se non é dende unha perspectiva socioecolóxica e de xénero, é dicir, atendendo a variables de tipo macrosocial como son as normas e expectativas sociais heteronormativas (Carrera, DePalma e Lameiras, 2011).

Así mesmo, os *tweets* recollen que estas situacións tiveron lugar especialmente na escola, tanto na clase coma no recreo, pero tamén á entrada/saída das clases, como por exemplo no transporte escolar; así como tamén noutros contextos académicos e de ocio, como eran os campamentos ou as actividades extraescolares. E foron perpetradas, sen excepción, por nenos/rapaces coñecidos pola vítima, compañeiros ou veciños. Cunha idade similar á da vítima e, en casos excepcionais, de maior idade.

As *respostas emocionais* das vítimas implicaron en todos os casos sentimentos negativos de dor, medo e rabia, que conectaron con reaccións de pasividade sen ser quen de ofrecer resistencia ao acosador, pero tamén de agresividade, incluíndo a agresión física e verbal cara a este. Pola súa parte, os acosadores reaccionan minimizando o sucedido ou incluso agreden fisicamente as vítimas cando elas se negan a acceder aos seus desexos; mentres que as reaccións dos espectadores/as, ao igual que sucede cos abusos e agresións sexuais a menores, van dende a total pasividade, ignorando e normalizando o sucedido, ata a vitimización secundaria das vítimas. De novo, como sucede co resto de violencias sexuais, xunto coa vitimización primaria, a vitimización secundaria das vítimas de *bullying* ten consecuencias terribles para as vítimas, incluíndo a ideación suicida, o intento de suicidio e mesmo o suicidio (McDermott, 2015).

Xunto cos abusos/agresións sexuais e o *bullying* de tipo sexual que sofren as nenas, aparece tamén outro tipo de violencia sexual cara ás menores: **a violencia nas relacións de parella de adolescentes**, tamén coñecida como *dating violence*, que representa o 1 % das violencias cara ás nenas e as mulleres relatadas nos *tweets* e arredor do 2 % da violencia que sofren as menores. A este tipo violencia fai referencia o *tweet* dunha das mulleres, no que relata como de forma continuada sufriu violencia psicolóxica por parte do seu mozo, que lle afectou ata o punto de sentir medo cada vez que volve a atopalo e que incluso a imposibilitou para manter relacións sexuais con outras persoas.

4.2. As múltiples violencias cara ás mulleres

Por outra parte, a segunda categoría primaria, as múltiples violencias cara ás mulleres, representa o 24 % do total de situacións denunciadas a través dos *tweets*. Probablemente, estas mulleres sufriron tamén situacións de acoso e violencia sexual na infancia que foron normalizadas e/ou esquecidas, emerxendo con máis facilidade na súa memoria as situacións de acoso e violencia sexual máis recentes. Dentro destas situacións identifícanse catro tipos de violencias que colonizan a vida das mulleres: i) Acoso sexual; ii) acoso por razón de sexo; iii) agresión sexual; e iv) violencia nas relacións de parella.

Polos que respecta ao primeiro tipo, **acoso sexual**, esta categoría representa o 21.2 % do total de situacións de violencia sexual denunciadas tanto na infancia coma na xuventude/adulthood, así como o 88.7 % das situacións de violencia sexual experimentadas polas mulleres.

O acoso sexual implica calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo (Lei Orgánica 3/2007). En canto á tipoloxía do acoso sexual detectado nos *tweets* atopamos dous tipos de acoso: sen contacto físico e con contacto físico. O acoso sexual con contacto físico é o máis identificado nos relatos. Así, as mulleres que relatan o seu primeiro acoso, sinalan fundamentalmente tocamientos non desexados, especialmente no peito e nas nádegas; seguido de acoso sexual sen contacto físico, especialmente comentarios sexuais sobre os seus atributos físicos, afagos, exhibicionismo por parte do acosador, miradas incómodas e mesmo persecución e insistencia para manter relacións sexuais.

En canto á vítima, as mulleres que sinalaron ter sufrido estas situacións de acoso sexual tiñan entre 18 e 20 anos. Así mesmo, o acoso produciuse fundamentalmente en espazos públicos, especialmente en rúas e lugares de ocio, pero tamén en centros educativos coma a universidade; e, en menor medida, en espazos privados, coma os propios fogares ou o ámbito laboral. E tiveron lugar maioritariamente regresando a casa pola noite, aínda que tamén, nalgúns casos, a calquera outra hora do día.

Só unha muller fai referencia á revelación do acoso, comentando que nun grupo de cinco mulleres reunidas ata catro delas poderían compartir situacións vividas de

acoso, o que pon de manifesto non só como as mulleres son confidentes doutras mulleres, senón tamén a xeneralización destas situacións.

Con relación ao perfil do acosador, a maioría dos acosadores son homes descoñecidos e con menos frecuencia homes coñecidos polas vítimas, do seu ámbito familiar, de amizades, laboral ou académico.

As respostas emocionais das vítimas son, en todos os casos, negativas, destacando sentimentos de medo, culpa e vergoña, pero tamén de impotencia, noxo, traizón, enfado e rabia. Finalmente, en canto ás reaccións dos diferentes protagonistas, as vítimas responden na súa maioría con resistencia física e verbal, mentres que unha minoría queda paralizada e sen saber como reaccionar. Polo que respecta aos agresores, eles subestiman o sucedido, fan burla da vítima, insisten ou mesmo saen fuxindo. En canto aos espectadores/as, novamente, na liña do que sucede nas múltiples violencias cara ás nenas, predominan as respostas de pasividade e normalización absoluta dos feitos, e incluso de apoio explícito ao agresor. Esta vitimización secundaria que sofren tamén as mulleres contribúe non só á maior gravidade do impacto da violencia nas vítimas, senón que tamén ten un forte impacto na denuncia de feitos (Greenberg e Beach, 2001), contribuíndo a que a muller cale por medo, vergoña e sentimento de culpa, e polo tanto, á impunidade dos acosadores e ao incremento das situacións de violencia sexual

Os *tweets* analizados poñen tamén de manifesto que, xunto ao acoso sexual, as mulleres tiveron tamén que soportar situacións de **acoso por razón de sexo**, que fan referencia a aqueles comportamentos dirixidos cara a unha persoa en función do seu sexo, fundamentalmente mulleres, pero tamén homes que non conforman a norma de xénero ou persoas pertencentes a colectivos sexuais minoritarios, co obxectivo ou efecto de socavar a súa dignidade e de crear un clima intimidatorio, degradante ou ofensivo (Lei Orgánica 3/2007). Este tipo de violencia representa o 1.6 % do total das situacións de acoso e violencia vividas polas nenas e as mulleres, e arredor do 6.3 % das experiencias de violencia sexual denunciadas polas mulleres na xuventude/adulthood. Maniféstase en diferentes modalidades, incluíndo maioritariamente situacións de acoso verbal a través de comentarios sexistas benevolentes e hostís, que obxectivizan as mulleres e resaltan calidades tradicionalmente asociadas á feminidade, tales como a beleza, ou que castigan a transgresión dos estereotipos femininos, con insultos como “puta” o “mal fodida”. Así mesmo, algúns *tweets* fan referencia a situacións de acoso

por razón de sexo de tipo non verbal nos que se xera unha contorna hostil e sexista que penaliza e discrimina as mulleres polo feito de selo. Estas situacións tiveron lugar, segundo se relata nos *tweets*, no espazo público, concretamente no ámbito laboral e académico, pero tamén nas rúas; e foron cometidas por homes coñecidos, aínda que non moi achegados á vítima.

As *agresións sexuais* son denunciadas no 1 % do total dos *tweets* analizados, ascendendo ao 4.2 % nas primeiras experiencias de acoso e violencia sexual que as mulleres identifican na etapa da xuventude/adultez, cun total de dúas mulleres que relatan dous intentos de violación que, afortunadamente, se frustraron porque puideron escapar, e que foron perpetrados, nun dos casos, por un descoñecido, e, no outro, por un “suposto” amigo da vítima que a acompañaba a casa para “protexela”. Neste último caso, a vítima revelou a situación vivida como unha forma de poder superala.

Nos casos de agresión sexual, ao igual ca no resto dos casos de violencia sexual que denuncian as mulleres, se a situación non é abordada e a muller non recibe o apoio social necesario, estas emocións poden dar lugar á síndrome de estrés postraumática, experimentada ata polo 25 % das vítimas de violencia sexual (Echeburúa, De Corral e Amor, 1997), así como a estados emocionais de insomnio, ansiedade, perda de confianza nunha mesma e na rede de apoio social (Beneyto, 2002; Koss, Bailey, Yuan, Herrera e Lichter, 2003), que poden desembocar en depresión e outros problemas de saúde (Echeburúa et al., 1997).

Por último, un dos *tweets* fai referencia a unha situación de **violencia nas relacións de parella** (que representa o 0.2 % do total das situacións de violencia e o 0.8 % das violencias sexuais sufridas polas mulleres). A muller relata como sufriu violencia nas relacións de parella por parte da súa parella, así como violencia doméstica por parte da familia desta, que se prolongou durante varios anos de matrimonio ata que ela e a súa fixa tiveron que marchar e abandonar a vivenda familiar. Neste sentido, os traballos sobre a violencia sexual no ámbito de parella chaman a atención de que as consecuencias para as vítimas son máis graves que cando a violencia sexual se produce noutro contexto distinto do ámbito afectivo (Jonson, 2008), xa que moitas veces as propias vítimas non se recoñecen como tal, pois consideran que sempre deben estar dispoñibles ás demandas e desexos das súas parellas (Medina-Ariza e Barbere, 2003).

4.3. Acollida da campaña #PrimAcoso

Xunto ás múltiples violencias denunciadas nos *tweets* que marcan a vida das mulleres dende ben cativas, identificáronse, tamén, comentarios positivos e negativos con relación á acollida da campaña.

Polo que respecta ás *mulleres*, o 94 % dos relatos que se posicionaron con relación á campaña fan unha valoración moi positiva da mesma, apoiando esta iniciativa e loubando a creación dun espazo na rede para poder facer visible e denunciar a situación do primeiro acoso que as mulleres lembraban, dándolle, así, voz ás vítimas da violencia sexual e, polo tanto, funcionando tamén como unha poderosa ferramenta terapéutica e de empoderamento. Así mesmo, as vítimas valoran de forma positiva o impacto do campaña, pois consideran que, grazas a ela, foi posible que, tanto elas mesmas coma o resto da sociedade, poidese tomar conciencia da cotidianidade e normalización da violencia sexual na vida das nenas e das mulleres. Da mesma forma, a campaña xerou unha serie de respostas de indignación e “*tolerancia 0*” contra os episodios de violencia relatados, entre os que destacaron a denuncia do machismo imperante na sociedade, a necesidade da colaboración e apoio mutuo entre as mulleres —a sororidade—, así como a aposta firme por unha educación igualitaria e non sexista.

Só un 6 % dos *tweets* das mulleres que facían unha valoración da campaña se posicionaba en contra da mesma, incluíndo críticas cara á campaña por enfocarse só nas mulleres e esquecer outras persoas que tamén sofren violencia sexual; argumentos que relativizan e minimizan a violencia sexual sufrida polas nenas e mulleres; mensaxes de compaixón e chamada de atención aos homes, que están en risco de perder os seus privilexios ante o espolio das perigosas “hembristas”; e tamén insultos ás mulleres que loitamos por facer visible, previr e erradicar á violencia sexual.

En contraste coa boa acollida da campaña por parte das mulleres, os *homes* son máis críticos coa mesma, cun 58 % de comentarios negativos fronte a un 42 % de comentarios que se posicionan a favor da mesma.

Entre os relatos que fan visible unha valoración negativa da campaña inclúense numerosos comentarios sexistas que menosprezan a campaña, sinalando que hai problemas moito máis graves que resolver e criticando un cariz ideolóxico concreto; así como ataques ao feminismo, que é tildado de “ditadura”, e ás feministas, que son referidas como “feminazis” ou “tocapelotas”; insultos sexistas cara ás mulleres, que ao

mesmo tempo son dobremente vitimizadas por buscar e merecer o acoso que sofren; acusacións cara ás mulleres, que na súa opinión tamén son agresoras; posicionamentos contrarios ás medidas de acción positiva, especialmente no ámbito laboral; e denuncia da vulnerabilidade que sofren os homes ante esta “ditadura feminista” que os vilipendia e lles usurpa os seus fillos e dereitos legais.

Polo contrario, entre os comentarios de valoración positiva da campaña, destacan *tweets* que apoian esta iniciativa por axudar a visibilizar esta lacra social e permitirles ás mulleres denunciála, xunto con outros comentarios nos que os homes expresan explicitamente o seu compromiso coa problemática. De especial relevancia son algúns relatos nos que os homes reflexionan sobre o primeiro acoso e os seguintes acosos que puideron perpetrar incluso sen ser conscientes diso, recoñecendo que a socialización de xénero masculina está a empuxar os nenos e os homes ao exercicio da violencia, incluíndo a violencia sexual. Por último, outros comentarios a favor da campaña por parte dos homes fan referencia a algunhas solucións para frear esta gran lacra social, entre as que destacan as medidas de acción positiva, así como unha educación máis igualitaria e libre de estereotipos de xénero que permita a construción de masculinidades non hexemónicas, comprometidas coa igualdade, a ética do coidado e o ben común.

En calquera caso podemos observar, ao igual que sucede coas actitudes sexistas, que os homes mostran un rexeitamento significativamente maior cara á campaña que as mulleres, o que pode deberse ao feito de ser eles os que teñen actitudes sexistas máis elevadas, especialmente de tipo hostil, derivadas da socialización diferencial de xénero que no caso dos nenos se basea na instrumentalidade, afastada da ética do coidado, e se constrúe sobre dous piares: o sexismo e a homofobia (Lameiras et al., 2013). Pero tamén debe ser entendida como unha reacción agresiva do patriarcado (Cobo, 2011) que, nas últimas tres décadas, se ten globalizado ante a tímida, pero imparable rotura dos seus privilexios.

4.4. Cuestións para a reflexión

Lembrades o primeiro? O que vén antes do resto da vida!

Escollemos este *tweet* para pechar as conclusións do traballo porque nel se expresa, como tal vez en ningún outro, o carácter xeneralizado e normalizado da

violencia sexual na vida das mulleres. É máis, podemos afirmar que a violencia sexual é a vida mesma das nenas e das mulleres. Probablemente houbo moitos máis “acosos” antes do primeiro recordado; sen dúbida, moitos viñeron despois e, desgraciadamente, se non se fai nada para remedialo, o acoso e a violencia sexual seguirán formando parte das nosas vidas ata o final.

Nesta liña, a análise dos datos revela que son múltiples as violencias sexuais que sofren as nenas e as mulleres, sendo a infancia o período onde máis mulleres recordan o seu primeiro acoso (cun 76 % dos *tweets*), especialmente a través de abusos e agresións sexuais a menores. O acoso sexual, o acoso por razón de sexo e a violencia no ámbito das relacións de parella, tanto en adolescentes coma en mulleres adultas, nesta orde, son outras das variadas violencias a través das que as mulleres participantes narran a súa primeira experiencia de violencia sexual.

Outra cuestión destacable é que a maior parte dos abusos sexuais a menores, xunto coa violencia nas relacións de parella, se produce no espazo privado e familiar da vítima, no que, especialmente as menores deberían ser queridas e protexidas. O que pon de manifesto outra cuestión non menos importante, que é que esta violencia é perpetrada por homes achegados ás nenas, maioritariamente do círculo familiar nuclear e extenso; e ás mulleres, como son as súas parellas afectivas.

Xunto aos espazos privados, os espazos públicos son trampas de violencia para as nenas e as mulleres. Así, o acoso sexual prodúcese nas escolas e nos espazos de ocio, mentres que o acoso sexual, o acoso por razón de sexo e a agresión sexual son experimentados maioritariamente, segundo os relatos das mulleres, na rúa, nos locais de saídas de nocturnas e no ámbito laboral, sen que pareza existir nin un só espazo seguro para as mulleres.

Derivado do anterior, as consecuencias para as vítimas son devastadoras e, en practicamente todos os casos, implican emocións negativas, nas que predomina o medo, a vergoña, a culpa e a impotencia, que poden derivar, tal e como sinalan os estudos que anteriormente referenciamos, en graves consecuencias a curto, medio e longo prazo para a saúde mental das vítimas.

Por último, as reaccións da contorna, ben sexa do grupo máis próximo, da comunidade ou, en xeral, da sociedade, están ancoradas, con moi poucas excepcións, en respostas que van dende a indiferenza total ata o apoio explícito aos agresores,

contribuíndo aínda máis á dor das mulleres, así como á normalización da cultura da violencia sexual, a súa “cronificación” e á impunidade dos agresores.

En definitiva, os datos tirados do estudo fan visible a normalización da violencia sexual, que só pode ser entendida no marco dunha sociedade patriarcal e heteronormativa que, a pesar de chamarse a si mesma democrática, continúa traballando para manter o *status quo*, sendo o proceso de socialización, a través da escola, da familia e do total dos axentes educativos, a principal ferramenta de reprodución desta orde social de dominación das mulleres e das identidades sexuais disidentes. Só así, coñecendo as raíces da violencia sexual, será posible dar unha resposta preventiva e reactiva integrada.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abilleira, M. P., & Rodicio-García, M. L. (2017). Análisis del autoconcepto en las víctimas de violencia de género entre adolescentes. *Suma psicológica*, 24 (2), 107-114.
- Acevedo, D., Biaggil, Y., & Borges, G. (2009). Violencia de género en el trabajo: Acoso sexual y Hostigamiento laboral. *Revista Venezolana de Estudios de la Mujer*, 14(32), 163-182.
- Aleman, C. (1998). *Sexual Harrassment at Work in Five Southern European Countries*. Commission of the European Communities.
- Almeida, A., & Carrera, M. V. (2014). O caráter impar do bullying na relação de pares: Conceptualização e modelos de intervenção sistémica. En M. Matos (Ed.), *Vítimas de crime e violencia. Práticas de intervenção* (pp. 45-56). Braga: Psiquilibros Edições.
- Anderson, K. M., & Danis, F. S. (2007). Collegiate sororities and dating violence: An exploratory study of informal and formal helping strategies. *Violence against Women*, 13(1), 87-100. doi: 10.1177/1077801206294808.
- Arriaga, X. B., & Foshee, V. A. (2004). Adolescent Dating Violence: Do Adolescents Follow Their Friends' or Their Parents' Footsteps?. *Journal of Interpersonal Violence*, 19, 162-84. doi:10.1177/0886260503260247
- Attwood, F. (2009). *Mainstreaming Sex: The Sexualization of Western Culture*. London: I.B. Tauris.
- Barbour, R. (2013). *Los grupos de discusión en investigación cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata.
- Bardin, L. (1986). *Análisis de contenido*. Madrid: Akal.
- Benalcázar, M. L. (2012). *Piropos callejeros: disputa y negociaciones*. (Tesis inédita de Maestría). Facultad Latinoamericana De ciencias Sociales, Sede Ecuador.
- Beneyto, M. J. (2002). Violencia sexual: entre lo que siente la víctima y lo que piensa el agresor. En Redondo, S. (Eds.), *Delincuencia sexual y sociedad* (pp. 53-86). Barcelona: Ariel.
- Berg, B. L. (1989). *Qualitative Research Methods for the Social Sciences. Qualitative research methods for the social sciences* (vol. 5). Boston, MA: Pearson.
- Bosch, E., Ferrer, V. A., Navarro, C., Ferreira, V., Ramis, M. C., Escarrer, C., & Blahopoulo, I. (2012). *El acoso sexual en el ámbito universitario: Elementos*

- para mejorar la implementación de medidas de prevención, detección e intervención. Madrid: Ministerio de Sanidad Servicios Sociales e Igualdad.
- Butler, J. (1990). *Gender trouble: feminism and the subversion of identity*. London and New York: Routledge.
- Butler, J. (1993). *Bodies that matter: On the discursive limits of "sex"*. New York: Routledge.
- Calado, M. O., & Lamieras, M. F. (2014). *Alteraciones de la imagen corporal, la alimentación y el peso: ¿son los medios de comunicación tan influyentes?* Valencia: Tirant Humanidades.
- Calogero, R. M. (2013). On objects and actions; Situating self-objectification in a system justification context. En S. Gervais (Ed.), *Nebraska motivation symposium: Perspectives on motivation*, (pp. 97-126). Lincoln, NE: University of Nebraska Press.
- Campbell, J. C., Glass, N., Sharps, P. W., Laughon, K., & Bloom, T. (2007). Intimate Partner Homicide: Review and Implications of Research and Policy. *Trauma, Violence and Abuse*, 8(3), 246-269. doi: 10.1177/152483800730350
- Cantalapiedra, M., & Panizo, E. (2002). Evolución reciente y perspectivas de fecundidad en España. *Revista Pediátrica de Atención Primaria*, 4(13), 31-56.
- Cantón-Cortés, D. (2013). Características y consecuencias del abuso sexual infantil. En J. Cantón, M. R. Cortés, M. D. Justicia, & D. Cantón-Cortés (Eds.), *Violencia doméstica, divorcio y adaptación psicológica* (pp.143-157). Madrid: Pirámide.
- Carrera, M. V. (2010). Maltrato entre iguales en Educación Secundaria Obligatoria: Prácticas de género y control heteronormativo. *Tesis doctoral no publicada*. Universidad de Vigo, Facultad de Ciencias de la Educación de Ourense.
- Carrera, M. V., DePalma, R., & Lameiras, M. (2011). Toward a more comprehensive understanding of bullying in school settings. *Educational Psychology Review*, 23(4), 479-499.
- Carrera, M. V., Lameiras, M., Rodríguez, Y., & Vallejo, P. (2013a). Bullying among Spanish Secondary Education Students: The role of gender traits, sexism and homophobia. *Journal of Interpersonal Violence*, 28(14), 2915-2940.
- Carrera, M. V., Lameiras, M., Rodríguez, Y., Failde, J. M., & Calado, M. (2013b). Bullying in Spanish secondary schools: Gender-based differences. *The Spanish Journal of Psychology*, 16(21), 1-14.

- Carrera-Fernández, M. V., Lameiras, M., & Rodríguez, Y. (2018). Performing intelligible genders through violence: bullying as gender practice and heteronormative control. *Gender and Education*, 30(3), 341-359.
- Carvajal, S. (2014). *El piropo callejero: acción política y ciudadana*. Programa Internacional de Maestría de Estudios de la Cultura. Mención en comunicación. Universidad Andina Simón Bolívar. Sede Ecuador.
- Cobo, R. (2011). *Hacia una nueva política sexual: las mujeres ante la reacción patriarcal*. Madrid: Catarata.
- Concello de Pontevedra (2018). *Plan de igualdad de oportunidades entre mulleres e homes Concello de Pontevedra 2015-2017*. Recuperado de <http://sede.pontevedra.gal/public/publications/list/planninginfo/PTR-PLAN-PIG/details/12965275>
- Consello de Europa (2011). *Convenio del Consejo de Europa sobre la prevención y lucha contra la violencia contra la mujer y la violencia doméstica. Convenio de Estambul*. Recuperado de <https://rm.coe.int/1680464e73>
- Cyr, K., Chamberland, C., Clément, M. E., Lessard, G., Wemmers, J-A., Collin-Vézina, D., & Damant, D. (2013). Polyvictimization and victimization of children and youth: Results from a populational survey. *Child Abuse & Neglect*, 37(10), 814-820. doi:10.1016/j.chiabu.2013.03.009
- De Europa, C. (2011). *Convenio de Estambul sobre prevención y lucha contra la violencia contra las mujeres y la violencia doméstica*. Recuperado de <https://rm.coe.int/1680462543>
- Díaz, J. A., & Ruiz, M. A. (2005). *Abuso sexual infantil en España. Aproximación cualitativa y cuantitativa. Protocolos de notificación*. Madrid: Instituto Madrileño de Menor y la Familia y Consejería de Familia y Asuntos Sociales.
- Díaz-Aguado, M.J. (2006). *Del acoso escolar a la cooperación en las aulas*. Madrid: Pearson Educación.
- Eagly, A. (1995). The science and politics of comparing women and men. *American Psychologist*, 50(3), 145-158.
- Echeburúa, E., De Corral, P., & Amor, P.J. (1997). Características psicopatológicas de los ofensores sexuales. En M. Lameiras & A. López (Eds.), *Sexualidad y Salud. La transmisión sexual del VIH y las agresiones sexuales* (pp. 165-180). Santiago: Tórculo Edicións.

- European Agency for Safety and Health at Work (2010). *Workplace violence and harassment: a European picture*. Luxembourg: Publications Office of the European Union.
- Fallon, E. A., Harris, B. S., & Johnson, P. (2014). Prevalence of body dissatisfaction among a United States adults sample. *Eating Behaviours*, 15(1), 151-158.
- Feldman, P. J., Ullman, J. B., & Dunkel-Schetter, C. (1998). Women's reactions to rape victims: motivational processes associated with blame and social support. *Journal of Applied Social Psychology*, 28(6), 469-503.
- Fernández, R., Lameiras, M., & Failde, J.M. (2008). Estrés postraumático y nivel de bienestar vital en víctimas no recientes de abusos sexuales infantiles. *Sexología integral*, 5(2), 62-69.
- Fernández-Fuertes, A. A., & Fuertes, A. (2005). Violencia sexual en las relaciones de parellade los jóvenes. *Sexología Integral*, 2, 126-132.
- Ferrara, P., Caporale, O., Cutrona, C., Sbordone, A., Amato, M., Spina, G., Ianniello, F., Fabrizio, G. C., Guadagno, C., Basile, M. C., Miconi, F., Perrone, G., Riccardi, R., Verrotti, A., Pettoello-Mantovani, M., Villani, A., Corsello, G., & Scambia, G. (2015). Femicide and Murdered Women's Children: Which Future for These Children Orphans of a Living Parent? *Italian Journal of Pediatrics*, 41(6), 1-3.
- Ferrer, P. V. A., & Bosch, F. E. (2011). El acoso sexual. En M. Lameiras & I. Iglesias (Eds.), *Violencia de género: la violencia sexual a debate* (pp. 127-158). Valencia: Tirant lo Blanc.
- Ferrer, V. A., & Bosch, E. (2006). El papel del movimiento feminista en la consideración social de la violencia contra las mujeres: el caso de España. *Revista Labrys*, 10, 1-20.
- Finkelhor, D. (1994). The international epidemiology of child abuse. *Child Abuse Neglect*, 17, 67-70.
- Finkelhor, D., Shattuck, A., Turner, H. A., & Hamby, S. L. (2014). The lifetime prevalence of child sexual abuse and sexual assault assessed in late adolescence. *Journal of Adolescent Health*, 55(3), 329-333. doi: 10.1016/j.jadohealth.2013.12.026
- Finkelhor, D., Turner, H. A., Shattuck, A., & Hamby, S. L. (2015). Prevalence of childhood exposure to violence, crime, and abuse. Results from the National

- Survey of Children's Exposure to Violence. *JAMA Pediatrics*, 169(8), 746-754. doi:10.1001/jamapediatrics.2015.0676.
- Flick, U. (2014). *La gestión de la calidad en la investigación cualitativa*. Madrid. Morata.
- Fredrickson, B. L., & Roberts, T. A. (1997). Objectification theory: Toward understanding women's lived experiences and mental health risks. *Psychology of Women Quarterly*, 21(2), 173-206.
- Gilligan, C. (1985). *La teoría y la moral. Psicología del desarrollo femenino*. México: Fondo de Cultura Económico.
- Gini, G., & Pozzoli, T. (2006). The role of masculinity in children's bullying. *Sex Roles*, 54, 585-588. doi:10.1007/s11199-006-9015-1
- Glick, P., & Fiske, S. (2001). An Ambivalent Alliance. Hostile and Benevolent Sexism as Complementary Justification for Gender Inequality. *American Psychologist*, 56, 2, 109-118.
- Glick, P., & Fiske, S. T. (1996). The Ambivalent Sexism Inventory: Differentiating hostile and benevolent sexism. *Journal of Personality and Social Psychology*, 70(3), 491-512.
- Glick, P., Diebold, J., Bailey-Werner, B., & Zhu, L. (1997). The two faces of Adam: Ambivalent sexism and polarized attitudes toward women. *Personality and Social Psychology Bulletin*, 23, 1323-1334. doi:10.1177/01461672972312009
- Glick, P., Fiske, S. T., Mladinic, A., Saiz, J. L., Abrams, D., Masser, B., López, W. L. (2000). Beyond Prejudice as Simple Antipathy: Hostile and Benevolent Sexism Across Cultures. *Journal of Personality and Social Psychology*, 79, 763-775.
- Adetoun, B., Osagie, J. Akande, E., Amos, A., Barbara, A., Willemsen, T. M., Chipeta, K. D., Dardenne, B., Dijksterhuis, Wigboldus, D., Eckes, T., Six-Materna, I., Expósito, F., Moya, M., Foddy, M., Kim, H. J., Lameiras, M., Sotelo, M. J., Mucchi-Faina, A., Romani, M., Sakalli, N., Udegbe, B., Yamamoto, M., Ui, M., Ferreira, M. C., & López, W. L. (2000). Beyond prejudice as simple antipathy: Hostile and benevolent sexism across cultures. *Journal of Personality and Social Psychology*, 79(5), 763-775. doi: 10.1037/0022-3514.79.5.763
- González, R., & Santana, J. D. (2001). *Violencia en parejas jóvenes. Análisis y prevención*. Madrid: Pirámide.

- Greenberg, M. S., & Beach, S. R. (2001). The role of social influence in crime victim's decision to notify the police. En R. Roesch, R. R. Corrado, & R. Dempster (Eds.), *Psychology in the courts. Internacional Advances in Knowledge* (pp. 305-316). Londres: Rotledge.
- Hakin, C. (2011). Capital Erótico. *European Sociological Review*, 26(5), 499-518.
- Hayes, R. M., & Dragiewicz, M. (2018). Unsolicited dick pics: Erotica, exhibitionism or entitlement? *Women's Studies International Forum*. doi: 10.1016/j.wsif.2018.07.001
- Hernández-Sampieri, S. R., Fernández, C., & Baptista, P. (2003). *Metodología de la Investigación* (3 ed). Perú: Mc Graw Hill.
- Herrera, A., Herrera, M. C., & Expósito, F. (2016). ¿Es lo bello siempre tan bueno? Influencia del atractivo físico en la percepción social del acoso sexual. *Revista de Psicología Social*, 31(2), 238-253.
- Herrera, A., Pina, A., Herrera, M. C., & Expósito, F. (2014). ¿Mito o realidad? Influencia de la ideología en la percepción social del acoso sexual. *Anuario de Psicología Jurídica*, 24(1), 1-7.
- Holt, M. K., & Espelage, D. M. (2005). Social Support as a Moderator between Dating Violence Victimization and Depression/Anxiety among African American and Caucasian Adolescents. *School Psychology Review*, 34,309-329.
- Howard, D. E., Wang, M. Q., & Yan, Y. (2007). Prevalence and Psychosocial Correlates of Forced Sexual Intercourse among U.S. High School Adolescents. *Journal of Adolescence*, 42(168), 629-643.
- Instituto de la Mujer (2018). *Delitos contra la libertad sexual*. Recuperado de <https://goo.gl/b9UgXA>
- Instituto de la Mujer (2018). *Educación*. Recuperado de <https://goo.gl/GgsNh4>
- Instituto de la Mujer (2018). *Empleo y prestaciones sociales*. Recuperado de <https://goo.gl/SZek9H>
- Izcara-Palacios, S. P. (2014). *Manual de investigación cualitativa*. México: Fontamara.
- Jackman, M. R. (1994). *The velvet glove: Paternalism and conflict in gender, class, and race relations*. Berkeley: University of California Press.
- Játiva, R., & Cerezo, M. A. (2014). The mediating role of self-compassion in the relationship between victimization and psychological maladjustment in a sample

- of adolescents. *Child Abuse & Neglect*, 38(7), 1180-1190. doi: 10.1016/j.chiabu.2014.04.005.
- Johnson, M. (1995). Patriarchal terrorism and common couple violence: two forms of violence against women. *Journal of Marriage and Family*, 57(2), 283-294.
- Johnson, M. P. (2008). *A typology of domestic violence: Intimate terrorism, violent resistance, and situational couple violence*. Boston: Northeastern University Press.
- Kelly, E. (1988). *Surviving sexual violence*. Minneapolis, MN: University of Minnesota Press.
- Kim, J., & Lee, J. 2013. Prospective study on the reciprocal relationship between intimate partner violence and depression among women in Korea. *Social Science & Medicine*, 99, 42-48.
- Kinsey, A. C., Pomeroy, W. B., Martin C. E., & Gebhard, P. H. (1953). *Sexual behavior in human female*. Philadelphia: Saunders Comp.
- Koss, M. P., Bailey, J. A., Yuan, N. P., Herrera, V. M., & Lichter, E. L. (2003). Depression and PTSD in survivors of male violence: Research and training initiatives to facilitate recovery. *Psychology of Women Quarterly*, 27(2), 130-142.
- Ladd, G. W., Ettekal, I., & Kochenderfer-Ladd, B. (2017). Peer victimization trajectories from kindergarten through high school: Differential pathways for children's school engagement and achievement?. *Journal of Educational Psychology*, 109(6), 826-841.
- Lagarde, M. (2005). *Para mis socias de la vida*. Madrid: Horas y Horas.
- Lameiras F, M., & Orts B, E. (2014). Delitos sexuales contra menores. Abordaje psicológico, jurídico y social. *Valencia: Tirant lo Blanch*.
- Lameiras, M., Carrera, M. V., & Rodríguez, Y. (2013). *Sexualidad y salud. El estudio de la sexualidad humana desde una perspectiva de género*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- Lameiras, M., Fernández, M. V. C., & Castro, Y. R. (2015). Hipersexualización mediática da feminidade: as novas trampas do patriarcado neoliberal. *Revista Internacional de Comunicación y Desarrollo (RICD)*, 1(2), 111-119.
- Lameiras, M., Rodríguez, Y., Carrera, M. V., Alonso, P., & Martínez, R. (en prensa). *Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo* Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

- Lameiras-Fernández, M., Fiske, S. T., Fernández, A. G., & Lopez, J. F. (2018). Objectifying Women's Bodies is Acceptable from an Intimate Perpetrator, at Least for Female Sexists. *Sex Roles*, 79(3-4), 190-205.
- Laqueur, T. W. (1994). *La construcción del sexo . Sexo y género desde los griegos hasta Freud*. Madrid: Cátedra.
- Lee, T., Fiske, S., & Glick, P. (2010). Ambivalent sexism in close relationships: (hostile) power and (benevolent) romance shape relationship ideals. *Sex Roles*, 62, 583-601.
- Leen, E., Sorbring, E., Mawer, M., Holdsworth, E., Helsing, B., & Bowen, E. (2013). Prevalence, dynamic risk factors and the efficacy of primary interventions for adolescent dating violence: An international review. *Aggression and Violent Behavior*, 18, 159-174.
- Lei 2/2004, do 16 de xullo para a igualdade da muller e do home. (D.O.G.A. nº149, de 3 de agosto de 2004).
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. (B.O.E., nº313, de 29 de diciembre de 2004).
- Lei Orgánica 11/1999, de 30 de abril, de modificación del Título VIII del Libro II del Código Penal, aprobado por Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre. (B.O.E., nº. 104, de 1 de mayo de 1999).
- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres. (B.O.E., nº 71, de 23 de marzo de 2007).
- Lei Orgánica 5/2010, de 22 de junio, del Código Penal. (B.O.E., nº 152, de 23 de junio de 2010).
- MacKinnon, C. A. (1979). *Sexual harassment of working women: A case of sex discrimination*. Yale University Press.
- Mager, J., & Helgeson, J. (2011). Fifty years advertising images. Some changing perspectives on role portrayals along with enduring consistencies. *Sex Roles*, 64, 328-252.
- McDermott, E. (2015). Asking for help online: Lesbian, gay, bisexual and Trans youth, self-harm and articulating the 'failed' self. *Health*, 19(6), 561-577.
- Medina-Ariza, J., & Barberet, R. (2003) *Violence against Women Intimate Partner Violence in Spain: Findings From a National Survey*. *Violence Against Women*, 9; 302.

- Muñoz-Rivas, M. J., Graña Gómez, J. L., O'Leary, K. D., & González Lozano, P. (2007). Physical and psychological aggression in dating relationships in Spanish university students. *Psicothema*, 19(1), 102-107.
- Núñez, E. (2003). La transexualidad en el sistema de géneros contemporáneo: del problema de género a la solución de mercado. En R. Osborne, & O. Guash. *Sociología de la sexualidad*, 224-235. Madrid: Centro de investigaciones sociológicas.
- Oaksford, K. L., & Frude, N. (2001). The prevalence and nature of child sexual abuse: Evidence from a female university sample in the UK. *Child Abuse Review*, 10, 49-59.
- Orbach, S. (1978). *Fat is a feminist issue: The anti-diet guide to permanent weight loss*. New York: Paddington Press.
- Ortega, R., Ortega, F. J., & Sánchez, V. (2008). Violencia sexual entre compañeros y violencia en parejas adolescentes. *International Journal of Psychology and Psychological Therapy*, 8, 63-72.
- Pereda, N. (2006). Malestar psicológico en estudiantes universitarios víctimas de abuso sexual infantil y otros estresores. *Tesis doctoral no publicada*. Universidad Autónoma de Barcelona, Barcelona.
- Pereda, N., Abad, J., & Guilera, G. (2015a). Victimization and polyvictimization of Spanish youth involved in juvenile justice. *Journal of Interpersonal Violence*, 32(21), 3272-3300. doi: 10.1177/0886260515597440.
- Pereda, N., Abad, J., y Guilera, G. (2015b). Victimization and polyvictimization among Spanish adolescent outpatients. *Journal of Aggression, Maltreatment, & Trauma*.
- Pereda, N., Guilera, G., & Abad, J. (2014). Victimization and polyvictimization of Spanish children and youth: Results from a community sample. *Child Abuse & Neglect*, 38(4), 640-649. doi: 10.1016/j.chiabu.2014.01.019.
- Pereda, N., Polo, P., Grau, N., Navales, N., & Martínez, M. (2007). Víctimas de abuso sexual en la infancia. Estudio descriptivo. *Revista d'estudis de la violencia*, 1, 420.
- Pernas, B., Román, M., Olza, J., & Naredo, M. (2000). *La dignidad quebrada. Las raíces del acoso sexual en el trabajo*. Madrid: Los Libros de la Catarata.

- Peterson, Z. D., & Muehlenhard, C. L. (2011). A match-and-motivation model of how women label their nonconsensual sexual experiences. *Psychology of Women Quarterly*, 35(4), 558-570.
- Phillips, L. M. (2000). *Flirting with danger: Young women's reflections of sexuality and domination*. New York: New York University Press.
- Picard, P. (2007). *Tech Abuse in Teen Relationships Study*. Liz Claiborne Inc.. Recuperado de http://www.loveisnotabuse.com/pdf/06-208_Tech_Relationship_Abuse_TPL.pdf.
- Radford, L., Corral, S., Bradley, C., & Fisher, H. L. (2013). The prevalence and impact of child maltreatment and other types of victimization in the UK: Findings from a population survey of caregivers, children and young people and young adults. *Child Abuse & Neglect*, 37, 801-813. doi: 10.1016/j.chiabu.2013.02.004.
- Richards, T., & Richards, L. (1994). Using computers in qualitative research. En N. Denzin, & Y. Lincoln, (Eds.), *Handbook of Qualitative Research* (pp. 445-462). Londres: Sage.
- Riemer, A., Chaudoir, S., & Earnshaw, V. (2014). What looks likes sexism and why? The effect of comment type and perpetrator type on women's perceptions of sexism. *The Journal of General Psychology*, 141(3), 263-269.
- Rind, B., Tromovitch, P., & Bauserman, R. (1998). A meta-analytic examination of asumed proprerties of child sexual abuse using college samples, *Psychological Bulletin*, 124(1), 22-53.
- Ringrose, J., & Renold, E. (2010). Normative Cruelties and Gender Deviants: The Performative Effects of Bully Discourses for Girls and Boys in School. *British Educational Research Journal*, 36(4), 573-596.
- Rohde, P., Ichicawa, L., Simon, G.E., Ludman, E.J., Linde, J.A., Jeffery, R.W., & Operskalki, B. H. (2008). Associations of child sexual and physical abuse with obesity and depression in middle-aged women. *Child Sexual & Neglect*, 32, 878-887.
- Rubenstein, M. (1988). *The dignity of woman at work: A report on the problem of sexual harassment in the members states of the European Communities*. Parts I-II. Luxembourg: Office for Official Publications of the European Communities.
- Ruiz-Olabuenága, J. I. R. (2012). *Metodología de la investigación cualitativa* (vol. 15). Universidad de Deusto.

- San-Martín, D. (2014). Teoría fundamentada y Atlas. ti: recursos metodológicos para la investigación educativa. *Revista electrónica de investigación educativa*, 16(1), 104-122.
- Sanmartín, J., Iborra, I., García, Y., & Martínez, P. (2010). *II Informe Internacional Violencia contra la Mujer en las Relaciones de Pareja. Estadísticas y legislación*. Valencia: Centro Reina Sofía para el Estudio de la Violencia.
- Seale, C. (1999). Quality in qualitative research. *Qualitative inquiry*, 5(4), 465-478. doi: 10.1177/107780049900500402.
- Segura, A., Pereda, N., Abad., J., & Guilera, G. (2015).Victimization and polyvictimization of Spanish youth involved in the child welfare system. *Children and Youth Services Review*, 32(21), 3272-3300.
- Shorey, R. C., Cohen, J. R., Lu, Y., Fite, P. J., Stuart, G. L., & Temple, J. R. (2017). Age of onset for physical and sexual teen dating violence perpetration: A longitudinal investigation. *Preventive medicine*, 105, 275-279.
- Soler, L., Paretilla, C., Kirchner, T., & Forns, M. (2012). Effects of poly-victimization on self-esteem and posttraumatic stress symptoms in Spanish adolescents. *European Child & Adolescent Psychiatry*, 21(11), 645-653.
- Stöckl, H., Devries, K., Rotstein, A., Abrahams, N., Campbell, J., Watts, C., & Carcia Moreno, C. (2013). The global prevalence of intimate partner homicide: a systematic review. *The Lancet*, 382(9895), 859-865.
- Stoltenborg, M, Van Ijzendoorn, M. H., Euser, E. M., & Bakermans-Kranenburg, M. (2011). A Global Perspectiva on child sexual abuse: Meta-analysis of prevalence around the world. *Child Maltreatment*, 16(2), 79-101.
- Strauss, A. L. & Corbin, J. (2002). *Bases de la investigación cualitativa: técnicas y procedimientos para desarrollar la teoría fundamentada*. Medellín: Universidad de Antioquia.
- Sugarman, D., & Hotaling, G. (1989). Dating violence: Prevalence, context, and riskmarkers. En M. Pirog-Good & J. Stets (Eds.), *Violence and dating relationships*, (pp.3-32). Nueva York, NY: Praeger.
- Swim, J. K., Aikin, K. J., Hall, W. S., & Hunter, B. A. (1995). Sexism and racism: Old-fashioned and modern prejudices. *Journal of personality and social psychology*, 68(2), 199.
- Tajfel, H. (1981). *Human groups and social categories: studies in social psychology*. Cambridge: Cambridge University Press.

- Thompson, L., & Donaghue, N. (2014). The confidence trick: Competing constructions of confidence and self-esteem in young Australian women's discussions of the sexualization of culture. *Women's Studies International Forum*, 47, 23-35. doi: 10.1016/j.wsif.2014.07.007.
- Timmerman, G., & Bajema, C. (1999). Incidence and methodology in sexual harassment research in Northwest Europe. *In Women's Studies International Forum*, 22(6), 673-681.
- Timothy A. R., Auinger, P., & Klein, J. D. (2006). Predictors of Partner Abuse in a Nationally Representative Sample of Adolescents Involved in Heterosexual Dating Relationships. *Violence and Victims*, 21, 81-90. doi: 10.1891/0886-6708.21.1.81.
- Tougas, F., Brown, R., Beaton, A. M., & Joly, S. (1995). Neosexism: Plus ça change, plus c'est pareil. *Personality and Social Psychology Bulletin*, 21(8), 842-849.
- Ullman, S. E. (1999). Social support and recovery from sexual assault: A review. *Aggression and Violent Behavior*, 4(3), 343-358.
- United Nations (2016). *Ending the torment: Tackling bullying from the schoolyard to cyberspace*. New York: UNICEF.
- Viejo, C., Monks, C. P., Sanchez, V., & Ortega-Ruiz, R. (2016). Physical dating violence in Spain and the United Kingdom and the importance of relationship quality. *Journal of interpersonal violence*, 31(8), 1453-1475.
- Vives-Cases, C., Torrubiano-Domínguez, J., & Álvarez-Dardet, C. A. 2009. The effect of television news items on intimate partner violence murders. *European Journal of Public Health*, 19(6), 592-596.
- Vogt, D., Bruce, T., Street, A., & Stafford, J. (2007). Attitudes toward women and tolerance for sexual harassment among reservists. *Violence against Women*, 13(9), 879-900.
- Watson, L. B., Marszalek, J. M., Dispenza, F., & Davids, C. M. (2015). Understanding the Relationships Among White and African American Women's sexual Objectification Experiences, Physical Safety Anxiety, and Psychological Distress. *Sex Roles*, 72, 91-104.
- Weitzman, E. A. (2000). Software and qualitative research. *Handbook of qualitative research*, 2, 803-820.
- Wincentak, K., Connolly, J., & Card, N. (2017). Teen dating violence: A meta-analytic review of prevalence rates. *Psychology of Violence*, 7, 224-241.

- World Health Organisation (WHO). 2013. *Global and regional estimates of violence against women. Prevalence and health effects of intimate partner violence and non-partner sexual violence*. World Health Organization. Recuperado de http://webcache.googleusercontent.com/search?q=cache:6eFlSzStSQ4J:apps.who.int/iris/bitstream/10665/85239/1/9789241564625_eng.pdf+&cd=2&hl=es&ct=clnk&gl=es&client=firefox-b.
- Young, R., & Sweeting, H. (2004). Adolescent bullying, relationships, psychological well-being and gender-atypical behaviour: A gender diagnostic approach. *Sex Roles*, 50, 525-537. doi:10.1023/B:SERS.0000023072.53886.86.